Rblic. diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XVIII • 3 DE AGOSTO • 1995

Nº 685 • 200 PTA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

Os directores xerais seguirán governando, ainda que terán que investir o triple na Galiza

A Xunta perde o pulso coas caixas

A Xunta decidiu "conservar o equilíbrio tradicional" nas caixas de aforro, segundo Fraga Iribarne, e facer un proxecto de lei que só cumpre uns dos tres requisito que se propoñia o conselleiro Xosé António Orza. O governo automómico logra que as caixas invistan na Obra Social do 45 ao 70% dos beneficios non intervidos polo Estado e marcar os critérios. Pero os directores xerais seguirán a governar ao seu xeito e tampouco se impulsa a confluéncia das entidades do Sul. Os xestores das caixas gañaron a partida.

VOZ NOTICIAS

O pulso galego entre a Xunta e as Caixas foi gañado por estas. Na foto Fraga e Xosé Luis Méndez (Caixa Galicia), ante a mirada dos xerarcas da Confederación Estatal de Caixas de Aforro (Fuentes Quintana).

Recollerá o lixo de toda a província

Sogama montará unha empacadora na *Cross* de Pontevedra

A Sociedade Galega de Meio Ambiente (SOGAMA), participada maioritariamente pola Xunta (51%), e na que completa o accionariado a Fenosa, está a iniciar trámites segredos para situar unha empacadora de lixo nos terreos da factoria da Cross en Pontevedra, xunto á Xunqueira de Alba, á beira do ferrocarril e a 900 metros da autoestrada e o vial do Salnés.

(Páx. 12)

Negócio coas donacións de sangue
(Páx. 4)

A Xunta veta a Beiras en Onda Cero
(Páx. 5)

Estévez amaga con dimitir como Alcalde
(Páx. 8)

As esixéncias dos sindicatos á Bonino
(Páx. 11)

A crise do Estado. Entrevista a Francisco Rodríguez
(Páx. 15)

Cada comarca un país
Os de Zurich de Vilar de Condes
(Páx. 15 e 16)

Seguimos a *Mano Negra* na sua xira
(Páx. 23)

GUÍA DE ESPACIOS NATURAIS DE GALICIA

I. González, R. Fernández, R. Salvadores

Descrición de 48 espacios naturais galegos, con fotografías, debuxos e mapas de detalle. Atención especial á súa flora, fauna e vexetación, así como ó seu estado de conservación.

galaxia

Cacharro tíralle axudas aos concellos nos que o PP perdeu a alcaldia

O presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro Pardo cambiou os critérios de adxudicación de subvencións retirándollas aos concellos de Castroverde e Foz unha vez que o partido do que forma parte perderan as maiorias. A acusación de utilización da institución con fins partidistas súmase ás críticas por impedir o traballo da oposición ao cometer ilegalidades tanto na convocatória de plenos e comisións como na negativa de facilitar o aceso á documentación aos deputados do BNG.

(Páx. 7)

O Celta non baixará se demonstra que tiña o aval a 31 de Xullo

Os avais con data do 31 de Xullo, xunto co recurso que Celta e Sevilla apresenten o Xoves 3 de Agosto será determinantes para que o Consello Superior de Deportes tome en consideración as alegacións destes dous clubes e revoque a decisión de descendelos a Segunda División B por non ter apresentada a tempo o aval da directiva para a próxima tempada. Cortés Elvira afirmou que "se é certo que os avais teñen data do 31 de Xullo, non ten que haber problema para que permanezan en Primeira".

(Páx. 13)

Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

Benigno Sánchez: "A UE causa máis prexuizos que axudas nos dá"

Como presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Benigno Sánchez considera que o seu traballo constitue un "espácio estábel para o diálogo social entre empresários e sindicatos no cúmio que até o de agora non se daba". En canto á crise económica na Galiza opiña que "os custes das condicións de adesión á UE son enormes e supoñen deixarnos un país que non pode producir".

(Páx. 9)

Refórzase a sua función social pero non se impulsa a converxéncia nen se nomea a presidentes executivos

O proxecto de Lei de Caixas só cumpre un dos tres propósitos que pretendia a Xunta

ALFONSO EIRÉ

A Xunta pretendia coa nova Lei de Caixas de Aforro reforzar a sua función social fronte á tendéncia a obrar como bancos; incentivar a converxéncia entre as caixas do Sul como xeito equilibrador e nomear uns presidentes executivos para evitar personalismos nos Directores Xerais, hoxe por hoxe auténticos mandamáis sen control político. Só cumpriron o primeiro obxectivo, tendo que claudicar a curto prazo nos outros dous ante a presión das próprias caixas.



Carlos Velasco recibiu unha prórroga para formar unha equipa antes de xubilarse. En 30 anos ainda non o deu conseguido. Na foto coa cúpula de Caixa Pontevedra.

Máis de 10 horas estiveron reunidos os catro presidentes e directores xerais da Caixas de Aforros galegas coa equipa económica do governo Fraga estudando a "última versión" do proxecto de Lei das Caixas antes de que este fose aprobado polo consello da Xunta o 28 de Xullo. Despois desta reunión na que, segundo palabras do próprio Fraga Iribarne, "basicamente quedaron de acordo nun texto lexislativo producto do diálogo e do acordo cos sectores afectados", desapareceron do proxeto os aspectos máis conflitivos. Tanto que algun dos inspiradores do proxecto se mostraba sorprendido despois de escoitar as explicacións dadas logo do Consello de Governo polo próprio Presidente Fraga.

As intencións da lei, segundo asesores do Conselleiro Orza que participaron direitamente na redacción do proxecto, quedaron coutadas nun 75 por cento. A presión dos próprios directivos das caixas levaron a que o Governo autonómico modifícase o proxecto sustancialmente, ainda que hai sectores do PP que están dispostos a modificalo no próprio trámite parlamentar para "recobrar o primitivo espírito", segundo un deputado próximo a Xosé Cuiña.

Foi este o proxecto de lei que o Governo levou con máis sixilo e que máis especulacións e alporizamentos levantou, utilizando mesmo fumaredas de leña verde e presións de todo tipo como a presunta merca do Simeón por Caixa Galícia. Foron moitas as veces que o executivo empeñou a sua palabra de que ia regular o funcionamento das caixas, como tantas deu marcha atrás até que agora, por fin, na época vacacional, decidiu remitilo ao Parlamento para a sua tramitación.

> Fraga recoñeceu que nos últimos anos as caixas investiran moi pouco na obra social.

Segundo asesores do Conselleiro de Economia, a primeira pretensión do proxecto era a de fixar con claridade a función social das caixas de aforro, por considerar que nos últimos tempos esqueceran esta condición de entidades *benéfico-sociais* operando do mesmo xeito que calquer outra entidade bancária. O mesmo Fraga recoñeceu que algunha caixa "descoidou a sua faceta benéfica", ainda que gabou o esforzo que fixeron en sectores como o naval. Hai quen interpreta nestas palabras unha crítica implícita a Caixa Galícia que só investiu na obra social o 12%, e unha loubanza a Caixa Vigo que viviu momentos difíciles apostando polas empresas navais. Desde a Xunta e desde grande parte da sociedade máis concienciada, tamén se viña ollando con crítica preocupación como se estaban a investir fóra grande parte dos nosos aforros, con declaracións de alguns directivos afirmando que se non o facian aqui era porque non habia proxectos viábeis.

Frear a expansión incontrolada

Esta situación quedaria correxida coa nova lei. O proxecto contempla no seu título terceiro que o destino da Obra Social da caixas deberá orientase á defensa dos sectores productivos de Galiza. Estabelece o proxecto que terán que dedicarse a reservas voluntárias a totalidade dos excedentes que non teñan que aplicarse a reservas por imperativo da normativa do Estado (obriga a destinar o 55%, mentres que o 45% restante queda ao libre albedrio dos Consellos de Administración das caixas). Cando se aprobe a nova lexislación, se non sofre modificación neste aspecto, as caixas terán que dedicar unha cuantia, que vai desde o 70% dos beneficios ao 50% como mínimo, dependendo do coeficiente de solvéncia. Na práctica seria triplicar as cifras que na actualidade as caixas dedican á obra social.

Tamén se recorta a diversificación dos destinos que até de agora se viña entendendo como *Obra Social*. Os sectores productivos e os casos de emerxéncia social contituen segundo o proxecto as novas prioridades, a Xunta marcará a liñas xerais dos investimentos seguindo os estudos socio-económicos. Pero é máis, segundo afirma o próprio Fraga, estes critérios iniciais, poderán ser aumentados pola Xunta para equilibrar o déficit acumulados nos últimos anos, nos que as caixas non acadaron unhas cifras minimamente aceitábeis. Con estas medidas a Xunta tamén pretenden porlle pexas ao expansionismo galloupante no que estaban imersas algunhas caixas.

> Os investimentos das Caixas na obra social terán que triplicarse.

Os presidentes executivos

Un dos pontos máis controvertidos e que maiores enfrontamentos produciu foi a existéncia de presidentes executivos ao fronte das Caixas, nomeados polo próprio Governo autonómico. Esta figura, que se mantivo no proxecto até a última reunión, foi, ao fin, modificada. A Xunta contaba con lograr a anuéncia de Xulio Gaioso, Director xeral de Caixa Vigo e próximo a xubilar, do seu colega de Caixa Pontevedra, Carlos Velasco, ao que lle derán unha prórroga para facer equipa, pois xa debia de estar xubilado e do director xeral de Caixa Ourense, Luis Carrera, ao que consideran un bó xestor sen outras apeténcias. O grande problema estaba do director xeneral de Caixa Galícia, Xosé Luis Méndez, prototipo, segundo alguns asesores de Orza de "xestión personalista que é preciso desterrar". O poder de Méndez, a pasividade dos outros tres directores xerais e, sobre todo, a indefinición dos presidentes das Caixas, asistentes tamén a reunión, fixeron que a Xunta desistise en pór as caixas nas mans de presidentes executivos.

Ainda asi, Orza lograria recortar

Xulio Gaioso e Cornejo Molins, director xeral e presidente de Caixa Vigo. Fraga considera que esta entidade fixo un gran esforzo na crise do naval.

Máis de 3.500 millóns en activos

Os bancos e caixas galegas teñen 3.698.249 millóns de pesetas en activos. Caixa Galícia contaba a 31 de Marzo con 1.224.369 millóns de pesetas en activos. Caixa Vigo con 485.546 millóns, Caixa Ourense tiña uns activos de 220.568 millóns e Caixa Pontevedra 182.612 millóns de pesetas. A estes activos das caixas hai que unirlles os 1.099.519 do Banco Pastor, os 219.825 do Banco de Galícia; o Banco Gallego con 155.839 e o Simeón con 109.971 millóns de pesetas en activos.

Os activos duplicáronse nos últimos seis anos. Asi, desde 1988 a 1995 Caixa Galícia medrou nun 119,63%, o Banco Pastor nun 81,33% e Caixa Vigo nun 103,89%. Caixa Ourense nun 71,84%; o Banco Gallego nun 74,71%; Caixa Pontevedra nun 115% e o Banco Simeón nun 51,40%.

Asi, as entidades creditícias galegas sitúanse no *ranking* estatal en posición ventaxosas. Caixa Galícia ocupa o posto 19, o Banco Pastor o 21, Caixa Vigo o 45, Caixa Ourense o 84, o Banco de Galícia o 85, Caixa Pontevedra o 97, Banco Gallego no 103 e Banco Simeón no 126.

Nos primeiros seis meses de 1995 as caixas galegas voltaron a milorar a conta de resultados. Caixa Vigo acadou uns beneficios de 3.305 millóns de pesetas, que supón un incremento do 81,7% a respeto dos seis primeiros meses do ano anterior. Os beneficios de Caixa Galícia foron de 13.434 millóns de pesetas no mesmo periodo, cun incremento do 3%. Caixa Ourense incrementou os resultados brutos ao acadar un incremento do 37,7% e situarse en 1.092 millóns de pesetas. Caixa Pontevedra situa o beneficio neto en 1.230 millóns de pesetas, cun avance do 18,6%.♦

o papel dos actuais directores xenerais ao convertelos na práctica en meros xestores. Non só as caixas teñen a capacidade de criar a figura de presidente executivo, através dunha decisión de cada consello de administración, senón que existen outros aspectos como a impugnación dos acordos dos consellos de administración e a responsabilidade individual e solidária dos integrantes dos consellos de administración.

Fraga xustificou a retirada da figura de presidente executivo afirmando que "podia levar á tentación de que esa figura se fixese máis considerando aspectos de politización que aspectos profisionais e, polo tanto optouse a deixar o equilíbrio tradicional". O control da Xunta virá agora através don conselleiros elexidos para as caixas. Agora os directores xenerais non teñen asegurada a sua supervivéncia, de aí os intentos de alguns de asegurarse unha presidéncia bancária subsidiária que escorrentase ese perigo. O próprio Fraga recoñeceu que poderian mudar as cúpulas "en sintonia coa nova regulación".

> As fusións quedan aprazadas para non rachar o "equlíbrio tradicional".

A unidade das caixas do Sul

O terceiro obxectivo que debia cumprir a nova lei de caixas era o de propriciar a fusión das caixas do Sul (Vigo, Ourense e Pontevedra) nunha soia entidade. A nova lexislación debia de ser un impulso nesta dirección, pero non resolve nada. Caixa Galícia apostou nos últimos anos por unha única caixa na nosa nación. Fronte a este proxecto situáronse tanto os poderes económicos como boa parte dos políticos, incluindo PP e PSOE, por creer que un único polo de poder na Coruña sería prexudicial para o desenvolvimento harmónico de Galiza.

A maioria destes poderes apostaron pola confluéncia das caixas do Sul. O proxecto comezou a camiñar coa colaboración na informatización, pero, de boas a primeiras viuse tronchado, producíndose un parón e aparecendo as primeiras descalificacións á idea de unidade. Sorprendentemente foi Caixa Pontevedra, a entidade en máis difícil situación nestes momentos, a primeira que se posicionou en contra publicamente. Caixa Ourense comezaba, ao mesmo tempo, unha campaña de expansión. Desde sectores empresariais interesados nesta confluéncia, considérase que son as liortas intestinas existentes no PP as que, hoxe por hoxe, impiden a unidade das caixas de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Asi as cousas, o proxecto de lei limítase a recoller a regulàción da Federación Galega de Caixas de Aforros, criando ao mesmo tempo unha oficina de reclamación dos clientes e un novo corpo de inspeción que terá a sua sé na Consellaria de Economia. A Xunta pretende deste xeito non só unificar o funcionamento, senón, sobre todo, ter información da situación real das caixas para poder exercer sobre elas o control e a orientación, sen ter que pasar pola alfándega do Banco de España.



Caixa Ourense millorou a sua xestión, pero ten ciumes de Caixa Vigo ante unha posibel fusión.

Fraga optou, de momento, por manter "o equilíbrio tradicional", non removendo o panorama económico-político máis alá do indispensábel.

Nengun portavoz das catro caixas quixo pronunciarse sobre este proxecto de lei. A totalidade dos secretários xerais atópanse de vacacións e os distintos portavoces declinaron facer declaracións, afirmando que estas causas as levaron os máximos mandatários de xeito personal.

Tamén os distintos colectivos sociais son remisos a analisar este proxecto até non poder estudalo axeitadamente. Ainda asi, desde CIG-Banca afírmase que "todo semella indicar que na última reunión as caixas se cargaron máis da metade do que pretendia ser a lei".♦

Tres eivas evidentes

Existen evidéncias sobre a realidade actual das caixas de aforro que demandan unha regulación adaptada ao ordenamento legal autonómico e ás circunstáncias socioeconómicas. A primeira foi a perda, de vagariño, do seu carácter benéfico, liquidando inclusive os Montes de Piedade, por máis que permanezan nos seus estatutos. As actuacións na Obra Social, circunscríbense agora principalmente a actuacións culturais, docentes e mesmo económicas de grande influéncia na vida social, que necesitan non só unha nova regulación, senón tamén unha inter-relación e unha conxución de obxectivos entre as distintas caixas. Unha visión política global é necesária cando se trata, sobre todo, de entidades públicas, que se benefícian dunha lexislación específica favorábel para poder cumprir millor os seus obxetivos.

A segunda evidéncia, intimamente relacionada coa anterior, é que as caixas cada dia estaban a funcionar máis como uns bancos típicos que en conformidade aos seus próprios estatutos fundacionais. Os seus reitores xustificaban esta tendéncia, que afirman se deberia acentuar, en base á rendabilidade na xestión e á salvagarda dos intereses dos impositores. Non só perdian deste xeito o seu carácter primixénio senón que estaban a investir os nosos aforros maiormente noutras latitudes estatais, preferindo non correr riscos, mentres o noso tecido económico esmorece cada vez máis. Comezaban tamén unha guerra expansiva, non só alén das nosas fronteiras, senón cunha liorta na percura de novos territórios pola nosa xeografia nacional.

A terceira cuestión negativa que teria que atallar unha nova lexislación é a do poder omnipersoal que até de agora ostentaron os directores xerais. Un poder que non lle ven dado só polas suas atribucións na xestión, senón polo control case total que exercen non só sobre os consellos de administración, senón tamén sobre os distintos compromisários que asisten ás xuntas de accionistas. O nomeamento dun presidente executivo pola Xunta sen unha remodelación do sistema eleitoral de conselleiros e integrantes da asemblea xeneral, só ia servir para propiciar o enfrontamento entre os auténticos xestores, apoiados polo consello e os novos presidentes, delegados da Xunta.

Pero Xosé António Orza, de momento, non quixo mudar o sistema de eleición, polo que o poder seguirá a recair nos Méndez, Gaioso, Velasco e Carrera. A Lei Suárez non mudou a situación franquista e a de Boyer tampouco. O integrante no Consello de Caixa Galícia comentaba como se antes o resultdo das votacións son de 17-4 agora pasaron á proporción 19-2. Os conselleiros sempre son afíns ao director xeneral que controla os resortes das caixas e os compromisários, por sorteo, repítense sorprendenteente ano tras ano e, invariabelemente,están relacionados con empregados das caixas na maioria dos caos.

Esta é a grande batalla pendente cara á sua democratización. De momento, a Xunta só deu un paso moi curto. Hai quen pode acusar ao Governo autonómico de afán intervencionista e de querer substituir critérios políticos polos nomeados *profisionais.* Tamén se poderá temer, con base na práctica real do PP, que se pretende servir destas institucións para benefício próprio. Ainda asi, o control da oposición sempre poderá ser maior e máis participativo que se as directrices das caixas se marcan de xeito personalista polos próprios xestores e os seus intereses particulares. Se a Xunta non quixo ir máis alá nalgunhas modificacións que lle daban máis control político foi precisamente por medo a que outras organizacións acadaran un maior papel nas Caixas. Se habia sectores das próprias caixas que demandaban unha nova lexislación nestes momentos, era por medo a que, sendo inevitábel nunha nova coxuntura política, lles ia ser máis desfavorábel.♦

A NOSA TERRA

Os doadores sinten que se está a comerciar co seu sangue

Denúncian que o Centro de Transfusión cóbralles os hemoderivados aos hospitais do Sergas

■ MARIA ALONSO

Desque funciona o centro de transfusión os doantes amósanse máis reticentes polo comércio que se fai co sangue.

Desde que en Xaneiro do 94 a Fundación Centro de Transfusión de Galicia asumira a xestión global das doazóns altruistas de sangue que se producen na Comunidade, existe entre alguns doadores habituais a impresión de que persoas con intereses privados están a comerciar cos hemoderivados. Nalguns casos chegan a pagarse até 20.000 pesetas por bolsa de sangue aos hospitais

Emilio Núñez Argiz, un doador compostelá, é un dos cidadáns sorprendidos polas fórmulas de xestión dos hemoderivados que está a aplicar o Centro de Transfusión. Hai uns meses decidiu rachar o siléncio e remitir unha carta ao director do centro, Roberto García de Villaescusa, para que lle aclarase os mecanismos que están a controlar o proceso de doazóns e utilización do sangue que se recolle en Galiza. A resposta do directivo está chea de vaguedades e citas de decretos e resolucións que nada aclaran sobre o prezo que están a pagar os hospitais polo sangue que doa de xeito gratuito a povoación.

Na carta remitida ao Centro de Transfusións, Emilio Núñez desexaba saber se era certo que este servizo, e máis os médios humanos e técnicos de SOS-Galicia, están sendo xestionados por unha fundación catalana, a razón de que non apareza o seu nome nos carnés dos doadores nen se lles informe sobre este feito cando acuden a doar. Na sua resposta, García de Villaescusa afirma que o centro é "unha fundación pública criada pola Consellería de Sanidade e que, polo tanto, é un organismo que depende da Administración Pública da Comunidade de Galicia e de nengun xeito ten que ver con outras comunidades españolas ou estranxeiras".

O escrito de Núñez lembra que os doadores "damos o sangue de maneira altruísta e sen cobrarmos un peso". Por esta razón, pergunta se é certo que se lles cobra aos hospitais do Sergas polo sangue cando o solicitan ao Centro de Transfusión e canto é o valor por bolsa, por plaquetas e por plasma. O doador aponta ter ouvido que o prezo da bolsa de sangue ronda as 15.000 pesetas.

Moitas leis e poucos dados

O interese da Conselleria de Sanidade en ocultar os prezos que rexen estas transaccións do sangue faise evidente na resposta legalista e baleira de contido que oferece. Segundo as palabras do director do Centro de Transfusión, "ao amparo do Real Decreto 1945/1985 do 9 de Outubro e do Decreto 462/1990 do 20 de Setembro, nos que se regulan a hemodoazón, a hemoterápia e os bancos de sangue da Galiza, determínase que estos facturen os gastos imputábeis á extracción, procesamento e conservación do sangue e os seus compoñentes, mesmo nos hospitais onde estean adscritos".

As explicacións, que non aclaran nada sobre o volume económico manexado co tema das doazóns, remiten aos doadores altruístas de sangue aos boletíns do DOG se é que queren enteirarse das tarifas que o Centro de Transfusión aplica aos hospitais polos hemoderivados. Iso si, engade que o centro é unha fundación pública de interese galego e, polo tanto, sen ánimo de lucro. "Non lle quede nengunha dúbida —explica Núñez— de que as tarifas actualmente en vigor [novamente sen especificar] tan só se destinan a sufragar os gastos, que, ademais de estar regulados por normativa legal, son necesários para oferecer garantias sanitárias".

Emilio Núñez incluia no seu escrito máis perguntas obviadas polo director do Centro de Transfusións. Concretamente desexaba saber cantos millóns lle pagou o Hospital Xeral de Galicia no primeiro trimestre do ano 95 á Fundación polas demandas de sangue, plaquetas e plasma.

Outra das preocupacións do doador referiase ás condicións de traballo do persoal do Centro de Transfusión e que están a xerar unha importante insatisfacción entre os traballadores. Emilio Núñez desexaba saber por que razón non se lles pagan as horas extras aos traballadores que saen a recoller sangue e cal é a sua xornada laboral os dias en que desprazan aos distintos lugares do pais.

Privatización encuberta

O remate do escrito expresa a sensación de moitos doadores galegos, ao indicar que "con todas estas cuestións o que están a facer é privatizar un servizo máis da sanidade de maneira encuberta". Finalmente, Emilio Núñez pedia unha resposta convincente, xa que, de non ser asi, estaba disposto a se apuntar no rexisto de ex doadores; o que pode ser un aviso do que pode ocorrir con outros doadores altruistas que sinten que se está a comerciar coas suas doazóns.

As impresións deste e outros doadores sobre o empioramento da situación dende a posta en marcha da Fundación Centro de Transfusión foron xa sinaladas polo grupo parlamentar socialista o pasado mes de Marzo, data na que presentaron unha pergunta sobre as razons que explican o sensíbel incremento dos prezos do sangue como consecuéncia da incorporación deste centro.

O deputado do PSdeG-PSOE Francisco Cerviño manifestou na sua iniciativa dispor de datos fiábeis sobre o prezo que o hospital Juan Canalejo da Coruña estaba a pagar na actualidade polos hemoderivados, fronte aos que pagaba antes de que existise a fundación. Os dados aportados demostran que durante o ano 93 o complexo hospitalário coruñés gastou pola extracción e a xestión do sangue doado arredor de 114 millóns de pesetas, mentras que, só un ano máis tarde, ao longo do 94, a facturación por este concepto alcanzou 284 millóns. Se se desconta o custo da plantilla que traballaba no banco de sangue e foi reabsorbida noutros servizos, arredor de 25 millóns, resulta que nun periodo de xestión centralizada do sangue o Juan Canalejo tivo que suportar un incremento do gasto de 130 millóns de pesetas. No tempo, o prezo da bolsa de sangue pasou de 8.000 a 19.000 pesetas nun ano, o que supón un incremento de 11.000 pesetas e case triplicar o custo por unidade.

O deputado socialista, que dá a razón ás inquedanzas dos doadores que non se fian dos sistemas de xestión e aproveitamento desenvolvidos polo Centro de Transfusión, sospeita que o incremento espectacular do prezo dos hemoderivados afecta a todos os hospitais integrados na rede do Sergas, non só ao Juan Canalejo.

Asemade, explica que o aumento disparatado do custo non supuxo unha mellora do servizo, que é "igual" segundo o parecer dos clínicos. Pola contra, o que se ten observado é a existéncia de problemas relacionados co transporte do sangue entre Santiago e A Coruña e coa caducidade das plaquetas, o que poderia supoñer unha perda superior, a engadir á xa mencionada, de máis de 20 millóns de pesetas. ♦

O segredo económico das fundacións

A atitude do director do Centro de Transfusión está na liña da política de ocultación das cifras relativas aos exercícios económicos das fundacións desenvolvida pola Conselleria de Sanidade e por Romay Beccaria. A Administración sanitária galega ven de publicar nestes dias a memória de actividade do ano 94, na que se informa tamén da actividade do Centro de Transfusión.

A memória indica que o Centro de Transfusións logrou nese ano un total de 44.000 doazóns, o que supón algo máis da metade das case 83.000 doazóns totais conseguidas en Galiza pero non aporta un só dado que poida permitir coñecer as grandes cifras do seu primeiro exercício económico. Curiosamente, o único dado económico que facilita contrasta coas denúncias realizadas polos doadores, o persoal dos hospitais e mesmo os grupos parlamentários sobre o encarecemento abusivo do sangue.

O informe afirma que o Centro de Transfusión "tivo un custo por bolsa extraida en 1994 inferior ao existente en 1993 en cada un dos hospitais da rede, que abalaba entre as 14.000 e as 35.000 pesetas". Se fose certo que os gastos de tratamento e extracción do sangue se reduciron neste ano de xestión centralizada, compriria perguntar por que aos hospitais se lles cobra agora máis por bolsa de sangue que no 93. ♦

A CENSURA DE FRAGA

A cadea da ONCE e de Luis del Olmo negócia co Governo Autónomo a re-distribución de licéncias de FM

A Xunta vetou a Beiras en *Onda Cero*, segundo a versión da xornalista Xúlia Otero

■ G.L.T.

A xornalista Xúlia Otero confirmou a Xosé Manuel Beiras que se veu obrigada a prescindir da participación do líder do BNG no programa de debate *El Gabinete,* por presións da Xunta. Ainda que Manuel Fraga negou precipitadamente o troco de favores a *Onda Cero* a cámbio da exclusión do político nacionalista, a Xunta ten a chave da re-adxudicación de licencias de frecuéncia modulada, reclamada despois do reparto do 89, e está en posición de mellorar os intereses da emisora da ONCE e de Luis del Olmo, tanto na rádio como na proxectada privatización da xestión da Televisión Galega.



PILAR AYMERICH

Xulia Otero, á dereita, directora da tertúlia *En Gabinete*, confirmou a Beiras o veto da Xunta. Posteriormente ofereceu a mesma explicación, acusatória para Pérez Varela, a un diário.

A Onda Cero interésanlle licéncias en Lugo e Pontevedra e consolidar a sua posición en Ourense.

Beiras apresentou con data de primeiro de Agosto unha interpelación parlamentar na que precisa que "o 26 de Xullo foille comunicado verbalmente, por parte da directora do programa *La Radio de Julia*, da cadea *Onda Cero*, que a sua colaboración semanal na sección dese programa denominada *El Gabinete*, tiña que ser cancelada por imposición do Conselleiro-Delegado da empresa".

Divertir ás ovellas

Fraga retrucou persoalmente unha primeira denúncia de Beiras, que acusaba ao Governo Autónomo de cominar á dirección da rede Onda Cero para que tomasen a decisión de vetalo. "Cando a unha persoa a despiden dun espácio radiofónico non se lle di que *aburre a las ovejas* senón que se lle dan outras explicacións".

O portavoz do BNG dixo que a opinión pública tería que escoller entre a sua denúncia, corroborada polos máis direitos afectados, "ou os mentiráns desmentidos do *pequeno Goebbels*, Pérez Varela, asumidos imprudentemente polo presidente Fraga, a quen eu non implicara persoalmente neste porco asunto". Xosé Manuel Beiras recoñecia concordar con Fraga nun extremo: "Cando afirma que *aburro a las ovejas* está no certo; Fraga, en troques, divirte ás ovellas, aburre aos cidadáns intelixentes e indigna aos cidadáns que temos dignidade e exercemos a nosa liberdade".

Amais da información facilitada pola directora do programa *El Gabinete,* a Xosé Manuel Beiras, fontes seguras da cadea *Onda Cero* confirmaron que as queixas do entorno de Fraga, manifestáranse desde antes que o portavoz do BNG dese cumprido un mes no programa. Xúlia Otero ten manifestado ben de veces a sua admiración por Beiras. Nunha recente entrevista (10 de Xullo pasado na revista *Tiempo)*, a xornalista refírese a Beiras coma "colaborador meu na rádio, que dixo esoutro dia algo marabilloso: que procuraba viver cada dia como se fose o derradeiro e pensar coma se fose eterno. Iso é o que eu espero saber facer".

Para resistir estes primeiros aprémios da Xunta contra Beiras, a dirección do programa radiofónico transixiu en incluir na tertúlia á empresária de clubes de alterne e personaxe chocalleiro das campañas de Fraga, Karina Falagán, procesada por agresión a unha deputada do PSOE.

Este primeiro asexo seria pronto incrementado por outras formas de presión. "O interesado era coñecedor de que xa a comezos da sua colaboración, durante o mes de Setembro de 1994, determinados órgaos da Administración autónoma galega fixeran presións para que fose excluido do programa —sinala Beiras na sua escrita ao Parlamento. Por todo iso reclamou da responsábel do programa unha espricación que lle foi dada en termos inequívocos: o cese da colaboración debiase a esixéncias da Administración autónoma galega, é dicer, produciase en virtude dunha censura política traducida en coacción exercida por órgaos do poder executivo galego sobor de órgaos da dirección da cadea *Onda Cero".*

Fraga asegurou Luns pasado que non tiña nengunha licéncia de radiodifusión que trocar pola exclusión do lider do BNG do programa de Xúlia Otero. Pero a realidade é outra. O co-proprietário de *Onda Cero* Luis del Olmo está a negociar a cobertura da cadea sobre todas as cidades galegas. Interésanlle licéncias en Lugo e Pontevedra e consolidar a sua posición en Ourense, suxeito de litíxio. Abondaria con que a reclamación da Xunta perante os tribunais polas derradeiras concesións de licéncias do Governo Tripartito non se levase a termo, para que a rede de Luis del Olmo e a ONCE resultasen beneficiadas.

Concesión *nouturna e alevosa*

A primeira Xunta de Fraga calificara de *nouturna e alevosa* a concesión de 26 emisoras de frecuéncia modulada por Sánchez Presedo, Suárez Vence e González Mariñas, ao termo do derradeiro consello do Governo Laxe. Na primeira liña de ataque de Fraga estaba unha redistribucion das licéncias de Ourense entre as que estaba a que primeiro serveu á *Cadena Rato* estatal e despois á instalación de *Onda Cero.*

A reclamación sobre estas emisoras depende da Xunta, tanto como o traspaso probábel doutras licéncias. Fraga negou tallantemente que a Xunta teña en carteira a concesión de novos permisos de radiodifusión en frecuéncia modulada, cos que exercer presión sobre *Onda Cero* pero a Secretaria Xeral de Comunicación pode condicionar un novo reparto de 26 emisoras, prometido en Decembro do 89.

Tal como se explica na interpelación do BNG, a Secretaria Xeral de Comunicación quixo impedir a difusión das opinións de Beiras nun programa de vasta audiéncia en todo o Estado, e a creba do estereotipo do político nacionalista fabricado polos meios de comunicación pro-guvernamentais. "A matéria utilizada como mercancia para facer operante e persuasiva a coerción censora — precisa o texto a interpelación—, consistiria na concesion de das licéncias de frecuéncia modulada no espazo da Comunidade Autónoma Galega. A partir do marco normativo ditado polo Governo central, o reparto de adxudicación de licéncias ou concesión de frecuéncias correspóndelle á Xunta. Houbo xa un reparto que foi moi contestado por algunha cadea, e de feito está pendente de senténcia do Tribunal Supremo, que unha vez producida poderia provocar a forzosa redistribución das concesións".

Profisionais de Onda Cero que confirmaron resoltamente a operación de censura da Xunta, conxeturaron o eco co que seria recebida a noticia dun veto comparábel á deputada de ERC Pilar Rahola, nunha emisora privada por presións da Generalitat.

En sustitución de Xosé Manuel Beiras, a cadea Onda Cero contratou por via de urxéncia ao profesor da faculdade de Económicas de Santiago Miguel Cáncio. ♦

A LIBERDADE DE EXPRESIÓN ENTENDIDA COMO CENSURA INSTITUCIONAL

G. Luca de Tena

A segunda vida política de Fraga non é a dunha vontade conradiana de rectificar os erros senón a do empeño por demostrar que nunca se trabucara. O recordo da sua etapa de ministro da Censura fai del un apestado nas institucións democráticas e o menos recomendábel dos embaixadores. Para el, xurar a Constitución foi unha indulxéncia plenária que xustificaba a vida política anterior no canto de obrigalo a cambiala.

En consecuéncia, non se comporta desde a presidéncia da Xunta coma un campión da democrácia e as liberdades, senón ao estilo de quen aproveita as poténcias da representación pública para impedir que circulen máis opinións que a sua.

O eleitorado espera ainda unha explicación sobre aquelas listas negras que levantara *Diário 16* a comezos do 90, con notas manuscritas de Fraga que decretaban ceses, ou calificaban de *rojo, perigoso* ou *reconvertibel* ao pé de nomes de xornalistas.

A revelación desta e doutras intervencións silenciadoras do presidente da Xunta ou do secretário xeral da Comunicación, non produce, como seria de esperar, rectificacións democráticas senón un agravamento da paranoia censora. A de Onda Cero non a poden negar nen recompoñer porque aparece co contraste da directora do programa reventado pola Xunta. Escoitando os desmentidos de Fraga, ao que non lle importa bracear coma un demogogo contra a dignidade da insitutción que representa, tal parece que Xosé Manuel Beiras estivese obrigado a pedir disculpas por intervir en plena liberdade nunha tertúlia radiofónica e non o secretário xeral de Comunicación por trocar un veto por unha concesión pública. ♦

7 DIAS

■ Mariñeiros cortan o tránsito na Ponte de Rande

A meiodia do pasado Martes 1 de Agosto un grupo de mariñeiros que pescan no banco canário-sahariano cortaron o tránsito de veículos na autoestrada do Atlántico, a meio quilómetro da ponte de Rande. A acción reivindicativa pretendia denunciar o retraso nas negociacións do acordo pesqueiro entre Marrocos e a Unión Europea. Numerosos automóbeis e camións quedaron atrapados nun atasco que tardou unha hora en solucionarse. Os pescadores, que ian encarapuchados, prenderon lume a unha barricada formada por árbores cortadas e permaneceron na sua atitude até que chegou a Garda Civil, momento no que houbo un conato de tensión. Apagado o lume e retirado o obstáculo, foi reestabelecido o tránsito. O Venres catro de Agosto, os pescadores van participar unha manifestación de apoio á Frente Polisário, que desde 1975 mantén unha guerra con Marrocos de defensa da soberania nacional do Sahara Ocidental.♦

■ As parlamentárias galegas levarán unha declaración conxunta á Conferéncia da Muller de Pekin

A declaración conxunta que apresentarán as deputadas do PP, PSOE e BNG da Comisión para a Igualdade e os Direitos das Mulleres na Conferéncia Internacional da Muller demanda a necesidade de eliminar a discriminación e a desaparición da violéncia sexista. Á conferéncia que se vai celebrar a comezos de Setembro en Pekin irán as parlamentárias galegas cun texto consensuado entre os tres grupos a proposta do BNG, de quen partiu tamén no seu dia a iniciativa de criazón da devandita comisión que é a única con esas funcións no Estado.

As propostas das parlamentárias en Pekin encamiñaranse a solicitar que a lexislación impida as discriminacións sexistas no eido laboral e político ademais de exixir a desaparición da violéncia contra as mulleres, mesmo cando estea consentida tradicionalmente. Alén disto pedirán o desenvolvimento de campañas informativas co fin de concienciar aos povos dos direitos das mulleres e intentarán promover a elaboración e o debate dunha Carta dos Direitos das Mulleres para o seu desenrolo nas políticas que atinxen ás mulleres.♦

GONZALO

■ Ameazas de morte a Pepe Rei

Un anónimo remitido ao xornalista galego que dirixe a equipa de investigación do xornal basco Egin, contén amenazas de morte e estabelece unha conexión entre a Garda Civil e o anúncio. O texto "O próximo ti. Deixa en paz a Galindo e a Intxaurrondo. Tes os dias contados" aparece nun papel con membrete da Garda Civil e mesmo inclue un sobre remitido á Dirección Xeral da Garda Civil. Acompañaba o envio unha bala de 9 mm, munición habitualmente empregada polas Forzas de Orde.

Pepe Rei foi vítima en numerosas ocasións de persecución pola sua labor xornalística. Foi denunciado en várias ocasións, pero os tribunais sempre avalaron a calidade profisional de Rei e nunca foi condenado. Mesmo a información obxecto de denúncia por parte do xornalista nunca foi desmentida polas persoas que implicaba. A publicación do libro "La Cloaca Vasca" significou unha campaña pública do PNV contra Pepe Rei. Tamén "La Red Galindo" trouxo consigo un torrente de problemas, pero Rei, coa verdade por diante, sempre saiu triunfante. Agora chegou o turno das ameazas procedentes da guerra suxa, pero Rei non se amedoña.♦

■ Organizacións de todo o mundo contra a execución de Abu Jamal

A execución do xornalista Mumia Abu Jamal, prevista para o vindeiro 17 de Agosto, está a mobilizar a diferentes organizacións de defensa dos direitos humanos para evitar que se lle aplique a inxección letal. O Parlamento internacional de escritores, presidido por Salman Rushdie, solicitou a revisión do xuízo de Abu Jamal ao governador do estado de Pensilvánia (EEUU), Thomas Ridge e a paralización da execución.

Mumia Abu Jamal, membro dos Panteiras Negras, está condeado polo asasinato dun policia branco en 1981. As organizacións que, a nível mundial, recollen sinaturas para evitar a sua execución, alegan que nunca existiron probas fiábeis para a acusación. Asímesmo, denúncian a composición do xurado, que estuvo integrado só por persoas de pel branca nun estado con maioria negra.♦

■ O Banco Pastor, contra as cuotas ás cámaras de comércio

O pasado mes de Xuño, o Banco Pastor deuse de baixa na Cámara de Comércio da Coruña e decidiu recorrer o pagamento obrigatório de cuotas a esta institución. Seguindo deste xeito a outras entidades bancárias como Caixa Galicia, o Pastor pon de manifesto que o dinamismo das clases fortes que emerxen na Coruña choca coa auséncia de revisión do funcionamento das cámaras. A decisión do banco coincide coa entrada no departamento executivo dos sobriños da condesa de Fenosa, Vicente e Xosé Maria Arias, desprazando a Guillermo de la Dehesa. ♦

■ O Valedor do Povo pronunciarase sobre o uso da palabra no Consello de Administración da CRTVG

O pasado Luns 31, Tareixa Navaza, presidenta do Consello de Administración da Compañia de Rádio e Televisión da Galiza, foi recibida polo Valedor do Pobo, Xosé Cora, para entregarlle a documentación sobre a denegación do uso da palabra a un dos membros do Consello. O 10 de Maio do pasado ano nunha sesión plenária adicada a estabelecer os critérios para a cobertura da campaña electoral, o entón presidente do Consello, Alfredo Conde denegoulle o uso da palabra a Santiago del Valle, membro proposto polo PSOE. O Valedor do Povo interesouse polo caso en Xullo do presente ano e requeriu a documentación para emitir un pronunciamento.

Por outra parte, o BNG, co motivo do décimo aniversário da TVG dirixiu unha pergunta no Parlamento sobre á pluralidade ideolóxica e cultural do meio e a sua funcionalidade respeito ao país.♦

■ Contra as promesas da Xunta o crédito do ICO non chega a Álvarez

O Lúns 31 de Agosto o Comité de Empresa do Grupo de Empresas Álvarez comezou un peche indefinido nos despachos da alcaldia de Vigo para protestar pola lentitude coa que avanzan as xestións para a concesión dun empréstito que serva para poñer a funcionar a factoria e impedir a sua quebra e desmantelamento. A Xunta garantira aos traballadores que seria avalista diante do Instituto de Crédito Oficial e mesmo asegurara que a operación xa estaba en marcha, pero non habia tal. Entre o PSOE e o PP houbo un cruce de acusacións sobre a responsabilidade na crise de Álvarez. O peche continuou cando Manuel Pérez, alcalde de Vigo, marchou a Madrid para xestionar o perdón para o Celta.♦

■ O BBV desbloquea o pagamento dos salários de *Oteca*

As tres semanas de concentración dos traballadores de Oteca diante da oficina principal do Banco Bilbao Vizcaya en Ourense serviron que esta institución financeira cesara no bloqueo dos pagamentos dos salários que, desde habia seis meses, o grupo de empresas propriedade de Xosé Rodríguez adebedaba aos traballadores, en total 90 millóns de pesetas. O BBV era acreedor de Oteca por unha débeda de 137 millóns, de modo que cando a Xunta remitiu á empresa de Xosé Rodríguez 153 millóns de pesetas en conceito de pagamentos por certificacións de obra, o BBV optou por non pagar aos traballadores para presionar a Oteca, daquela os traballadores víronse na obriga de presionar ao BBV.♦

■ Morre unha muller kurda tras unha carga policial en Alemaña

Güinaz Bagiztani levaba a cabo unha folga de fame xunto con máis de douscentos cincuenta emigrantes kurdos en Alemaña. Protestaban pola política de extermínio que exerce Turquia contra o povo kurdo e pola falla de liberdade dos emigrantes. Un desplegue de mil cincocentos axentes de policia aleméns con material antidistúrbios e vários helicópteros provocou a morte da muller e dúcias de feridos. A CIG denunciou o suceso na Galiza e dirixiuse ás embaixadas de Turquia e Alemaña en Madrid. Os kurdos levan solicitando durante meses o estabelecemento de negociacións con Turquia para rematar coa guerra que está causar miles de mortos e desprazados. Neste momento, hai uns dez mil militantes do Partido dos Traballadores do Kurdistán, nas prisións turcas.♦

GALIZA E MUNDO

DEMOCRÁCIA NAS INSTITUCIÓNS

Retira as subvencións a Castroverde e Foz e intenta impedir o traballo dos deputados nacionalistas

Cacharro castiga desde a Deputación de Lugo aos concellos que perderon o governo do PP

■ CARME VIDAL

O presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro Pardo cambiou os critérios de adxudicación de subvencións retirándollas aos concellos de Castroverde e Foz unha vez perderon as maiorias populares. A acusación de utilización da institución con fins partidistas súmase ás críticas por impedir o traballo da oposición ao cometer ilegalidades tanto na convocatória de plenos e comisións como na negativa de facilitar o aceso á documentación aos deputados do BNG.

Castroverde non terá pista polideportiva nen Foz campo de fútbol. O pleno da Deputación de Lugo decidiu retirar, cos votos do PP, as subvencións a estes dous concellos lugueses que nas pasadas eleicións deixaron de estar governados polos populares. A deputación concedera 50 millóns ao concello de Foz para a construcción do campo de fútbol e 22.5 ao de Castroverde para a terceira fase de execución das piscinas municipais.

Os problemas detectados na construcción das piscinas foron o argumento utilizado polo presidente da Deputación para retirar a subvención fronte á alternativa apresentada polo governo de Castroverde de dirixir a inversión a unha pista polideportiva reclamada polos veciños do concello para o que recolleron unhas catrocentas sinaturas. En canto ás obras de Foz o concello solicitara do organismo provincial tempo para buscar un novo terreo onde instalar o campo de fútbol —os propostos non foran aceitados— pero a negativa da Deputación impede a construcción das instalacións deportivas para sustituir ao vello campo Martínez Otero.

Os investimentos destinados previamente a Foz e Castroverde irán parar agora a concellos governados polo PP. O portavoz do BNG na Deputación, Fernando Blanco acusa a Cacharro de estar a executar "unha vinganza eleitoral contra os concellos nos que o PP non acadou o governo municipal. Os viciños van ter que penar as pésimas xestións que neses dous concellos fixera o PP". As críticas arrécian habida conta de que as razóns esgrimidas polo governo da Deputación para retirar as subvencións non apareceron nen cos alcaldes popula-

> As críticas arrécian habida conta de que as razóns esgrimidas para retirar as subvencións apareceron unha vez que o PP perde o governo.

res nen na campaña eleitoral senón unha vez que o PP perde o governo. A resposta de Cacharro Pardo ás acusacións da oposición nacionalista e socialista na Deputación foi que "se houbese castigo político tamén se faria con Mondoñedo que tampouco é popular".

O PP non quer o control da oposición

Pero esta non é a única cuestión que enfronta a nacionalistas e populares. Os deputados do BNG repetiron no pleno as queixas feitas públicas dias antes ao respeito das irregularidades cometidas á hora de ser convocados aos plenos e ás comisións ademais de impedirlles o acceso aos expedientes obxecto de debate.

Cacharro Pardo, presidente da Deputación de Lugo. ANXO IGLESIAS

As comisións non foron convocadas co tempo que indica o regulamento segundo o cal os deputados teñen que ter nas suas mans o aviso dous dias antes da celebración. Os deputados do BNG apresentaron probas —o selo dos escritos coa data de saida— polas que se demostra que non se cumpliron os prazos na convocatória da comisión que se celebrou o dia 27. Cacharro Pardo xustificou a irregulariedade dicindo que "o retraso se debe a Correos e non á Deputación".

O argumento non valia á hora de explicar a negativa a proporcionar os expedientes aos deputados que o solicitaron. O presidente da Deputación sinalou que "os deputados xa se informan na própria comisión e non fai falta que teñan por adiantado a documentación". Ao respeito Fernando Blanco considera que desde o governo provincial estase levando "unha atitude totalmente intolerante que busca impedir á oposición que fiscalice e controle a sua actuación; estase a restrinxir a información e a nosa própria actividade xa que nós non podemos dictaminar sobre cousas que non coñecemos". Para previr que estas situacións se poidan volver a dar os deputados nacionalistas van apresentar unha iniciativa para a derogación do regulamento orgánico da deputación alén da elaboración dun novo regulamento.

Cacharro Pardo rexeitou tamén a moción do grupo nacionalista para demandar a normalización do galego no organismo provincial aludindo a que "tamén hai que protexer o castellano". Segundo Fernando Blanco, "o presidente da Deputación vai contra a lei de normalización lingüística e non ten vontade política para cumprila"♦

O PP de Vigo veta ao BNG na Zona Franca

O BNG non vai estar representado no Consórcio da Zona Franca de Vigo ao ser vetado cos votos a favor do PP no governo da cidade e a negativa do PSOE e BNG. Alén do alcalde que é presidente nato do organismo, a representación do concello estará composta, segundo resolución plenária, por 4 membros do PP e un do PSOE fronte á anterior formación na que habia representación de todos os grupos do concello: 2 PSOE, 1 BNG, 1 EG e 1 PP. Esta atitude contrasta coa que o PP mantivo en Compostela a respeito do Consórcio.

O alcalde de Vigo, Manuel Pérez dixo que nada variaba con respecto á anterior representación xa que "antes habia catro representantes do grupo de governo e un da oposición e agora segue igual". Ao respecto o PSOE —que non asistiu ao primeiro pleno e dixo que non aceitaba as condicións— lembrou que "na anterior lexislatura todos os grupos do concello tiñan representación na Zona Franca e agora un deles, o BNG, queda fóra deste organismo". O BNG apresentou un recurso ante o Pleno do Concello de Vigo co fin de impugnar o reparto de representantes no Consórcio considerando que o "acordo tomado é nulo" e conculca o sentido da lei de bases, o Regulamento Orgánico do Concello e a própria regulación da Zona Franca, normativas nas que se estabelece a "necesidade de que os grupos políticos estean representados, ou o que é o mesmo que teñan preséncia nestes órganos non propriamente municipais". O BNG sinala que mesmo non sendo posíbel un critério de proporcionalidade exacta, "isto non pode levar consigo atitudes de discrecionalidade que poidan derivar en situacións claramente discriminatórias".

O concelleiro nacionalista Lois Pérez Castrillo solicita no recurso a revocación do anterior acordo plenário e un novo reparto dos representantes de xeito que os tres grupos da corporación viguesa teñan voz no Consórcio da Zona Franca. O grupo municipal nacionalista advirte que de non ser revisado o acordo recurirrá á via contencioso—administrativa por entender que se está incumprindo o espíritu da lei e "os princípios de participación democrática na xestión dos asuntos públicos". ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias. **Vicepresidente**: Xaquin Acosta **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga.
Vogais: Francisco Carballo, Francisco Torrente, Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro e Manuel Veiga. **Secretário**: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horácio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortegal), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel Pan (Bergantiños), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Begoña Moa (Alemaña), Gonçalo Nuno (Porto). **Axenda:** Iago Luca. **Pesca:** Severino Xestoso.

Colaboradores: Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, Maria Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X C. Garrido Couceiro, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, António Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña.
Internacional: Xúlio Rios, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú.
Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. **Cinema e Televisión:** Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Arquitectura:** Prácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz,. X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délmi Álvarez, *Voz Noticias*, El Progreso.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo, Xúlio Galoso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Maquetación: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Carlos Martínez Muñoz.

Subscricións: Lola Fernández Puga.

Redacción e Administración: Rua do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos:
Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

CONFLITOS NOS CONCELLOS

Por primeira vez os tres grupos estarán representado no Consórcio

Xerardo Estévez ameaza con dimitir se non logra unha saída para governar en maioria

■ CARME VIDAL

O alcalde Xerardo Estévez e intereses localistas están a propagar a imaxe da ingovernabilidade de Compostela, despois de que PP e BNG se apoiasen mutuamente para estar presentes no Consórcio. Estévez tensa a situación afirmando que pode dimitir acusando a nacionalistas e *populares* de "pacto antinatura", mentres busca fórmulas, entre elas conseguir un trásfuga do PP, coa anuéncia de Fraga. Outro sector do PSOE puxa para que pacte co BNG, que se mostraria disposto, criticando a Estévez por "querer governar como se tivese maioria".

Os tres grupos políticos da corporación compostelana terán representación no Consórcio despois de que BNG e PP aprobaran en pleno unha proposta que contradicia as intencións do alcalde Xerardo Estévez. Unha vez rexeitada a iniciativa do PSOE de incluir no Consórcio a dous dos seus concelleiros continuando a composición da lexislatura anterior o grupo do alcalde declinou presentar máis propostas e esforzouse en dar imaxe de ingovernabilidade do Concello chegando ao grao de deixar pendente a decisión sobre a dedicación exclusiva de Xerardo Estévez.

Até agora só o grupo socialista contaba con representación no Consórcio e os resultados do 28 de Maio que lle tiraron a maioria absoluta a Xerardo Estévez permitiron que os grupos da oposición impuxesen a sua preséncia en todos os organismos dependentes do concello. Para a portavoz do grupo municipal do BNG Encarna Otero "a vida municipal responde á total normalidade, os tres grupos están presentes en todos os organismos, o único que acontece é que Xerardo Estévez vai ter que deixar a sua política personalista e contar coas organizacións políticas que teñen representación no concello, pois perdeu a maioria absoluta".

Xerardo Estévez, alcalde de Santiago. DELMI ÁLVAREZ

A feito de non poder seguir mantendo a hexemonia do seu grupo no Consórcio levou a que o grupo de Xerardo Estévez deixase sen apresentar todas as propostas nun intento de mostrar que a oposición estaba a impedir o governo do concello. No entanto, o anúncio feito despois das eleicións polo alcalde de que ia chegar a acordos pontuais cos grupos da oposicións segue sen materializarse.

A concelleira nacionalista sinala que "a proposta de acordos foi unha *boutade* de Estévez; a cidade está a pedir que o alcalde deixe de actuar como se tivese maioria absoluta e conte con nós. E neste sentido o BNG está disposto a chegar a un acordo estábel de lexislatura sobre os 13 pontos mínimos de negociación que xa lle apresentamos". Até o de agora o PSOE non tivo nengun tipo de contacto co BNG e tampouco asistiu a unha reunión propiciada polos nacionalistas cos grupos con representación no concello de Santiago.

Na anterior lexislatura a maioria absoluta socialista permitiulles que fosen o alcalde e dous concelleiros do grupo os únicos membros do pleno que estivesen no consello de administración do Consórcio. Os votos de nacionalistas e populares fan agora que os tres grupos presentes na corporación teñan representantes no Consórcio en tanto entran neste órgano Xerardo Estévez (PSOE), Mª Xesús Sainz (PP) e Encarna Otero (BNG).

Intereses e transparéncia

Os grandes intereses económicos que move o Consórcio fan que o control sobre a sua administración - até agora en mans do grupo de Xerardo Estévez- ocasione moita máis polémica que calquer outro organismo emanado da Corporación. O feito de incorporar no seu consello representantes do PP e BNG fará segundo Encarna Otero "que cámbien os temas que se tratarán no Consórcio e que coa nosa participación haxa máis control e transparéncia sobre a sua xestión". Os votos a favor do PP e BNG levaron a que o grupo municipal socialista falase dun "governo na sombra" ao que os nacionalistas respostaron dicindo que "non houbo nengun tipo de pactos cos populares senón propostas coincidentes entre os dous grupos da oposición". Desde o PP coincídese cos nacionalistas e afírmase que non se chegou a nengun acordo co BNG. Sáinz repetiu idénticas verbas que Otero para descreber a situación, afirmando que "o PP non se ia quedar fóra do Consórcio".

A perda do control absoluto sobre o Consórcio pode precipitar o entendimento entre nacionalistas e socialistas unha vez o BNG mostrou a sua disposición de dialogar sobre os pontos programáticos. A pesares da situación a negativa do próprio Xerardo Estévez a chegar a acordos de governo segue a impedir a materialización de calquer tipo de pacto. Despois da perda da maioria absoluta, o alcalde manifestara a sua vontade de governar en minoria e chegar a acordos pontuais cos dous grupos da oposición, matizando a sua cercania en asuntos institucionais ao PP e urbanísticos ao BNG.

Estévez afirma que está pensando várias fórmulas para desbloquar a situación. Unha das que afirma barallar é a de apresentar a dimisión se non consigue os apoios suficientes para governar. Mentres tanto desde as fileiras socialistas son cada vez máis as voces que se levantan pedíndolle ao alcalde que comece a negociar co BNG, ainda que consideran que os actuais concelleiros son máis o "grupo de Estévez que o do PSOE". ("Estévez presenta ao seu grupo", asi comezou a sua campaña eleitoral). Unha das fórmulas que está a intentar Estévez e conseguir o apoio dun dos concelleiros populares, coa anuéncia dos contestátários a Maria Xesus Sáinz.♦

SEGURIDADE NAS PRESAS

Iberdrola puxo en perigo a vida dos bañistas por non avisar

O rio Cenza desborda en Vilariño de Conso ao abrir o encoro

■ H.V.

Ás tres e cuarto da tarde do Xoves 27 de Xullo, unha riada fixo subir as augas do rio Cenza ao paso pola localidade de Vilariño de Conso. Moitos bañistas atopábanse no rio, várias persoas estaban a recoller leña nese mesmo ponto e un grupo de traballadores derivaban unha traída de augas desde un lugar próximo que tamén resultou anegado. "Puido ser unha catástrofe —asegura Manuela López, a alcaldesa da vila—, porque a empresa proprietária do encoro, *Iberdrola*, non avisou de que abrise as comportas da presa do Cenza".

O rio comezou a subir até desbordar o seu cauce normal e vários dias despois aínda son perceptíbeis os efeitos da crecida: no monte apodrecen as troitas arrastradas polas augas e a lama mergullou as zonas de baño. Non houbo vítimas entre as persoas, pero si consecuéncias no meio ambiente das beiras do rio. Na mesma noite da riada,



Hai catro encoros de produción eléctrica en Vilariño de Conso.

caiu unha das paredes dunha vivenda cuxa cimentación furouse pola acción da auga.

A alcaldesa nacionalista de Vilariño púxose en contacto coa Xunta, con Protección Civil e co Governo Civil para saber se estas institucións foran avisadas e nengunha das tres tiña constáncia dos feitos; ninguén controla ás centrais hidroeléctricas. A própria *Fenosa* foi responsábel de numerosos incidentes deste tipo. Nomeadamente, no encoro de Portodemouros reprodúcense periodicamente sucesos como este, e en máis de unha ocasión chegou a haber acidentes de distinta importáncia.

Antecedentes

"Estamos a estudar a lei de augas e o regulamento para estes casos; eu supoño que si están a cumprir a legalidade no relativo ao horário, pero o que non fan é controlar o volume de auga que soltan", explica Manuela López. Vários dias despois da riada, o delegado de *Iberdrola* para o Noroeste da Península, Javier Crooke Gorria, recoñecia que "o Concello non foi avisado", málias que con anterioridade, nunha reunión celebrada coa alcaldesa garantira que haberia "seguridade absoluta".

En Vilariño de Conso hai moita preocupación en torno á seguridade nos encoros, hai duas presas grandes e outras duas pequenas e todo o concello está furado polas condución de conexión entre uns embalses e outros.

"Actuan á lixeira, eu recoñezo que teñen que regular a auga, pero con máis control e cun horário ben definido", di a alcaldesa, que tamén pretende que a empresa comunique cando vai soltar auga "para poder avisar aos viciños, e que o fagan en menor cantidade, para que non haxa este tipo de riadas". A razón para monstrar preocupación pola seguridade tamén ven dada por vários problemas ocorridos con anterioridade: o motivo para a presa soltar a auga foi que unha empresa está a reparar e impermeabilizar o muro debido a unha fendas aparecidas só dous anos despois de entrar en funcionamento o encoro. Eu non son entendida nestas lides, pero cando teñen que reparar é que algo debe andar mal", di Manuela López. A maiores, hai un ano, o 21 de Xullo de 1994, unha rebentazón destruiu unha antiga tuberia de conexión do encoro de Cenza coa vella presa de Portas, ainda hoxe vese o impacto da riada que provocou no concello de Vilariño de Conso.♦

ECONOMIA E RELACIÓNS LABORAIS

É presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

Benigno Sánchez

'Estamos a soportar enormes prexuízos e por riba temos que escoitar que estamos subsidiados pola UE'

■ CARME VIDAL

Como presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, o organismo de carácter consultivo e asesor da Administración Autonómica en matéria laboral, Benigno Sánchez considera que o seu traballo constitue un "espácio estábel para o diálogo social entre empresários e sindicatos no cúmio que até o de agora non se daba". En canto á crise económica na Galiza opina que "os custes das condicións de adesión á UE son enormes e supoñen deixarnos un país que non pode producir".

ANDRÉS PANARO

As condicións da adesión na UE están a ter repercusións no mundo laboral galego?

Para nada están a beneficiar a Galiza na medida en que sectores básicos da sua economia se ven directamente afectados. O que está ocorrindo na pesca, na produción leiteira ou no naval ten moito que ver con esas condicións de adesión que son leoninas para nós. Pero aparte diso hai unha marxe de manobra que non se aproveita ben polo próprio governo central.

É necesária unha nova reconversión naval cando se xustifica polos condicionamentos externos á própria productividade dos estaleiros galegos?

Resulta que en estaleiros absolutamente productivos neste momento como pode ser Astano se fala de recortes espectaculares nas suas plantillas que non teñen fundamento en nengun critério obxectivo dunha razón económica, técnica ou productiva. Non hai razón algunha para que Astano que está con plena operatividade e cun futuro bo se teña que ver afectado por unha medida que ao mellor outros estaleiros do Estado teñen que suportar. Con independéncia dos compromisos internacionais do Estado, sempre hai posibilidades de actuación que están sendo moi mal utilizadas por parte do governo e, neste caso, está claro que non se xustifica unha nova reconversión.

Os prexuízos que sofre a economia galega súplense co aporte de fundos estruturais recebidos da UE?

Estamos a suportar enormes perxuizos e por riba temos que escoitar que somos unha rexión subsidiada. Non hai que ver só aqueles fundos que proveñen de Bruxelas, estruturais ou de coesión. Non se pode facer unha análise unicamente do que entra por esa via senón que hai que ver por que sucede todo isto e que paga Galiza por receber eses fundos. Os custes son as condicións de adesión que supoñen deixarnos un país que non pode producir. Se non podemos producir máis leite do que nos impoñen, se non podemos pescar do xeito que seria concebíbel que o fixeramos, se temos que reducir a nosa capacidade no naval... quer dicer que o custe social e económico por receber eses fundos é enorme e, quen se benefícia de que a nós nos proiban producir? as multinacionais alemanas, francesas e inglesas que venden aqui os seus productos sen que nós poidamos respostar porque o noso tecido industrial se está desmantelando.

> 'Quen se benefícia de que a nós nos proiban producir? As multinacionais alemanas, francesas e inglesas que venden aqui os seus productos'

O saldo negativo supliriase cun maior aporte de fundos?

Eu non diria máis fundos senón prestarlle maior atención ao tecido industrial xa que hai que ter en conta que un de cada tres galegos viven do agro mentras que só aportan un 9% ao PIB. Un país que basee o seu progreso só no sector servizos está condenado a ter un papel secundário e para pertencer ao grupo de países desenvolvidos é preciso un sector industrial dinámico e productivo.

Máis protagonismo en Europa

Seria necesária unha renegociación do Tratado?

Hai aspectos que merecerian unha revisión pero o fundamental é que as institucións galegas pesen no Estado e na Unión Europea. Isto é un problema evidente de distribuición do poder político do Estado pero eu diria que hai mecanismos para que a nosa voz se escoite. Fai falta que Galiza se decate do seu protagonismo histórico, que tome conciéncia e impulse accións de carácter político que fagan ver o noso peso en Madrid e Bruxelas. É inconcebíbel que o sector pesqueiro galego non poda dicer nada cando supón un 30% do total das capturas dentro da pesca comunitária, que todo se diga através do governo de Madrid que moitas veces non sabe transmitir as necesidades do noso sector.

O que aconteceu coa guerra do fletán evitariase se as institucións galegas tivesen máis peso político?

Non é suficiente unha visita de tres dias da señora Bonino, por máis interesante que resulte, para ter un coñecemento cabal do que sucede no sector e ninguén mellor que os próprios galegos para defender os nosos intereses. Cando digo voz directa en Bruxelas fágoo con todas as consecuéncias. Hai instrumentos de participación das rexións en Europa, o que acontece é que estamos nun momento no que falta por definir cal é o futuro desde o ponto de visa político da própria Unión, se é un tema dos Estados ou dos povos. Hoxe non é máis que dos governos pero espero que progresivamente vaia sendo unha Europa dos povos.

Hai pouco a patronal galega amosaba por primeira vez un posicionamento crítico sobre os efectos negativos na economia galega que ten a política comunitária sumándose asi ás repetidas manifestacións dos sindicatos. Os axentes sociais coinciden á hora de valorar negativamente a situación galega no marco europeu?

Tanto uns como outros saben que hai que cambiar moitas cousas sen renunciar ao obxectivo que é a construcción dun espazo comun que aborde a eliminación dos desequilíbrios rexionais e construa unha Europa dos cidadáns e dos povos. Despois do aldabonazo que supuxo a nefasta negociación do fletán penso que houbo unha coincidéncia moi grande entre todos os sectores económicos en relación con ese tema e que agora é algo asumido por todos. Por unha banda saben que Europa non nos está a beneficiar e por outra parece evidente que sen participar nela non poderemos sair do atraso no que nos atopamos. ♦

'A reforma laboral non está a cumprir o seu obxectivo de crear emprego'

Coa reforma laboral están os traballadores en piores condicións laborais e sometidos a maior precarización do emprego?

Sobre isto hai unha visión ben diferente entre os empresários e os sindicatos e os dous teñen unha série de prexuizos que hai que superar. Penso que xa non estamos en disposición de seguir falando do contrato indefinido como a solución; o que haberá que ver desde o ponto de vista sindical é que as condicións efectivas de traballo non sexan precárias pero non porque o contrato sexa temporal. Hoxe coas posibilidades que oferece o despido despois da reforma, para o empresário non ten un maior custe a concertación de contratos por tempo indefinido que, polo tanto, tampouco garanten a estabilidade.

O contrato de aprendizaxe que foi a estrela da reforma, e que motivou grande parte do disenso en todo o proceso de negociación, apenas se está a utilizar. O que prima é o contrato a tempo parcial que permitiu a inserción profisional dunha série de colectivos que tiñan moi difícil o aceso a un posto de traballo.

Tamén está habendo unha redución importantísima da taxa de cobertura da prestación por desemprego, o que é absolutamente negativo porque a solidariedade cos máis desfavorecidos é unha obriga básica da sociedade.

Desde o governo central anunciouse que a precária situación da Seguridade Social non ia permitir manter unha série de servizos sociais como as pensións.

É sorprendente que na xuntanza do Fundo Monetário Internacional o governo diga que o sistema público de pensións non se pode asegurar e polo tanto cómpre que os cidadáns fagan un plano privado e aos dous dias todos recibimos no buzón de correos múltiples ofertas de compañias dicindo que tal como anunciara Solbes é necesário facer un plano privado. Isto non é máis ca unha inmoralidade porque tamén arredor da Seguridade Social hai moitos prexuizos. Dise que está en quebra cando non é certo.

Entón, cal é o problema financieiro da Seguridade Social?

A asisténcia sanitária que hai dez anos custaba menos dun billón de pesetas e agora tres e médio pero tamén é certo que é un deber dos poderes públicos que se ten que satisfacer non só mediante cuotas de empresários e traballadores. Hai que pensar tamén nun financiamento público através da via impositiva que garanta a todos os cidadáns, traballen ou non, unha asisténcia sanitária pública e gratuita. Con ese esquema a Seguridade Social goza de boa saúde. ♦

DESMANTELAMENTO AGRÁRIO

O Estado español négase a pedir máis cota a Bruxelas porque seria recoñecer que minte á UE

Os gadeiros recorren a denegación da cota suplementária

■ XOÁN CARLOS GARRIDO

Durante a pasada campaña eleitoral chegaron as aprobacións de aumento de cota láctea, incremento que non chegou ás 200.000 Tm. prometidas no seu dia polo conselleiro de Agricultura e o Presidente da Xunta. A cantidade final foi de 136.672 Tm. (un 40 % menos), repartidas entre 6.992 produtores. Finalmente Galiza foi a zona que recebeu menos cota por explotación, cunha média de 19.500 quilos, frente á media do Estado de 22.700 ou ás 34.300 en Múrcia. Deste xeito frustráronse as esperanzas postas no trato de favor que en teoria ia disfrutar o noso país en canto Comunidade con clara vocación gadeira sen outras alternativas viábeis a grande escala.

A Xunta elaborou un Plano de Abandono que lle permitiu adquirir 35.000 Tm. para engadir ás ofertadas polo Ministério. O obxectivo da Xunta é reasignar esta cota entre 2.000 produtores a maiores dos que receberán cota do MAPA. En calquer caso, a parte de ser insuficiente a cota distribuida entre os gadeiros beneficiados polo aumento, existen 23.000 explotacions das que en Decembro solicitaron aumento de cota que se quedaran sen direito a producir nada máis.

Só na Galiza opuxéronse á cuota, no resto do Estado non hai sindicatos que se opoñan a ela. ANDRÉS PANARO

Unha vez rematadas as eleicións municipais, estanse a enviar as cartas coa denegación do aumento. O feito de que a resposta ás solicitudes, sexa positiva ou negativa, non se enviase simultaneamente, senón en función da oportunidade política, foi denunciado polo Sindicato Labrego Galego. Por riba, o envio de cartas houbo de suspenderse porque no mes de Agosto os carteiros habituais están de vacacións, e os substitutos, diante do máis mínimo erro no enderezo, están a devolver as notificacións á Administración. O SLG ten previsto apresentar un recurso ás comunicacións co fin de seguir a reivindicar o direito a producir das explotacións galegas, tanto receberán a denegación como a concesión dun aumento insignificante.

Para isto, o SLG argumenta que o impedimento para que un gadeiro produza a cantidade mínima por baixo da cal a explotación non seria rendíbel é de dubidosa legalidade, a parte de politicamente insostíbel. Segundo o recurso do SLG, esta resolución vulneraria os princípios reitores da Política Social e Económica da Constitución, asi corno da mesma normativa, por canto o artigo 2 do RD 1888/91 consagra que se debe garantir "un adecuado nível de renda para os produtores".

A filosofía da Consellaria é que a cota abonda sempre que se reparta axeitadamente através dun *mecanismo corrector* que seria o mercado de cotas. Sen embargo, este entramado especulativo de compra-venda fomentado desde a Consellaria está a provocar a existéncia da chamada *cota morta*, que se reserva para negociar con ela en vez de entregar desinteresadamente a outros produtores que a necesiten de xeito inmediato.

Pola sua banda, o Ministério ten dificuldades para manter a sua táctica de engado a Bruxelas, táctica que empezou a utilizar tarde, cando o fraude era xeneralizado por parte de todos os países da UE (axudas a viñedos falsos en Itália, manteiga de intervención en Alemaña que se doa á Alemaña do Leste para volver a intervila, carne hormonada en Bélxica, subvencións a agro-industrias na Franza disfrazadas como cretos *perpétuos* dos bancos en poder do Estado, etc...). O Ministerio míntelle a Bruxelas nos dados de producción que lle entrega de xeito que a Galiza tivo na campaña 94/95 que rematou en Marzo unha producción de 110.000 Trn. por riba da cota (incluída a reserva nacional) segundo as estimacións das indústrias, non en tanto en Bruxelas manexan uns dados que lle outorgan a España unha produción do 96% da cota, é dicer, inferior á cota do Estado. Por esta razón o Ministério négase á petición dos sindicatos agrários e indústrias de pedir máis cota a Bruxeias, pois seria recoñecer que a produción é maior que a cota asignada ao Estado e que os dados entregados son fal os. En todo caso, a Administración non xustifica feitos como que producindo por debaixo da cota, hai máis de 30.000 productores galegos que solicitan cota suplementária porque non lle chega a que teñen.

Esta situación de parche permítelle ao Governo sair do paso, de cara a pasarlle a pataca quente ao vindeiro Governo, que no Ministério dan por seguro será do PP; o problema é que en vez de presionar diante de Bruxelas para defender unha solución estrutural ao problema, estase a imposibilitar unha saída definitiva ao conflito que remate coa incerteza na que leva o sector desde o ano 87, situación que está a provocar semellantes efectos que a execución da supertaxa, por canto non permite unha planificación de investirnentos e unha actualización das explotacións mentres non se saiba no que quedara a aplicación das cotas.♦

INDÚSTRIA DE BEIRAMAR

TRES MOEDAS DE CÁMBIO: PESCA, ESTALEIROS E CONSERVA

SEVERINO XESTOSO

O cerco internacional que desde hai meses envolve á pesca de altura, é unha situación propícia para os que chegan con remédios, alívios e reconversións, tan peregrinas como imposíbeis.

Hai quen está por sementar toda a beiramar de *clubes náuticos de calidade* para transformala á volta de poucos meses nun Montecarlo: rios de marcos e dólares que van cambiar a banda do mar ainda que nunca aparezan nas estatísticas oficiais.

Outro retrouso, tamén de corte turístico, é a de reciclar á mariñeiria para que se entreteña en facer xiras polas Rias para xente de paso, abordo dos vellos barcos. Os homes curtidos por moitos anos de mar en Terranova, África do Sudoeste ou o cerco da sardiña nas illas, amosarán as paisaxes iluminadas que descreera Castroviejo mentres a muller e os fillos dos *mariñeiros en terra* fabrican e venden para o turista unha dorna de recordo.

A outra banda destas fantasias, quédanos o de sempre: uns estaleiros que teñen que pasar ao seitor privado ben limpos e en condicións, non tanto para demostrar que as gradas esplenden de orde e atención como para que os novos proprietários poidan campar con grandes éxitos de contabilidade en pouco tempo.

Pero sobre todo temos un seitor pesqueiro extensamente diversificado, que algunhas opinións de apariéncia técnica pretenden sobredimensionado. Parecia lóxico esperar dos diferentes subsectores que o compoñen, que fixesen fronte comun para defenderen unha explotación racionalmente planificada e ponderada que pode viver con dignidade.

> **M**adrid entrega a pesca, os estaleiros ou a conserva. Ao regatear con elas como moedas soltas, a representación española en Bruxelas pon en perigo toda unha economia.

Non se pode ocultar que algunha destas fraccións da pesca prefiren ignorarse cando non se meten en regueifas que favorecen ao adversário, invisíbel pero non inexistente. Dacordo con esta versión, o que aconteceu en Terranova é asunto dos conxeladores e o de Marrocos é un lério dos de Ribeira e a Guarda.

O terceiro seitor é a conserva. Non se trata de ver o que se debeu facer hai moitos anos, senón de comprender que hoxe é un seitor fundamental de transformación e unha fonte de riqueza. Manuel Marin quer agora deitar unha parte da fábricas de conservas na balanza. Explica que o que quer é mover a posición de Rabat con ese volume de conservas marroquinas libres de arancel.

Pero foi Marin o que lle deu á Comisión Europea a reputación que ten no ámbito pesqueiro. Precisamente nas negociacións do ingreso trocou laranxas e máquinas ferramenta por barcos, para despois proclamar que non habia outra saida. Por un problema de axuste final, Marin puxo no lote as conservas que tiveron que arrastrar dez anos de castigo arancelário.

Agora atopamos outravolta a este funcionário do Governo central sentado no eixo dunha discusión entre a UE e un interese pesqueiro e quer resolvelo entregando unha parte das fábricas de conservas que quedan daquela queima. Cando a negociación é difícil, o governo de Madrid entrega a pesca, os estaleiros ou a conserva. Tres pezas clave para a vida das Rias e do país, que non se poden comprender separadamente. Ao regatear con elas como moedas soltas, a representación española en Bruxelas pon en perigo toda unha economia.♦

A CRISE PESQUEIRA

Enma Bonino na sua reunión cos representantes dos sindicatos en Santiago. VOZ NOTICIAS

Os armadores pediron á comisária Bonino a solidariedade da UE contra a redución de cuotas

Os mariñeiros esixen de Bruxelas que recoñeza á pesca como sector básico

■ SEVERINO XESTOSO

Para alguns centros de decisión pesqueira, a visita de Emma Bonino foi un recoñecemento da primeira poténcia de pesca da Unión Europea. Esas mesmas opinións non comprenden á Comisária de Pesca cando anúncia que o acordo con Marrocos poderia asinarse decontado cun recorte do 30 por cento das capturas.

No sumário de información sobre o estado da pesca entregado á Comisária en Santiago, hai dados abondo para comprender por que os mariñeiros seguen en pé de guerra. Na primeira das solicitudes, entregada pola Asemblea de Mariñeiros á Comisaria de Pesca, defínese ao sector como pilar básico da economia. As medidas para salvar a pesca terán de arbitrarse desde esta perspectiva de apostar pola continuidade da industria pesqueira. Isto significa non promulgar máis medidas de recorte tanto no número de buques como de traballadores do sector.

Da Unión Europea reclámase a axilización de Acordos con terceiros paises, en materia de caladoiros: Namibia, SulafriCa, Libia, Malvinas, Chile Arxentina etc, polo tempo que sexa posibel rendabilizar a explotación das campañas pesqueiras. O documento inclue no ponto cuarto, unha série de medidas sociais de gran importáncia dentro de cinco apartados: a)Criación dun Fondo de Emprego Pesqueiro que atinxa a todos aqueles traballadores da pesca en paro por causa dos recortes da frota, por paros biolóxicos ou por acordos, durante todo o periodo que dura tal situación. b) Xubilación anticipada en tdas as frotas para todos os mariñeiros maiores de cincuenta anos, con amortización dos postos de traballo vacantes.
c) Subvención a todos os armadores afectados durante todo o período de parada forzosa.
d) Habilitación para tódolos sectores empresariais e sociais afectaos indirectamente, de medidas crediticias e fiscais. e) Homologacion en matéria de direitos laborais e sociais coa lexislación da UE, para todos aqueles traballadores que se vexan na actualidade ou no futuro embarcados en pesqueiros con Pavillón de terceros paises.

Quince anos de restruturación

Entre os empresários as diferéncias neste momento de grande importáncia para a Galiza pesqueira, son mínimos. O documento que a Cooperativa de Armadores de Vigo entregou á Comisária, sinala que "a frota pesqueira galega leva máis de 15 anos suportando unha reestruturación permanente". Estes profundos recortes foron de 73 por cento para a frota bacalloeira, de 51 por cento para a frota de fresco do Gran Sol e de 48 por cento para a conxeladora. Outras como a do palangre de superfície de peixe espada están ameazadas de ou limitárselles os cupos de pesca no Atlántico.

Como accións prioritárias, os armadores propoñen para a frota conxeladora: Apoio e solidaridade de todos os Estados membros para que non se reduza cuota de pesca nengunha na próxima xuntanza da *Nafo* a celebrar en Setembro.

Despois están novas campañas de investigación cientificas e experimentais ou bio-económicas con plena utilización das cuotas do acordo UE-Groenlándia, negociación de novos acordos de pesca e que o mantemento de trabalo nas sociedades mixtas se fagan con aplicación da seguridade social do Estado.

Para a frota do Gran Sol (Mar Céltico), integración plena na política pesqueira comun, tratando de que o novo réxime de aceso permita planificar ás empresas, dar solución ao problema das capturas incidentais e compra de direitos de pesca e renovación da frota.

Pédese ademais no escrito, a ampliación de zonas e cupos de pesca para a frota bacalloeira e un censo cerrado para a frota do palangre de superfície. Finalmente reclámase unha campaña internacional de imaxe para a frota galega. ♦

> Como accións prioritárias, os armadores propoñen para a frota conxeladora: Apoio e solidaridade de todos os Estados membros para que non se reduza cuota de pesca nengunha.

A NOSA TERRA ENCADERNADA 1978 - 1993

(16 TOMOS)

Tomo I	1978	4.000 pta	☐
" II	1979	" "	☐
" III	1980	" "	☐
" IV	1981	" "	☐
" V	1982	" "	☐
" VI	1983	" "	☐
" VII	1984	" "	☐
" VIII	1985	" "	☐
" IX	1986	" "	☐
" X	1987	" "	☐
" XI	1988	6.000 pta	☐
" XII	1989	" "	☐
" XIII	1990	" "	☐
" XIV	1991	" "	☐
" XV	1992	" "	☐
" XVI	1993	" "	☐

A coleición completa (16 tomos) terá un prezo de 68.000 pta!

FORMA DE PAGAMENTO:

PARA A COLEICION COMPLETA

☐ Ao contado (cheque)

Domiciliación bancária: ☐ 3 recibos de 22.667 pta.
☐ 6 recibos de 11.334
☐ 12 recibos de 5.667

PARA TOMOS SOLTOS

☐ Ao contado (cheque)
☐ Domiciliación bancária
(até un máximo de tres recibos sen custe financeiro)

Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas: APARTADO DE CORREOS 1.371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

NOME ..... APELIDOS .....

ENDEREZO .....

..... C.P. ..... TELÉFONO .....

POVOACIÓN ..... PROVÍNCIA .....

Pago domiciliado (cubrir dos dados do boletin adxunto)

BANCO/CAIXA ..... CONTA/LIBRETA Nº .....

TITULAR DA CONTA/LIBRETA .....

..... Nº SUCURSAL .....

POVOACIÓN ..... PROVÍNCIA .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A NOSA TERRA)

ATENTAMENTE (SINATURA) DATA

MEIO AMBIENTE

Serviria para desmantelar Teis e tratar todo o lixo da província

Sogama trata en segredo de montar unha empacadora na factoria da *Cross* en Pontevedra

■ H.V.

A Sociedade Galega de Meio Ambiente (SOGAMA), participada maioritariamente pola Xunta (51%), e na que completa o accionariado a Fenosa, está a iniciar trámites segredos para situar unha empacadora de lixo nos terreos da factoria da Cross en Pontevedra, xunto á Xunqueira de Alba, á beira do ferrocarril e a 900 metros da autoestrada e o vial do Salnés.

Plantas de transferéncia como a de Teis, na foto, forman parte do negócio do lixo.

Sogama pretende ocultar ao PP local a operación ante o temor da sua oposición, xa que seria en terreos privados e serviria para empacar case todo o lixo da província.

A fábrica de Cross —unha factoria química pechada a finais dos anos sesenta— está a ser empregada polo empresário de Marin, Ceferino Nogueira, para almacenar cereal e a ela chega unha liña de ferrocarril en desuso que en tempos formou parte do trazado entre Pontevedra e Compostela. Tamén está situada nas imediacións da saída Norte de Pontevedra da autoestrada e do vial rápido do Salnés. A parcela, de 7,3 Ha, ten unha edificabilidade do 0,5 m2/m2 e un chan "non programado coa posibilidade de albergar unha nova instalación industrial". Esta conxunción —conexións viárias e ferroviárias e programación do chan—, fan que Sogama vexa con ollos gorentosos a localización da empacadora.

Contodo, as condicións de ordenamento esixen a protección da marxe da Xunqueira de Alba, unha zona de por si protexida, e a depuración de calquer vertido. A sensibilidade ecolóxica da povoación local tamén poderia ser un obstáculo para esta instalación.

O PP pontevedrés oponse a esta construción, xa que a planta seria de propriedade mixta (privada e de Sogama) e todos os presupostos indican que o volume de negócio seria moi alto. Neste sentido, os *populares* pontevedreses preferirian participar eles nesta empresa.

Desde a Dirección Xeral de Meio Ambiente estívose a negar que Sogama fixese prospeccións para a construción da empacadora, pero despois o subdirector xeral, Xosé António Rueda Crespo, desmentiu que a empacadora fose para substituir á polémica planta de Guixar, no bairro vigués de Teis. De negar absolutamente a notícia, a Administración pasou a matizar que simplesmente serviria para empacar o lixo de Pontevedra.

Pero tanto a ubicación segreda na factoria de Cross, como a posibilidade alternativa no Rapadiño —que si foi divulgada por Meio Ambiente—, debido á sua situación próxima á autoestrada e ao ferrocarril, están nunha situación idónea para recoller todo o lixo xerado no Salnés, o Morrazo e o Sur da província, incluído Vigo.

Tanto o alcalde da localidade, Xoan Luis Pedrosa, como o tenente de alcalde, Xermán de la Iglesia, fixeron manifestacións de disgusto por esta posibilidade, pero a cidade ten un grave problema de acumulación de lixo.♦

CONFLITOS NOS CONCELLOS

Iria á periféria, xunto a *Continente*, facilitando a especulación

Os comerciantes afectados contra o translado da Estación de Autobuses de Lugo

■ F.ARRIZADO/LUGO

A intención do concello de Lugo de cambiar a ubicación da Estación de Autobuses e transladala xunto á zona do Carme, na periféria da cidade, tivo como consecuéncia a constitución dunha Plataforma de Afectados. A operación urbanística, tildada de especulativa, disgusta ao entramado comercial e empresarial da cidade, que cre que a Estación deberia continuar na sua ubicación actual para non diminuir os servizos na zona e non alterar o equilíbrio comercial desa área.

Os proprietários da botica Seoane e do bar Sevilla son os promotores dunha asociación de afectados que se constituiu no seranciño do Mércores 2 de Agosto. A vocación comercial da asociación poderia ser extendida a outros colectivos, nomeadamente asociacións de viciños. Miles de persoas viven na céntrica zona na que está a Estación (a poucos metros da muralla), e temen perder un servizo esencial. A maiores, noutras localidades, como Ourense ou Vigo, o translado da Estación de Autobuses a zonas periféricas tivo unha incidéncia negativa no uso do transporte colectivo interurbano e significou un trastorno para os usuários.

En Lugo témese que os terreos da actual Estación de Autobuses sexan aproveitados para unha operación especulativa cuxos beneficiários ainda non son coñecidos. O valor do solar, de propriedade municipal, é moi alto, pero o alcalde Xoaquin Maria Garcia Díez xa suxeriu a idea de situar na parcela o auditório municipal. Este último extremo ven a confirmar que o Grande Teatro, cuxa calificación urbanística está no Tribunal Superior, non será reabilitado. A construción do auditório —para o que tamén habia unha parcela próxima ao *Continente*— non seria óbice para outras edificacións, aínda por determinar.

O proxecto de translado da Estación de Autobuses comezou a xestarse con Tomás Notário Vacas na alcaldia. Daquela o lugar agora escollido aparecia como o máis idóneo. A parcela está próxima ao hipermercado *Continente* e ao lugar onde se vai montar a Feira Exposición e está situada perto da variante da Estrada Radial VI, que fai as veces de cinto de circunvalación da cidade. Razóns de operatividade para os autobuses, asi como o descenso no impacto no tránsito urbano son esgrimidas pola alcaldia para xustificar o translado. De todos xeitos, estes argumentos chocan co feito de non ter entrado en funcionamento o Plano de Mobilidade do Tránsito, destinado a aliviar a conxestión nos principais viais da cidade.

Hai numerosas operacións de adquisición de fincas en toda a zona do Carme, construtoras e promotoras como *Núñez* e *Hipólito* están a copar as parcelas e a ubicación da Estación de Autobuses consolidaria a expansión e daria máis valor aos terreos da área. Todo depende da decisión final do alcalde Garcia Díez, que é xenro de Varela Villamor, outro dos principais constructores da cidade.♦

Vivenda e fiscalidade

MANUEL CAO FERNANDEZ

A piques de comenzar o periodo para a declaración da renda deste ano de 1995 o ministro Borrell lanzou a bomba da posibel supresión das desgravacións fiscais para a compra de vivendas, ao menos para os propietários de rendas altas. Polas mesmas datas o PP falou dunha redución dos tipos impositivos ocultando, en cambio, a proposta de supresión de todas as desgravacións. Desmentidos posteriores deixaron en simples estudos o que antes eran proxectos, obrigados pola presión da chamada opinión pública, é dicer, dos grupos de presión: constructores, bancos e reprentantes das clases média e alta beneficiários desta política fiscal.

En España, en torno á vivenda privada e á obra pública dase pulo a un dos principais sectores económicos: a construción. A maioria das empresas do sector son españolas e a criación de emprego directo e inducido via relacións interindustriais converte a construción nun dos indicadores utilizados para mediar a recuperación económica. Construir e vender vivendas é unha actividade sinxela que non require gran capacitación técnica ou organizativa. Mais, non hai máis que ver as vivendas desconchadas da Habana ou as infravivendas dos países do Este para decatarse que unha asignatura maria como esta revelouse barreira insuperábel para o socialismo real. O exceso de vivendas en Galicia é unha evidéncia estatística que cuestiona as cómodas ideas que asumen como hipótese correcta unha evidente falsedade: a falta de vivendas.

En Galicia esta situación agrávase pola diminución progresiva da povoación e pola tendéncia dos galegos a querer facer unha casa como nímino na súa vida. O carácter aforrador, a laboriosidade innata e o individualismo do traballador galego conduce a éste a adicar boa parte das suas enerxías físicas e financeiras a facer e comprar pisos e casas. Calqueira persoa que se dirixa, por exemplo, a Santa Comba (A Coruña) comprobará a poténcia urbanística dunha vila que poderia aloxar con pequenos retoques a máis de 30.000 persoas. Corresponderia aos máximos dirixentes da elite que nos domina ser capaces de mobilizar todos estes recursos reais e financeiros cara actividades económicas con máis futuro e utilidade social cara o medio prazo pois esa é, teoricamente, a súa labor principal pola que recben importantes honorários. Tarefa imposíbel pois precisamente os intereses que representan están relacionados coas actividades financeiras e inmobiliárias e moi alonxadas das actividades industriais máis esixentes das que fuxen aterrados ao berro famoso do: "Que inventen ellos".

A fiscalidade sobre da vivenda é claramente regresiva, favorece máis aos ricos, engorda as contas dos bancos e dos constructores, favorece a unha clase média que soña con converterse en propretario e rendista, resulta eleitoralmente moi rendabel e fomenta actividades especulativas e escasamente innovadoras. Pola contra, fai aumentar o déficit público pola renúncia a perceber recursos importantes cuantitativa e cualitativamente, dificulta a loita contra o fraude, incentiva a propriedade e penaliza o aluguer e, sobre todo, induce á sociedade a adicar esforzos e recursos escasos cara actividades pouco rendábes socialmente no longo prazo. ♦

> 'A fiscalidade sobre da vivenda é claramente regresiva, favorece máis aos ricos, engorda as contas dos bancos e dos constructores"

DEPORTE-ESPECTÁCULO

O Consello Superior de Deportes afírma que será "escrupulosamente rigoroso coa legalidade"

O recurso é a última instáncia para que Celta e Sevilla non descendan

■ A.E.

Os avais con data do 31 de Xullo, xunto co recurso que Celta e Sevilla apresenten o Xoves 3 de Agosto será determinante para que o Consello Superior de Deportes revoque a decisión de descendelos a Segunda División B. Cortés Elvira, Secretário de Estado para o Deporte afirmou que "se é certo que os avais teñen data do 31 de Xullo, non ten que haber problema para que permanezan en Primeira".

O Celta vai recorrer ante o Consello Superior de Deportes o seu descenso de categoria alegando que o aval preceptivo que debia de apresentar a directiva o 31 de Xullo se trapapelou e por iso non foi incluido cos demáis documentos que Atilano depositou o Luns personalmente na Liga. Neste recurso farase fincapé en que, se ben non estaba entregado, o aval existia, para o que se amosa un aval do Banco de Santander (número 970/.102.900) con data do 31 de Xullo de 1995 e vencimento para o 1 de Xullo de 1997. O importe é o preceptivo de 48.065.032 pesetas.

Entre os princípios xurídicos esgrimidos está a desproporción da sanción coa irregularidade "ou unha falta adecuada de formalismo". Considérase que "ao lado do princípio de legalidade está o de proporcionalidade e tamén o de antiformalismo". Considérase que estes dous princípios rexen actualmente no ordenamento xurídico español. Tamén se reclamará o "princípio de igualdade", incluindo no recurso diversas excepcións que se teñen feito todos estes anos nos prazos sen que houbese sancións.

O Sevilla, cuxa sorte está ligada á céltica, por iso actuan cordenados para ter máis *poder de persuasión"*, tamén alega que existiu un "erro burocrático", segundo afirmación do seu vicepresidente Xosé Maria del Niolo. O presidente Cuervas, a quen os afeizoados consideran os responsábel, non foi quen ainda de dar a cara, pero mentres os directivos sevillistas afirman que, arranxado o asunto se depurarán as responsabilidades a que houbese lugar, en Vigo ainda ninguén falou de responsabilidades.

Presión na rua

Ainda que tanto o alcalde de Vigo, Manuel Pérez, como os directivos vigueses que se entrevistaron en Madrid coa Liga de Fútbol Profisional e co Consello Superior de Deportes consideran que é importante o recurso, pensan que todo vai depender da vontade política para solucionar o conflito.

O director xeral do CSD, Alfonso Arroyo afirmou tanto nas negociacións como públicamente que vai ser "escrupulosamente rigoroso coa legalidade, limitándose o CSD a decidir se cumpriron ou non os requisitos e se a decisión foi ou non correcta". O cabalo de batalla vai estar en se ao ter Celta e Sevilla os avales con data do 31 de Xullo a sua documentación é válida, ainda que cometese a falta de non apresentelos, ou se carecen de validez.

ANXO IGLESIAS

As mobilizacións a prol do Celta sucedéronse desde que se coñeceu a noticia.

Desde a Liga da Fútbol Profisional sospéitase que estes avais foron conseguidos posteriormente e terian unha data anterior. Pero este extremo terian que probalo, algo bastante difícil ao ser normal na práctica bancária. Na LPF afírmase que na noite do 31 se quixeron pór en contacto en diversas ocasións tanto co Celta como co Sevilla sen que puidesen facelo. Se tivesen chamado pedindo un prazo por equivocarse na entrega da documentación, todo poderia ser doutro xeito.

Considérase que agora, revocando a decisión de non inscribir a Celta e Sevilla na Liga Profisional se perxudica direitamente a Albacete e Valladolid. Estas duas equipas que presionaron para que se tomase na LFP unha decisión terminante non están dispostos a que se dea marcha atrás.

O CSD non quixo chegar a nengun acordo mentres non se apresentase o recurso. Como se considera que a aceitación ou non das alegación depende da vontade política do CSD, as afeizóns do Celta e Sevilla decidiron unirse para presionar.

En Vigo, además da manifestación do Martes en Balaidos, con berros contra da directiva, o 2 de Agosto houbo unha nova concentración dunhas 1.500 persoas con posterior manifestación até a Praza de América. Pola noite os siareiros voltáronse a concentrar. Para o 3 de Agosto ás nove da noite está prevista unha nova concentración da Porta do Sol. As peñas, pola sua banda, tomaron a decisión, despois dunha asembleia de que "se o Consello de Administración non é capaz de arranxar o problema, manifestarnos en Madrid conxuntamente coas peñas sevillistas", segundo o presidente en funcións, Xoan Xosé Docampo.

De confirmarse o descenso o Celta poderia desaparecer , pois co único património que conta é cos xogadores e estes quedarian en liberdade para fichar por outros clubes sen que o Celta receba compensación algunha. A nova equipa só poderia contar con 6 profesionais, 6 amateurs e 6 xogadores sub-21. Non recibiria axudas da LFP en concepto das quinielas nen das retransmisións televisivas e teria que rebaixar tanto os abonos aos sócios, como as entradas e os conceptos de patrocínio e publicidade estática.

É de sinalar os apoios que está a receber o Celta de Vigo dos diversos estamentos e clubes galegos, incluidos aqueles cos que ten unha maior rivalidade como o Deportivo da Coruña.♦

QUE INDIGNACIÓN?

PUCHEIRO

Moitos vigueses e galegos en xeral mostráronse profundamente indignados ante a posibilidade de que o Celta descendese á Segunda División B. Pola contra, houbo outros cidadáns, con non menos razón, que mostraban tamén a sua surpresa por istes posicionamentos tan viscerais. Seguramente uns e outros teñen razón.

Os afeizoados futbolísticos, maiormente os accionistas da sociedade anónima deportiva Real Clube Celta de Vigo SAD, están no seu dereito non só de amosar a sua xenreira para con esta decisión que, ainda que legal, pode ser tamén inxusta, senón que deberán pedir responsabilidades aos xestores da sociedade pola sua mala administración, obeigándoos a resarcir os perxuícios causados. Neste caso tan grandes que deberia ser encausados rapidamente, tendo en conta a alarma social. Son precisamente os avais requeridos por lei os que tratan de impedir as nefastas xestións das directivas en total impunidade.

A incapacidade, ou a imposibilidade, da directiva celeste de cumplir pontualmente coas suas obrigas, consúmese ou non o descenso, é moito máis grave por canto ven precedida dunha rocambolesca operación para derrubar ao anterior presidente. A responsabilidade non é só dos seis directivos, senón daqueles que alentaron e participaron na operación sustitutória. O PP ten moito que ver cos cámbios habidos no Celta no seu intento de mudar as estruturas cidadanas que se asentaron durante os governos socialistas.

ANXO IGLESIAS

Durante a crise do Celta os traballadores de Álvarez permanecian encerrados no despacho da alcaldia.

Actualmente estáse a primar o ócio, pero máis dunha terceira parte da povoación non ten ócio, nen sequer traballo. Non é para indignarse?

Pero fronte á lexítima posición dos accionistas e siareiros, non hai que deixar de recordar, como fan moitos cidadáns, que o descenso do Celta, coa posíbel desaparición empresarial e os prexuícios a dúcias de famílias, non é máis grave que a de Ascón, Barreras, Alvarez, Artística, Refrey, fletán... por citar só algunhas. A mobilización social, mesmamente a contundéncia da maioria dos meios de comunicación, que se dá fronte á decisión da Liga de Fútbol Profisional, non aparece ante tantos e tan graves conflitos laborais habidos, e ainda non resoltos, na comarca viguesa. A celeridade en reunirse dos políticos, co alcalde Pérez á cabeza, e a sua xestión en Madrid, contrasta coa atitude mostrada por exemplo no caso Álvarez, cuxos traballadores seguen pechados na alcaldia.

Seguramente haberá quen argumente a diferéncia en base á representatividade do Celta. E haberá tamén quen se faga outra pergunta: por que o Celta ten que ser máis representativo fóra das nosas fronteiras que as empresas modelo que pecharon en Vigo e que daban de comer a miles de famílias? Seguramente aqui haberia que recordar o papel que tiveron os espectáculos, maiormente os deportivos, ao longo de toda a história, incluindo evidentemente a aclaración de que o seu papel vai intimamente relacionado ao sistema social. Actualmente estase a primar o ócio, pero só para aquelas clases que teñen meios para disfrutalo. Máis dunha terceira parte da povoación non ten ócio, pero nen sequer traballo. Non é para indignarse?♦

CRISE DE ESTADO

O PSOE chama á adesión persoal a González baixo o mantelo da defensa da democrácia

O Governo poderá continuar até Xaneiro sen ser encausado

■ A. EIRÉ

Até Setembro non comezará a Sá Segunda da Tribunal Supremo a determinar as implicacións de Felipe González como suposto fundador dos GAL. De momento está a discutir o procedimento: se é o próprio tribunal ou o Congreso quen decide se se procesa ao presidente do Governo.

Segundo o presidente da Sá Segunda do Supremo, Fernando Cotta, será moi posibelmente o Congreso quen deberá decidir se xulga ou non a Felipe González, conforme ao artigo 102 da Constitución. A discusión que se dá agora entre os xuristas é se as actividades dos GAL, o terrorismo de Estado, é considerado ou non como un atentado ao próprio Estado democrático.

Se asi se considera, como sostén Cotta, requírese a cuarta parte dos votos do Congreso para promover unha votación e a maioria absoluta para ser aprobado o procesamento de González. Esta fórmula xa foi barallada por numerosos xuristas como unha das que tiña na sua man o PP para encausar a Felipe González se non querian promover unha moción de censura por considerala perdida. Aznar sempre se negou a ese camiño.

Escóllase unha ou outra fórmula, até Setembro non van comezar os trámites. Seguindo os prazos legais, por moito que se dean presa no Supremo nas dilixéncias, a aprobación do suplicatório non se realizaria até Decembro, polo que González teria tempo de rematar o prazo da presidéncia europea.

O PP decidiu non manifestarse sobre a posibilidade de que sexa o próprio Parlamnto o que encause a González, mentres que IU considerou esta posbilidade como unha "auténtica lei de ponto final". Desde o PNV demándase cautela mentres arrécian as suas críticas contra Galindo e reafirman o seu ideário nacionalista no seu 100 aniversário.

A estratéxia do PSOE

A executiva do PSOE, reunida o 1 de Agosto puxo en marcha unha nova estratéxia de defensa de González e do partido ante a opinión pública. Pretende convencer aos cidadáns de que a ameaza para a democrácia é, precisamente, o relevo de González. A estratéxia está deseñada por Alfonso Guerra que teima en que González debe voltarse a presentar se sae ben librado destes embates. Seguindo unha técnica posta en marcha desde o Caso Juan Guerra, seguen rosmando en que todo se debe a unha manobra desestabilizadora contra o próprio González. Pero non son capaces de explicarlle nen as suas bases nen á opinión pública en que consiste, nen quen son os instigadores. Estase a furtar á cidadania o auténtico calado da desputa.

Estes móbiles poden ser máis ou menos controvertidos, pero non asi os feitos: a financiación ilegal do PSOE, a bolsa de corrupción que dia a dia se descobre no Ministério do Interior e dos corpos de seguridade do Estado, o terrorismo de Estado, sen que o Governo, polo menos con un mínimo de autoridade, movese unha man para paralo ou investigalo (sendo moi benevolentes), son algo incontestábel. Todo isto non se pode arranxar convocando unha conferéncia extraordinária para "defender a democrácia e a autonomia política fronte a sectores alleos á soberania popular que queren impor o seu poder", segundo acordou a executiva. Algo máis está ameazado, por iso se pede a colaboración de bascos e cataláns.♦

A ESQUERDA SOCIAL E O CASO GAL

DANIEL SOUTULLO

A actitude de pasividade e aparente indiferéncia con que boa parte da sociedade está acollendo as notícias sobre o caso GAL, cada vez máis abafantemente inculpatórias para o Governo, resultarían soamente chocantes, suprprendentes e ou preocupantes senón fose pola extrema gravidade do asunto. Semella que estamos xa tan afeitos a convivir cos cadáveres podres —nunca mellor dito— que xa non notamos o nauseabundo fedor que desprenden. Lembra isto a situación de quen entra nunha granxa de galiñas e fica desagradabelmente impresionado polo forte cheiro que hai no seu interior, mais ao cabo de média hora, unha vez que o olfato se aclimatou á situación, déixase de perceber o cheiro, e a sensación de desagrado trócase por unha indiferente adaptación á situación.

Pero aqui non falamos de galiñas. Estamos perante unha trama criminal que perpetrou case unha trinţena de asasinatos; cometeu vários atentados indiscriminados contra bares frecuentados por refuxiados no sul da Franza; fixo desaparecer, despois de seren salvaxemente torturados até a morte, os corpos de dúas persoas (Lasa e Zabala); unha organización, en fin, que desde o corazón do Ministério do Interior practicou todo tipo de accións criminais coa maior impunidade. Mesmo no secuestro do cidadán francés Segundo Marey, unha vez recoñecido que capturaran a unha persoa totalmente allea á "guerra" por un chapuceiro erro, decidiron seguir adiante co mesmo, nunha manifestación aberrante do principio de que "o fin xustifica os medios".

Pero, que quero significar cando falo de pasividade e indiferéncia da sociedade? Non me estou a referir á cidadanía en abstracto. É sabido que as forzas políticias da dereita tradicional, e parte dos seus apoios sociais e eleitorais, sempre foron moi sensíbeis á lóxica da razón de Estado. Fraga nunca tivo pelos na lingua para dicir que "o mellor terrorista é o terrorista morto". O realmente alarmante é que boa parte das xentes da esquerda, incluida da esquerda nacionalista, semella non estar moi polo labor de denúncia deste caso flagrante de terrorismo de Estado, ¿por que?

Nun principio alguns amparábanse en que non estaban claras as implicacións da cúpula governamental, que podía ser obra de elementos fascistas incrustados no aparello do Estado, de elementos mafiosos coma Amedo. Despois das declaracións en cascada de Planchuelo, Álvarez, Sancristóbal e Garcia Damborenea xa non fica lugar para a dúbida sobre a implicación directa dos máximos responsábeis guvernamentais (incluido o próprio presidente do Governo) no deseño de tan macabra estratéxia.

Hai quen considera que todo responde a unha montaxe, a unha trama destinada a desprestixiar ao PSOE, e especialmente a Felipe González, para descabalgalo do Governo. Perante esa trama estaría o xornal *El Mundo* e detrás da mesma ocultaríase Mario Conde. Tamén, nesta mesma liña, hai quen recorre a explicacións baseadas na psicoloxía persoal do xuíz Garzón que, levado pola sua ánsia de revancha, pescuda probas inculpatórias a calquera prezo. Pero a cuestión non é se Conde e Pedro J. Ramírez queren lumbar ao PSOE, nin se Garzónb amosa un celo xudicial digno de mellor causa. O relevante é se o que está a saír a luz corresponde á verdade duns feitos que amosan que o Governo estivo metido ata as cellas nun episódio de "guerra suxa" de enormes proporcións.



Hai, tamén, quen xustifica todo o ocorrido argumentando a conivéncia e complicidade, durante aqueles anos, do conxunto da sociedade coas actuacións dos GAL e dos seus responsábeis políticos. Pero non pode haber xustificación posíbel. Tamén a sociedade alemana tapou os ollos fronte ao holocausto e non por iso aceitamos atenuantes perante o extermínio perpetrado polo nazismo. Con que sensibilidade democrática se pode defender semellante argumento exculpatório?

Por último, existen persoas, e mesmo organizacións políticas e sociais, que non queren favorecer o advenimento do PP remexendo nas cloacas do PSOE. Neste caso as máis elementais consideracións éticas subordínanse ao frío cálculo eleitoral. E todo porque se segue a considerar que o PSOE é un partido de esquerda fronte a unha dereita ultramontana simbolizada polo PP. Lonxe da miña intención poñer en dúbida o carácter reaccionário do PP, en xeral e neste tema en particular. Xa fixen referéncia ás manifestacións de Fraga. Tamén está clara á desvergonza de Aznar cando fala da necesidade imperiosa de pasar a páxina neste tema porque o Estado estase indo polas cloacas. Sen embargo, acaso o terrorismo de Estado é menos condenábel porque sexa organizado polo PSOE e non pola dereita tradicional?. Merecerían distinta consideración os atentados se fosen promovidos por un governo de dereitas?. ¿Vai que aplicar dúas vaaras distintas de medir ás violacións dos dereitos humanos, coma a tortura ou os asasinatos, dependendo de quen governe? En calquera caso, considerar a estas alturas ao PSOE como un partido de esquerda non deixa de ser un sarcasmo, sexa cal sexa o significado que queiramos darlle á palabra esquerda.

> 'Tal vez sexa inxénuo pero creo que estamos perante o acontecemento de maior gravidade (xunto co 23-F) de todos cantos teñen acontecido desde o comezo da transición'

Tal vez sexa inxénuo pero creo que estamos perante o acontecemento de maior gravidade (xunto co 23-F) de todos cantos teñen acontecido desde o comezo da transición. Nin os episodios máis escandalosos de corrupción (que non foron poucos), nen as escoitas telefónicas do CESID, con seren moi graves, poden compararse ao caso GAL. Ou é que pensamos que e o enriquecemento ilegal é máis grave que o asasinato, como unha e outra vez dá a entender Rafael Vera?

Apesar de todas as civas antidemocráticas que ten a Constitución Española, parecia claro que a pena de morte ficara abolida e que ninguén podia ser condenado sen mediar un xuízo. Pero non, a pena de morte continua vixente nalgúns casos (cando menos os responsábeis do GAL aplicáronna en vintesete ocasións sen mediar nengún tipo de procedemento xudicial).

Todo isto non resulta absolutamente indignante?. Podemos ser indiferentes ás xentes democrátas, de esquerdas, nacionalista<s ou, simplemente, moralmente honestas con este horror consentido e reivindicado?. Debemos asumir unha amnésia colectiva fronte a unha razón de Estado criminal?. Que tipo de consideracións nos poden levar a mirar simplemente para outro lado ou a gardar silénccio? Está ata tal punto corrompida a nosa conciéncia democrática?.

Nun fermoso poema, José Agustín Goytisolo dicía que "a liberdade é a ira". Por que levantan tan pouca ira e rábia as responsabilidades do GAL no mundo da esquerda, incluída a nacionalista? Será que a nosa conciéncia non é totalmente libre?♦

CRISE DE ESTADO

Francisco Rodríguez

'O PP necesita maioria absoluta porque alguns poderes fácticos non toleran acordos cos nacionalismos'

■ XAN CARBALLA

Segundo o deputado nacionalista hai un "intento desaforado do Partido Popular por gañar as eleicións por maioria absoluta", posto que a presión contra o Executivo acelérase no momento que pacta co nacionalismo. Francisco Rodríguez critica ás forzas que falan da situación actual obviando o papel constitucional do exército e a asignatura pendente das nacións do estado, ás que non ser recoñece o direito de autodeterminación.

Como se ve no BNG a actual situación de crise política no Estado?

Preocúpanos, non tanto pola crise en si que ten causas definidas e unha lóxica, e por tanto é positiva, como polo panorama que se abre para o futuro. É moi diferente que desta crise institucional saia un Estado español de estrutura máis democrática, máis respeitosa cos direitos dos cidadáns e das nacións que o integran, a que saia un Estado español que repita as *finezas* posteriores a 1981, nunha situación internacional moi empiorada.

A que se refire ao falar de causas lóxicas e definidas?

Lóxica porque as causas que a provocan teñen orixe en que o aparato político serviu de cobertura a prácticas antidemocráticas de control dos cidadáns, perseguindo aos movimentos que non eran fieis á Constitución española, e que foi cobertura dunha política económica ao servizo das grandes oligarquias financeiras que destruiu o aparato productivo de paises como Galiza. Estas causas só aparecen no nível que interesa a quen orquestran a situación. O perigoso é que a maioria da povoación non controla o desenlace do conflito

Recentemente o BNG pronunciouse pola celebración imediata de eleicións lexislativas, como única saida razoábel.

O que dixemos foi que inevitabelmente, tal e como se puxo a situación, se o governo ainda tendo lexitimidade constitucional se aferra ao poder, os ataques podian chegar non só moi lonxe, senón que faria a cada máis insalvábel a sua situación. Por iso coidamos inevitábel que se adianten as eleicións. Que sexan en Novembro ou en Marzo non é determinante, pero non poden pasar da primavera.

Nós trataremos de que o nacionalismo galego, através do BNG, teña preséncia nas Cortes do estado, e que na segunda andanada antidemocrática que é previsíbel que veña despois podamos defendernos en mellores condicións, e procurar saidas para o Estado español por camiños máis positivos para as nacións e os cidadáns.

> 'Quérese manter un estado centralista e unitário, e iso precisa un aparato represivo para logralo.

Papeis cambiados

Durante esta crise as posicións aparecen trastocadas e o PP apreséntase como principal adalide do estado de direito.

O que hai é un intento desaforado por conseguir que o Partido Popular gañe as eleicións por maioria absoluta. É a única alternativa que ao PP e a certos poderes fácticos lle interesa. De camiño inténtase eliminar a todos os nacionalismos que hai no Estado español, incluidos aqueles que pasan por ser moderados ou de direitas, ainda que afirmacións como as realizadas polo PNV no seu centenário serian furibundamente condenadas por radicais se se din na Galiza.

O PP opta polo confusionismo, pero na práctica ampara por completo os aparatos da policia e do Exército tal e como están funcionando. Mesmo se fosen consecuentes, os partidos do arco constitucional deberan estar berrando contra todas as liberdades provisórias aplicadas aos acusados ao GAL, porque con esa mesma vara de medir tiñan que soltar aos presos de ETA. A crise do aparato de estado está demostrando non só que non é de direito polas acusacións que se fan nestes dias senón pola maneira de abordalo. Xustificar que a alguén o botan do cárcere porque paga 200 ou 1.000 millóns,... que fagan o mesmo cos que xa cumpriron dous tércios da condena, que son moito máis de sete meses.



ANXO IGLESIAS

No fundo de todo non está a incapacidade do Estado de asumir o problema nacional?

Velaí está a gravidade. Non se quer admitir o direito de autodeterminación nacional. Quérese manter un estado centralista e unitário, e iso precisa un aparato represivo para logralo. Nun Estado español con tres nacións, duas delas dunha importáncia económica moi grande (Euskadi e Cataluña) e outra cun potencial de riqueza norme como é Galiza, non entran dentro do abano da normalidade o problema é claro. Os cidadáns teñen que saber que se na actualidade se fala en relación a Euskadi, realmente o control dos cidadáns e o intento de destrucción do movimento nacionalista deuse sistematicamente, dunha maneira forte, aguda e agresiva polo aparato do Estado desde o ano 1981 até o 1990.

Outro elemento que apenas se cita é a tutela autónoma sobre a *unidade nacional* que lle concede a Constitución ás Forzas Armadas. Non vivimos o corolário do golpe do 23 de Febreiro de 1981?

Efectivamente, e no momento en que o PSOE tivo máis éxito foi cando avalou máis este tipo de conductas. É no momento final cando se lle tiran á luz estes problemas, pero tendo exquisito coidado as forzas que atacan ao Governo en non tocar a responsabilidade institucional do exército. Como se pode torturar a Lasa e Zabala en dependéncias do Ministério do Interior sen complicidades orgánicas a todos os níveis? Como explicar tanto coidado e respeito, cuase até o paroxismo, co Exército, que parece que non forma parte do Estado nen está sometido aos mesmos critérios? Mesmo ten permisividade para facer negócio cos edifícios públicos que van abandonando, que nen sequer teñen que ceder a outras institucións públicas. Ou podemos perguntarnos como poden mandar para casa a persoas do exército, con idades de 35 e 40 anos, co soldo íntegro e ascendendo no escalafón, ao tempo que simultanean legalmente outros postos de traballo.

Frente a iso afírmase sen pudor que todo nacionalista ou persoa que non comunga coa constitución é "terrorista" ou "fanático". Cando se ven as consecuéncias desa teima obsesiva dicer "eu non fun" é unha política moi cómoda.

Tamén resulta surprendente que sexa o próprio estado quen contribua a sacar á luz parte dos asuntos.

As complicidades coñeciamolas desde hai tempo os cidadáns con certa conciéncia política. Uns aceitábano e outros rexeitábamolo pero non tiñamos onde facer unha protesta con eco dabondo. Agora en vez de conseguir unha conclusión democrática vaise a unha via de escepticismo –"toda a política é igual"— ou posición reaccionárias de que aqui fai falta unha involución maior, máis "mao dura". Isto é o que pode dar lugar a unha terceira transición, que incidiria nas eleicións, nos meios de comunicación, no funcionamento dos partidos, en semellanza cos fenómenos producidos en Itália, ou co sistema francés ou inglés no que os partidos maioritários devoran todo o arco político. No Estado español o aparato político tal e como está actualmente non lles gosta aos que teñen moito poder. ♦

'Hai que perguntarse se deixaron de vixiarnos'

A aparición do GAL coincide no tempo case coa expulsión dos tres deputados nacionalistas do parlamento galego.

Foi a primeira experiéncia represiva dese tipo que se fixo no Estado: a aplicación retroactiva dun regulamento a uns deputados eleitos. Non para que prestasen acatamento senón fidelidade á Constitución española. Pero aquel tempo estivo inzado de agresións ao nacionalismo galego: a traida dos restos de Castelao en Xuño de 1984 fíxose nun ambiente de carácter represivo contra o nacionalismo, e cos deputados expulsos da cámara autonómica; os intentos de proibición de celebrar o Dia da Pátria Galega está ntodos situados entre os anos 1981 e 84; no 1985, durante o proceso eleitoral, non se nos permitiu utilizar os médios de titularidade pública (lémbrese o impedimento de saír no programa a *La Clave* de Balbin); producianse a cotio detencións por 48 horas co gallo de calquer tipo de manifestacións legais ou ilegais e realizábanse etencións na rua sen orden xudicial de nengun tipo.

Eu mesmo vivin moito tempo coa policia á porta da casa e seguíndome. Mesmo cando fun detido e levado ao cárcere no 1988 colléuseme pola rua sen orde xudicial e ingresei en prisión tamén sen mandado do xulgado. A institución xudicial participou desa situación porque hai que ter presente que os xuices tamén teñen ideoloxia e actuan con critério político. No meu xuizo denunciouse que eu estivera vixiado policialmente sen autorización xudicial e o xuiz non fixo nengunha denúncia.

Todo isto viviuse na Galiza e non quero falar doutras cuestións que se prestan á confusión, pero haberia qe pensar en cousas que pasaron até o ano 1990, se non tiñan vinculación con intentos confusionista por parte do aparato do Estado. O grave é que todo isto sucedeu pero a pergunta é: deixaron de controlarnos o teléfono, de vixiarnos? Que o cidadán pense que non se trata dunha pelexa entre grupos de poder dentro do estado que buscan a hexemonia. É todo un síntoma que todo isto aconteza co actual Executivo cando ten unha colaboración co nacionalismo de CiU e a tolerância do PNV. ♦

CADA COMARCA UN PAÍS

Os mozos de Vilar de Condes, parróquia de Carballeda de Ávia, emigraron a Zurich nos anos 60 e 70. Só quedaron, nesta aldea perto de Ribadávia, as mulleres, os nenos e os máis vellos aínda que máis tarde marcharon as primeiras para Suiza. Hoxe, alguns puideron voltar e outros seguen aforrando coa idea de cumprir o seu soño algun dia.

Hai máis de trinta anos que en Vilar de Condes comezaron a emigrar

Os de Zurich

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Manuel Martíns aínda está a rematar a sua casa. ANXO IGLESIAS

Carballeda de Àvia é unha pequena vila onde as casas novas delatan a pegada da emigración, a maior parte a Suiza. Pero, se se continua o camiño até Vilar de Condes, a pegada dos que marcharon é máis evidente. Os chalets, co tellado de pizarra negra, comezan a subir as persianas, baixas perante todo o inverno. Os emigrantes que teñen nenos en idade escolar, anticipan as suas vacacións ao mes de Xullo, pero a maior parte deles retornan a Vilar de Condes en Agosto, cando se celebran as festas da bisbarra.

Pero non todos os emigrantes conseguiron xa facer unha nova casa en Vilar de Condes. Manuel Martíns está a traballar co seu fillo para rematala. Non lle falta moito pero moléstalle que a xente da aldea pense que todos os que foron a Zurich chegan cunha morea de cartos. "Aqui, nen sequer nos chaman os suizos, aqui coñécennos como *os americanos.* A xente supón que por levar uns anos en Suiza, xa tes que vir rico. Se eles souberan...", comenta mentres traballa cunha formigoneira de cemento.

No bar é no único lugar onde se atura o calor, xa que a temperatura sobrepasa os trinta e cinco graos. Diante, está aparcado un Mercedes, da família. Toda os parentes do dono do bar están en Zurich. Acaban de chegar de Ribadávia, onde foron ao médico e aproveitaron para dar unha volta. Perante a hora do xantar, comentan a fortuna dos que emigraron. "Antes habia máis de vinte famílias fóra pero agora xa empezaron a vir algunhas", din. Vilar de Condes ten pouco máis de douscentos habitantes.

Outro home chega a casa para xantar. Voltou hai tres anos da emigración e non pensa no regreso. "A miña familia nunca estivo conmigo e chega o momento en que un non atura a soedade. Non hai nada como estar na terriña, para iso fixen casa aqui. Prefiro estar aqui con poucos cartos, máis apretado, que alá. Se o pensas, o único malo da Galiza é que non haxa traballo, porque polo resto, é o mellor lugar para vivir", comenta este home, que traballou desde principios dos anos 60 na construcción e que non ten nengunha queixa do país que o acolleu na emigración.

Sempre algo temporal

Manuel Martíns marchou a Zurich no ano 1974. Foi un dos últimos que deixaron Vilar de Condes. Iase cun posto de traballo xa que as empresas suizas enviaban o contrato laboral a casa. Duraba nove meses, ao remate dos cales non estaba permitido quedar no país. Eran os chamados *temporeiros.* Pasábanse tres meses na casa, en Vilar de Condes, cobrando o paro e coa família que ali quedaba.

O paso seguinte era acadar o permiso B, que permitia ao traballador estar todo o ano en Zurich sen ter que sair do país. Despois, viña o permiso de residéncia, renovábel despois de dous anos. Manuel voltou a Vilar de Condes en 1979 e decidiu quedarse para probar fortuna na sua terra. No ano 1985, tivo que voltar a Zurich e, desta vez, levou á sua muller e aos tres fillos. "Foi un fracaso que non podo esquecer polo triste que resultou volver a ser emigrante. Pero diecateime de que non se podia vivir nesta terra", conta.

Os que emigraron de Vilar de Condes, foron traballar, fundamentalmente, en dous sectores: a construcción e a hosteleria. Quizais son os segundos os que conseguiron aforrar máis e, polo tanto, voltar xa que viviron perante anos co aloxamento gratuito nos hoteis onde traballaban. Andrés Sanchez traballa na construcción e xa rematou casa própria de Vilar de Condes. "A casa é como unha xustificación que te obriga a vir de regreso", di.

> **A**ndrés Sánchez está esperando que as suas fillas rematen os estudos para voltar. "Elas van quedar en Suiza. Iso xa o teño claro".

Manuel traballou perante moitos anos na construcción. "Cando decidin vir a Galiza e pasei cinco anos aqui, os xefes de Zurich seguian a chamarme para que voltara traballar", conta. Na sua segunda emigración, xa coa família, tanto el como a muller atoparon bós traballos. El, en Correos e ela, de limpadora; gañaban o mesmo os dous. "Os cartos eran moi bonitos pero os fillos estaban sen coidar. A garderia custaba unhas trinta mil pesetas e decidin deixar o traballo. Agora vou ao concello de Zurich a limpar polas noites unhas tres horas", conta a muller.

Zurich, multirracial

Zurich é a capital do cantón que leva o mesmo nome e que se considera alemán. A cidade ten ao redor de catrocentos mil habitantes e é o centro económico e financeiro máis importante da Suiza. O aluvión de emigrantes freouse pero Zurich segue a recibir extranxeiros a mancheas todos os dias. "Ali hai italianos, galegos, portugueses, dominicanos e, últimamente, chegou moita xente da ex lugoslávia. Poderán ser de todo menos racistas porque acollen a canto refuxiado hai", conta Manuel. Alguns emigrantes galegos formaron a equipa de futbol, Celta de Zurich, onde xogan vários paisanos de Vilar de Condes.

Tanto el como a sua muller reseñan a amabilidade das xentes de Zurich con todos os emigrantes, sexan da raza que sexan. "Eu traballei nunha casa en Ribadávia cando era moza e sempre eras a *chacha* . Ali, traballas de limpadora e trátante coa mesma consideración que en calquera traballo. Hai anos, servin para unha família e tíñanme como se fose unha filla. E iso que nós vivimos no cantón alemán, que conservan un carácter máis duro. Din que si pasas ao francés, ainda son máis amábeis", conta esta emigrante.

O respeito e a tolerância son os calificativos que dirixen á xente de Zurich. A cidade ensinou aos

O imparábel fenómeno do retorno

Como noutras vilas, en Vilar de Condes marchou un paisano a Zurich, despois algun parente e tras deles, o resto da povoación masculina, xa que todos os que marchaban eran homes. Facendo un exercício de memória, semella que os primeiros en marchar foron dous irmáns que foron convencendo aos seus viciños. A parróquia foi quedando baleira e os máis vellos acostumáronse ás visitas no verán. Nos últimos cinco anos, asentáronse máis de dez famílias de novo na parróquia.

A emigración a Zurich e en Suiza, en xeral, marcou a década dos 60 na Galiza. Agora, nos anos 90, estase a dar o retorno de moitos dos que marcharan. Xosé Luis Leirós, que fora presidente da Federación de Sociedades Galegas en Suiza, voltou de Zurich hai nove meses para quedarse definitivamente na Galiza e cre que o fenómeno da volta é imparábel. "Os galegos míranos como un estorbo cando chegamos pero terán que adaptarse porque calculo que, en poucos anos, da Suiza, voltarán unhas dez mil famílias", di.

> 'Todos pensan en voltar, uns xa o fixeron, e outros dubidan ante o temor do fracaso económico'.

Á pergunta de porqué voltan os que marcharon a unha cidade tan próspera como Zurich, Manuel Martíns resposta que a época das vacas gordas rematou. "Ali temos que pagar a seguridade social de todos os membros da família. Eu, miña muller e a rapaza pagamos case cincuenta mil pesetas. Estes anos, os impostos van subir moitísimo e a vida ali é moito máis cara que aqui. Hai outro factor que é que a explosión de traballo cesou. Nós, os emigrantes que fumos a Zurich, construímos a cidade e moitas vilas. Agora, xa está todo construido", comenta. Os máis novos xa non conseguen permisos por máis de nove meses.

Pero unha das razóns que provocou que voltaran masivamente os emigrantes é o que eles coñecen como "pensión-casa". Ao longo dos anos de traballo, o governo suizo desconta unha cantidade do seu salário que se vai acumulando para sumarse á pensión de vellez cando se dea o retiro ou que é entregada ao traballador cando decide rematar o contrato e voltar para Galiza. Os rumores que correron nos últimos anos sobre a posibilidade de que non se entregara a "pensión-casa" senón que se acumulara para a vellez, fixo que moitos colleran a cantidade acumulada e voltaran para invertila", conta Manuel. A sua dona ratifica a opinión del. "A xente pensaba que se lle quedaba para a vellez, cabia a posibilidade de que non a disfrutara porque podia morrer antes de xeito que recibian os cartos e se viñan", di. Segundo Manuel, ate a integración de Suiza na Unión Europea, o governo non pode tomar esta medida.

Pero non todos poden arriscarse. Os cartos acumulados, ás veces, non chegan de abondo, para emprender o retorno. "Nós coñecemos alguns matrimónios que conseguiron ter quince millóns de pesetas e, como xa tiñan casa feita aqui, trouxéronos para invertir. Só de rendas xa poden vivir pero non é o caso de todo o mundo. Nón, que teremos uns catro ou cinco millóns, qué facemos con eles?", pergúntase Manuel.

Escarmentos, pódense contar a dúcias. Moita xente voltou e tivo que marchar de novo. "Moitos creron que cun par de millóns podian montar un negócio ou manterse perante non atoparen un traballo e levaron un chasco", conta Manuel, que lembra o caso dunha parella que constituiu unha empresa de limpeza en Vigo, que era do que viñan de traballar en Zurich, e, aos poucos meses, pecharon e colleron o avión de novo. Encárregos tiñan, pero os clientes non pagaban.♦



Os emigrantes voltan a casa cos coches matriculados en Suiza. Na fotografia, Andrés Sánchez.

emigrantes a relacionarse con persoas de moitos países co mesmo destino ca eles. Ao voltar a casa, non respiran o mesmo ambiente. "Cómo é posíbel que algúen suba a un autobús con muletas e non lle deixen o sítio para sentar? En Zurich, ofereceríanlle o sítio foses negro ou amarelo. Dalles igual", conta a família Martíns.

Para os galegos, o obstáculo insalvábel á hora de estabelecerse en Zurich é o idioma. Atráncanse cando tentan falalo. "O que falan na cidade é unha mestura, un dialecto do alemán; como se aqui falas galego e español mesturados. Nós defendémonos cunhas palabras que se aprenden pero non conseguimos dominalo", conta Manuel. A sua filla, de trece anos, fala e escrebe alemán perfeitamente pero os seus pais envianna a unha escola de español unha horas á semana.

O lastre dos fillos

Andrés Sánchez está esperando que as suas fillas remates os estudos para voltar a Vilar de Condes. "Elas van quedar en Suiza. Iso xa o teño claro porque mal aturan o verán aqui polas festas e por sair de noite. Pero non se imaxinan vivindo nun sítio como Vilar de Condes. De calquer xeito, os nosos pais criáronnos e, cando fomos mozos, marchamos para outro país. É o mesmo pero ao revés. Nós voltaremos e elas quedarán no que xa consideran como a sua casa. Se vivísemos na Galiza, tampouco ian quedar con nós", di.

Manuel Martíns e a sua família teñen plans diferentes. Cando a filla, de trece anos, remate os estudos, ela e máis sua nai voltarán á parróquia ourensana mentres que Manuel seguirá a traballar. Están rematando de facer a casa. "Se espero a xubilarme, vou disfrutar da casa que tanto esforzo me costou, uns aniños porque a esperanza de vida non rebasa os setenta anos. Quen a vai disfrutar? Os fillos? Non, para iso sí que non traballei tod a miña vida", di ela. A nena está contenta coa idea de vivir na Galiza. Cando chegou a Zurich, con seis anos, custoulle moito adaptarse á escola e satisfácelle moito pensar en continuar os seus estudos aqui. "Deus lle conserve a cabeciña así", di o seu pai.

> Alguns emigrantes galegos formaron a equipa de fútbol, Celta de Zurich, onde xogan vários paisanos de Vilar de Condes.

A perspectiva de vivir separados non supón nengunha ledícia para o matrimónio pero é a única posibilidade que atopan para o seu futuro. "Ela quer voltar agora que a casa xa está case feita e é comprensíbel porque como o país dun mesmo non hai nada igual. A nena está contenta e os fillos maiores xa están a traballar en Zurich. O que teño claro é que eu non podo volver. Xa me arrisquei unha vez e foi un fracaso. Non estou disposto a sofrir outra decepción. Xa teño cincuenta anos e non ia atopar nengun traballo aqui e, total, xa pasei moitos anos separado da miña muller e dos fillos. A pequena case non a vin medrar", conta Manuel que ten a avantaxe de disfrutar dunhas semanas libres cada certo tempo que pasa traballando.

Cartos si, pero non tantos

Ao perguntarlles aos emigrantes a Zurich, sobre a cantidade de cartos que gañan na emigración, todos respostan que "non é para tanto". A média situase, ao cámbio, nunhas catrocentas mil pesetas de salário mensual pero os gastos son tamén proporcionais ao cámbio. Todos viven nunha casa alugada, non mercan vivenda porque queren invertir nunha na Galiza. O aluguer médio pode oscilar ao equivalente a cento trinta mil ou cento cincuenta mil pesetas.

A maioria dos emigrantes non saen polas noites nen teñen diversións. "A vida do galego é de casa ao traballo e do traballo a casa", di Andrés Sánchez, que leva fora dende 1969. Algun encontro nos centros galegos, en Zurich hai cinco, pero máis nada. "Onde divertirse hai dabondo. Hai cines, discotecas e cafeterias onde van os emigrantes. Pero si saimos, non podemos aforrar para facer a casa e voltar. É moi sacrificado. Alguns mozos xa non pensan igual ca nós. Eu coñezo vários que non teñen nen unha cadela aforrada porque pásano moi ben e gastan todo de esmorga", di Manuel.♦

LATINOAMÉRICA A FERVER

Unha deputada galega no Estado de Bahia

Maria do Carme Fidalgo

'No Brasil vivimos na contradición de ser unha grande economia e ser considerados un país do Terceiro Mundo'

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Maria do Carme Fidalgo é deputada polo Partido Socialdemocráta do Brasil no estado de Bahia. Nacida na Cañiza, emigrou á cidade de Salvador sendo cativa. Nestes dias, participou nas xornadas da emigración organizadas pola CIG, e falou da situación do Brasil e dos galegos que ali viven. Espera apresentarse como candidata a alcaldesa na cidade de Salvador e preside a Comisión da Defensa dos Direitos da Muller na Asemblea Lexislativa do estado de Bahia.

ANXO IGLESIAS

O acordo entre o conservadurismo e a socialdemocrácia que resultado está a dar no Brasil?

En Brasil, existe o intento de implantar o modelo neoliberal conservador, cando xa está comprobado que non deu resultado na Arxentina ou en México. Isto refléctese na privatización das empresas e na apertura ao capital estranxeiro. Está claro que hoxe a economia globalízase e nós non podemos manter determinadas illas. Pero existen áreas sobre as que temos preocupación porque sabemos como funcionan as estruturas de poder no Brasil. Hai receos de cómo se están a dar esas aberturas na flexibilización da economia. A busca de capital extranxeiro non pode servir para acentuar dous graves problemas do país: o endebedamento externo e o endebedamento interno. Por iso, a forma de atraer os recursos pasa porque ese capital entre no país e serva para facer os avances que son necesários.

Agora mesmo, están quebrando os monopólios, estanse a vender empresas públicas e diminue o tamaño do estado na economia. Isto é grave porque Brasil é un país capitalista pero extremadamente centralista na actuación do estado na economia. Isto compróbase en que existian empresas públicas que non teñen nada que ver coas prioridades estatais como poden ser os hoteis.

Ao falar dos estados federais do Brasil, falamos de millóns de persoas e dunha xestión difícil desde o centralismo.

Perante o réxime militar, houbo unha concentración do poder político e económico en Brasília. Coa constitución, estabeleceuse un proceso de descentralización. Agora, coa reforma económica hai un debate sobre isto, que se refire á reforma tributária, onde se tenta definir que límites ten o estado e que límites ten a participación dos estados. Hai unha grande loita entre diferentes intereses, por exemplo, sobre a circulación de mercadorias. Hai índices moi diferentes de estado a estado e o que se tenta é unha unificación. Xa está criando verdadeiras guerras dentro do país.

As forzas progresistas teñen un papel importante na discusión dos proxectos que quer levar a cabo o Governo central. A esquerda brasileira ainda non tivo a capacidade de negociar, ten unha posición radical e contrária ás transformacións. Non tivo a coraxe de abrir a negociación e teno difícil nun Congreso, onde a maioria representa a tendéncia neoliberal. Se a esquerda brasileira non foi competente de abondo para negociar, non temos apertura completa e sí ruptura.

> 'O mundo dos meniños da rua pódese atender. O negativo é que ocultan outros problemas como a prostitución infantil'

Miséria nas ruas

O problema dos meniños da rua é algo xeneralizado ou pertence ás grandes urbes?

É un problema das cidades brasileiras, produto da inxusta distribución da renta. O salário mínimo é de 105 dólares (unhas once mil pesetas). A diferéncia entre as clases sociais brasileiras é moi forte, moi marcada. Os nenos están na rua porque os seus pais non teñen emprego e, polo tanto, eles non teñen direito á educación nen á seguridade social. A contradición está entre ser unha das máis grandes economias do planeta e ter indicadores que nos colocan entre os países máis pobres do Terceiro Mundo. As transformacións son necesárias como no caso da reforma tributária. Quen máis paga impostos no Brasil é a clase média. Os pobres non poden e os ricos non o fan. A clase média está cada vez, máis empobrecida, máis comprimida. Menos do 10% da povoación ten o 85% da renda. O 40% da xente vive co salário mínimo.

Até agora, o problema dos meniños tratouse de agachar baixo o tapete. A lei do estatuto do neno e do adolescente, unha conquista da cidadania, debatida por todos os sectores e moi avanzada, obriga ao estado a atender aos nenos. Non a sacalos da rua e envialos a un centro simplemente. É un problema moi relacionado co éxodo do rural. Xa que non hai nen reforma agrária nen xustiza social no campo, a xente do rural fuxe para a cidade. Pero o seu destino é a periféria. A maioria das famílias son mantidas só por mulleres, que rematan enviando aos seus fillos á rua. En Salvador, temos un programa para traballar con estes nenos, non para tratar de agachalos, senón coidar deles na própria rua. Axudalos a construir a sua vida no seu entorno até que eles se convenzan de sair de ali. Hai máis de dez millóns de persoas que non teñen garantida unha comida diária. Os nenos van para a rua para sobreviver porque a miséria na sua casa é moi forte. A rua é moito máis atractiva que o barraco onde eles viven, de quince metros cadrados e famílias de oito persoas. Fóra consigue comida, escapa da opresión e pode axudar a sua família. Mália a gravedade do problema, o mundo dos meniños é un mundo que se pode atender. O negativo é que ocultan outros problemas como é a prostitución infantil.

En Europa, hai campañas para atraer o turismo sexual a Brasil.

Véndese a imaxe da muller brasileira como unha imaxe sexual. Véndese a idea dun país de permisividade. Nós non queremos iso, nós queremos o turismo porque precisamos del pero non dun turismo sexual, extremadamente depredatório, negativo. Xa se empezan a vender programas de turismo con ese obxectivo. Isto tamén atrae o tráfico de mulleres para Europa, que veñen para traballar e rematan sendo prostitutas. Dende a Comisión de Defensa dos Direitos da Muller, en Bahia, estamos a facer unha campaña para que se tome conciéncia desde o país e para que os governos europeus dificulten o tráfico de mulleres. Moitas veñen a Europa con pasaporte falsificado, como se fosen adultas mais ainda son nenas. Hai un traballo elaborado por un colectivo de mulleres brasileiras que amosa como a situación desesperante dalgunhas que veñen a Europa lévaas a depresións e até á morte.♦

'Os emigrantes galegos non tiveron tempo para preocuparse pola política'

Vostede sinala o conservadurismo dos galegos emigrantes que residen en Bahia.

Penso que hai duas razóns que influen no conservadurismo dos galegos en Bahia. A primeira seria que se trata dunha emigración pola fame, despolitizada porque non tiña nen o direito nen o tempo para a discusión política. A supervivéncia era o seu obxectivo. Até agora, que hai governos progresistas no estado e no concello de Bahia, a vida destes emigrantes desenvolveuse nunha sociedade conservadora. A colectividade galega adquire esa identidade. Grande parte dos galegos que están en Bahia son os patróns e identifícanse coas forzas que os defenden. O conservadurismo está en todo o estado, as forzas económicas son as oligarquias, de orixe rural, que dominaron a política e que proveñen dos tempos da escravitude.

Os emigrantes máis vellos son conservadores e quizais son os máis novos os que comezan a desmarcarse. Ten que ver coa imaxe de Galiza que cada un deles ten. Os vellos seguen a ver a Galiza dos nosos avós, identificándoa co nordeste brasileiro, que é a rexión máis pobre do noso país, onde non hai oportunidades de emprego. Eles conseguen vir a Galiza polo menos cada dous anos porque pertencen á burguesia do Brasil e, entón, non atopan motivos de debate político.

A perda de contacto coa Galiza, pódese deber ao pouco interese que teñen as forzas sociais galegas nos emigrantes?

Agora, ábrese unha nova perspectiva coas nosas visitas a Galiza e as que sindicatos como a CIG fan ao Brasil. Bahia está governada por forzas progresistas que se teñen que interrelacionar coas conservadoras e se abre, polo menos, un debate político. Esa discusión hai que levala tamén dentro da colectividade galega, onde hai un número importante de xente progresista. O que acontece é que non teñen presente ao governo galego nen ao español. Os representantes da Xunta de Galiza están por Bahia cada poucos meses pero non se consegue que a xente os teña como algo próprio. Son as forzas sociais máis avanzadas da Galiza as que teñen que desenvolver un papel importante dentro da colectividade de emigrantes.♦

GUERRA NOS BALCÁNS

BOSNIA, A TENTACIÓN DA IÑOCENCIA

XAVIER QUEIPO

Si hai unha imaxe —paradigma dunha colección delas— que teña impresionado os labiríntos do meu cerebro de neno da á sensibilidade e o agarimo, foi esta, sen dúbida, a dos nenos vietnamitas fuxindo do napalm americán nas estradas que saían dunha aldea calquera entre os arrozais tinguidos de sangue vietcong.

O asedio a Sarajevo dura xa tres anos.

Dende entón, os anos teñen pasado coa lentitude ou a celeridade que a nosa subxetividade percibe, os tempos teñen mudado tanto e tan fondo que o Vietnam ven de establecer relacións comerciais cos Estados Unidos e eu xa deixei de ser un neno que persista teimudamente nunha renovada tentación pola sensibilidade.

Nos múltiples conflictos bélicos que hai no Mundo, hai un que nos afecta máis de preto, e non só pola proximidade xeográfica dos Balcanes; senón pola pertenza (non fumos consultados, pero isa é outra historia) a unha institución, a Unión Europea, que se dí pluriétnica e tolerante, respetuosa das minorías e garante dos direitos humáns. Ese conflicto é o da guerra secesionista na República de Bosnia-Herzegovina.

> 'Mentras non se levante o embargo para deixar que os bosnios podan defenderse, continuaréi coa vergoña de ser europeo'

Fagamos unha sinopse da historia recente para non nos atrapallar nunha argumentación sen fundamento:

— O 28 de Marzo de 1991, logo da autoproclamación da República de Iusgoslavia (incluindo Serbia e Montenegro) proclamóuse a independencia da República de Bosnia-Herzegovina, tentando, logo das independencias de Croacia e Eslovenia e o desmembramento da Ex-Federación de Repúblicas Iusgoslavas, de non cair nas poutas da aguia da Gran Serbia proclamada ós catro ventos por Slovodan Milosevic.

— O 21 de Febreiro de 1992, o Consello de Seguridade das Nacións Unidas dictou a Resolución 743, na que se autoriza o despregue de forzas multinacionáis de capacetes azuis (UNPROFOR).

— O 5 de Abril de 1992 comeza oficialmente a Guerra de Bosnia cunha ofensiva dos serbobosnios de Radovan Karadzic axudados polo exército regular serbio. Dende entón algo máis de 200.000 persoas morreron nos enfrentamento, (unha maioría de civís e 80% de musulmanes bosnios), un 25% da poboación foi desplazado ou expulsado da sua residencia e arredor do 80% do territorio foi conquistado polos serbios coa forza das armas e a pasividade da comunidade internacional.

Cando o comezo da guerra, os serbios que habitaban na República de Bosnia-Herzegovina constituían o 31% da poboación. Sentíndose agredidos por constituiren unha minoría e incendiadas as súas mentes polas ideas expansionistas de Milosevic, adoitaron a postura de autoplocamarse mártires vengadores. Inmediatamente se sumaron ó modelo que preconiza o nacionalismo como revancha, como día despois e como masacre, como exclusión e limpieza étnica mudando totalmente o contexto de tolerancia multiétnica que tiña como emblema a cidade de Sarajevo.

Os agresores, e así o recoñeceu o propio B.B. Galli eran os serbobosnios. Non había dúbida,

Por tanto, ás forzas da ONU compría protexer os agredidos e interpoñerse entre as forzas en litixio en tanto durase o conflicto. Nembargantes, dende o primeiro momento da súa actuación a UNPROFOR adoptóu unha actitude pasiva diante do xenocidio perpetrado polos serbios nas súsa propias narices. Dende ese mesmo momento en que se convertíron en testemuñas mudas da limpieza étnica e a permitiron sen facer un xesto, perderon a confianza da xente e dende ise mesmo momento a laboura das forzas da ONU non ten sido senón unha contradicción permanente entre neutralidade e protección do agredido, unha impotencia e unha innación permanentes para chegar a ese cúmulo de hipocresías e desercións en que pode resumirse o seu papel actual no conflicto.

Aínda máis, dende o momento mesmo e que se decretou un embargo de armamento ós serbios e ós bosnios, estábase a xogar coa hipocresía habitual das potencias occidentaís presas, súpetamente, dun paternalismo pretendidamente iñocente, e dun maniqueismo postcoloníalista da pior espécie. Os serbios tiñan e teñen os tanques, e os morteiros, e as minas, e a capacidade agresora. En troques, os musulmáns non teñen outra cousa que coñecemento do terreo e armas lixeiras. Seguir coa postura do embargo de armas ós bosnios é condear a un pobo, o bosnio, a ser masacrado en nome do pretendido equilibrio de forzas dos Balcanes.

Asústame un chisco pensar que por camiños diversos teña achegado á mesma conclusión que o lider conservador do Congreso dos EEUU. Hai unha diferencia sustancial, coido eu, el quere vender e está polo negocio, eu probablemente só quera darlle unha saída á miña conciencia de aprendiz de intelectual acamado na molicie da seguridade burguesa. En todo caso, asústame.

Se hai unha imaxe —paradigma dunha colección delas— que teña impresionado recentemente o meu cerebro, foi a dos refuxiados bosnios fuxindo por riba dos cadáveres no inferno de Srebenica. Coido que ista vez non estou en situación de ficar de ollos tan abertos e chorosos. Un chega, por moitos atrancos que quera poñer no camiño, ó fin da pretendida iñocencia.

Así, mentras os soldadiños de chumbo da UNPROFOR continúen a saír en estampida cada vez que os serbios se poñan un pouco farrucos, mentras se continúen a violar os espacios aéreos regulados polas resolucións do Consello de Seguridade números 781, 786 e 816 con total impunidade, mentres as zonas de seguridade sigan a cair nas mans dos agresores, e mentras non se levante o embargo para deixar que os bosnios podan defenderse, continuaréi coa vergoña de ser europeo.♦

XAVIER QUEIPO é escritor



Intxaurrondo é *Fort Apache*

O presidente do *Sindicato Unificado de la Guardia Civil (SUGC)*, Xosé Piñeiro, asegura que foi ameazado con pistola por denunciar a trama verde dos GAL, nunha entrevista con Pepe Rei no diário EGIN. "O GAL é unha realidade complexa que ninguén quer investigar. Por que non miran o que pasa en Intxaurrondo? Hai que llo perguntar ao PNV. Este partido ten unha grande responsabilidade nisto. Eu fártome de rir cando escoito a Arzalluz coas suas prédicas. (...) Temos que perguntarnos que preocupa ao Governo para que os indulte, por que non destituiron de vez a Galindo coa chea de irregulariedades que se detectaron baixo o seu mando. O *perro de Intxaurrondo*, como o chaman os gardas, ten un importante aparello de información e está ben pertrechado e por iso o Governo non se mete con el. Se ten que pór mil millóns por Vera, ponos e se cómpren outros mil por Galindo, tamén os dá. Imaxine que Galindo comeza a falar". Noutro momento da entrevista, o presidente do *SUGC* fala da implicación de Intxaurrondo no comércio da droga: "A min déronme informes dos servizos anti-droga da Garda Civil e recebin testemuñas direitas de conivéncia entre o narcotráfico e membros da Guardia Civil. Iso é público e notório a pesar de que desde a mesma Guardia Civil e desde Intxaurrondo fixeron por tapar todas as investigacións abertas". O presidente do *SUGC* refirese a Intxaurrrondo como "Fort Apache, un reducto da Ditadura do que ninguén quer falar. " Lembraria aos irmáns Dorado Villalobos e a un senfin de persoas que tiveron inmunidade total".♦

Trinta e cinco anos de bloqueo a Cuba

O GRUPO DE APOIO A CUBA organizado nos Estados Unidos publica un memorando sobre 35 anos de bloqueo. "Que o Governo de Cuba sexa socialista ou non, carece de importáncia: a clave do bloqueo está na independéncia de Cuba. Para evitar que os cubanos den exemplo de auto-xestión a outros paises de Latinoamérica, os Estados Unidos e os seus aliados desafiaron todas as resolucións das Nacións Unidas que condenan o bloqueo e a posición dos governos que desde o 59 colaboran co Governo cubano". O traballo contén, entre outras, unha caricatura dos últimos nove presidentes dos Estados Unidos que anunciaron a caida do Governo libre de Cuba en cousa de dias.♦

AN PHOBLACHT

Caen as vendas do mexillón

A situación crítica dos produtores de mexillón aparece nunha reportaxe da revista MAR, editada polo ministério español de Traballo. "En catro anos, as vendas cairon un 36 por cento. En 1987 puxéronse en venda algo máis de 109.000 toneladas de mexilón fresco. No 91, o nível de vendas estaba en 69.816 toneladas. Os prezos tamén foron á baixa. No ano 1987, eran de 40, 75 e 88 pesetas para os tres tipos de mexilón fresco. Tanto OPMAR como a Xunta, coidan que hai que mellorar a calidade e a competitividade". O xerente do Consello Regulador sinala que hai uns anos vendiase todo o que habia. "Agora xa non é asi: compre saber o que pede cada mercado e satisfacelo". Como exemplo desta necesidade de axeitarse aos requerimentos do mercado, aduce o caso de Bélxica, que ten o maior consumo de mexillón por habitante da Europa e ao que case non chega o mexillón galego. As 3.200 bateas instaladas nas rias, repartidas entre 2.400 proprietários ou concesionários, producen 220.000 toneladas de mexilóns e un volume económico anual de dez mil a catorce mil millóns en primeira venda.♦

A ALDEA GLOBAL

Vivimos no mellor
dos mundos posíbeis
(Felipe González)

O arquivo de cintas da TVG garda tesouros destes dez anos. Como as imaxes de Manuel Fraga antes dunha rolda de prensa, cunhas copas enriba, blasfemando e tocándolle unha perna a unha Conselleira. Material ***Top secret***.

Outras xoias da TVG son máis recentes. O presentador de *Galeguidade* comenta entre risas o caso da muller que trouxo as cinzas da sua nai desde Venezuela para esparexelas na Ria de Arousa. A rexouba no estúdio de gravación é de campeonato. Os alcumes menores que lle caen á emigrada son os de "pesada", xunto co de "paisana" por falar español "con acento galego" despois de 25 anos en Venezuela. Trinta segundos despois encendianse ás luces e o mesmo presentador recordaba, ante as cámaras, con "sincera" emoción, tan **entrañabel caso**.

Francisco Campos, director da CRTVG, culpa nunha entrevista, ao fio deste décimo aniversário, ao uso do galego pola escasa audiéncia do cine na TVG. Esquece que a povoación máis galego falante historicamente non ten hábito de ver cine. Tales comentários,

Galego para estranxeiros

Nesta semana rematan os Cursos de Lingua e Cultura Galega para estranxeiros" do Instituto da Lingua Galega (ILG) en Santiago de Compostela. Durante catro semanas nos medios de comunicación falouse moito deles pero nós coidamos que quedan cousas por dicir respecto á organización e ao funcionamento dos cursos:

Esixiúsenos continuamente estar disponibles para a radio e a televisión, e coa mesma servir á incoherente política linguística do goberno galego.

Por exemplo, a admisión de participantes e concesión de bolsas fíxose de acordo a criterios pouco claros. Sobre como solicitar as bolsas non houbo información concreta: no folleto pídese que os/as solicitantes se diríxan á secretaría do curso, "indicando a actividade que o candidato está a realizar neste momento, e cantos datos considere de interese". Despois, na secretaría informáronos que fora preciso ter enviado un curriculum e unha carta de recomendación. Por outra banda, houbo estudiantes que, tal como nos dixeron, obtiveron unha bolsa sin pedila, só por ser alumnos/as dun/ha profesor/a coñecido/a.

Outro asunto foi a masiva presencia dos medios de comunicación que nós consideramos excesiva. Esixiúsenos continuamente estar disponibles para a radio e a televisión, e coa mesma servir á incoherente política linguística do goberno galego.

Despois destas catro semanas marchamos algo decepcionados/as. Pensamos que cuns cursos ben organizados poderíase facer moito polo galego pero ternos a impresión de que, actualmente, estes non se fan tanto para que a xente aprenda galego senón para a autocomplacencia das institucións.♦

ALUMNOS/AS DOS "CURSOS DE LINGUA E CULTURA GALEGA PARA ESTRANXEIROS"
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O nacionalismo lingüístico de Aznar

Quero mostrar o meu agradecimento ao señor Aznar pola claridade coa que ven de expoñer

cal será a sua política lingüística no suposto caso de chegaren ao poder.

E agradézollo porque sempre é bon saber como imos ser tratados polos nosos benqueridos governantes da capital do Reino.

Señor Aznar, ven de mostrar vostede a face mais crua do que é sen dúbidas o nacionalismo mesetário, intransixente, intolerante, cun evidente complexo de superioridade cultural, en definitiva ás veces penso que nen aposta o farian mellor. Séculos de asoballamento lingüístico do noso idioma e o señor Aznar quer máis ou menos voltar aos tempos de resisténcia periférica de Rosalia.

Señor Aznar, ven de mostrar vostede a face máis crua do nacionalismo mesetário.

En fin, espero que ao final o sentido comun, (de certo o menos comun dos sentidos), lle faga recapacitar e asuma dunha vez a realidade plurilingüística do estado.

E lembrarlle que o galego é a língua própria de Galiza e a nosa obriga como galegos é a de defender o noso idioma como de feito levamos séculos facendo. Defendendo. Nós desde logo non agredimos lingüisticamente endexamais a ninguén.♦

MANOEL GOMEZ VALADES
(VIGO)

Falanxistas en Santiago

Olha Mazarelos. A velha Compostela é presa ja do jugo fascista dos camisas azuis. Hoje é o dia da Galiza, mas as frechas falangistas estám afiadas, pronta para a guerra. A Policia Nacional baixa das furgonetas case em formaçom militar. "Ya estamos todos", e a pátria escomeza a sangrar de novo.

Escoita. "Galiza ceive, poder popular....", as manifestaçons nacionalistas empezan a percorrer Santiago, pero ningumha berra em Mazarelos. "Cara al sol con la camisa nueva / que tú bordaste en rojo ayer /...". Mentres Beiras fala, a Galiza chora ferida.

A goma preta afunde-se nas costas do xove galeguista. Nom recebe ajuda. o Policia fala na língua da Espanha mentres bate com forza na bandeira. A estrela vermelha facha-se... "me hallará la muerte si me lleva / y no te vuelvo a ver /..." Na Quintana cheira a naçom, mas Mazarelos. Hoje mais que nunca, tem sabor a colónia.♦

MIGUEL GARCIA
(COMPOSTELA)

Dia da Pátria

À CIG, a Fernando Acuña, a Manuel Mera

O' Galiza, terra irmã!
O' galegos, meus irmãos!
Construamos um amanhã
ombro a ombro, mãos nas mãos!

Se o Minho é um só rio
correndo direito ao mar
vivamos com igual brio
um correr a irmanar.

Julho é mês de união,
vinte e cinco dia quente
em que a Pátria e Nação
fundem-se dentro da gente.

que ela seja portuguesa
ou de além-Minho, pró Norte:
a Galiza é com certeza
a nossa raíz mais forte.

ALEXANDRE CASTANHEIRA
(LISBOA)

Ajuda a Bósnia

Sou um escritor galego que sofre as atrocidades cometidas en Bósnia polos sérbios como se fosem cometidas contra da minha própria família. Ante a pasividade Ocidental (eu seria cúmplice se me calo) decido-me a escreber-lhe este breve nota para lhe suplicar que publique os dados da conta onde se recebem *Ajudas humanitárias* através da Embaixada de Bósnia.

Ante a pasividade Ocidental, eu seria cúmplice se me calo.

Ajuda Humanitaria. Banesto, Oficina Principal. C/ Alcalá, 14 - Madrid. Dados conta: 0030-1001-583,270.
(Conta da Embaixada de Bósnia).

JOSE R. RODRIGUES FERNANDES
(MADRID)

As prazas da Xunta mal cubertas

Basta xa de cachondeo, de tomaduras de pelo, de non gober-

FESTAS

XAN PIÑEIRO

O concelleiro andaba certamente atristado. Mes e médio de exercício do poder municipal fixeran del un auténtico farrapo.

—Con poucos folgos te vexo -non puiden evitar dicirlle.

—É que me tocou a concelleria de cultura -laiouse el- e estou negro por iso de non lle topar festa nengunha que lle organizar á vila.

Como eu non o entendese ben, o munícipe explicoume que tiña descuberto que xa non quedaba froito, legume, mamífero ou peixe que non tivese o seu dia de exaltacón nos concellos e até un total de máis de douscentos productos levaba xa contados con Dia oficial.

—Mesmo sei dun concello que xa ten organizada a Primeira Festa do Aguacate e non se sabe que nunca vaia producir nengun.

—Se non tivese que ser cousa comestíbel –argallei eu–, poderias propoñer a festa do xabre, do propiaño, da palla centea ou do esterco, dispensando a tua cara.

Como non parecia gustarlle a idea, insistin:

—Tamén poderias organizar a semana de exaltación da grade, o fouciño, a eixada ou o legón, asi de paso limpabas un pouco o município.

Farfallou algo inconcreto sobre o escaso que está o mundo de ideas e deixoume coa palabra na boca cando lle falaba de organizar a festa da intermediación, do disimulo ou da comenéncia.

Coido que este concelleiro non vai durar moito no equipo de governo.♦

radio FENE
emisora municipal 105 MHz·FM

Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

nar e de tirar os cartos de todos os/as galegos/as en "visitas turísticas ós mosteiros", de nomear a dedo a todo un "exército" de incompetentes cargos de "lebre" designación, de facer recortes orzamentários que afecten directamente aos/ás traballadores/as para poder colocar en San Caetano estatuas que nos están recordando continuamente que "partido" que ostenta o poder, pero estas mesmas estatuas xa non recordan que Pontelo Ponselo en siglas tamén é PP.

Xa sabemos que o último "encefalograma político" ao que vostedes foron sometidos saiu plano, o cal que dicer que politicamente están mortos, pero por iso non teñen que matar aos/ás traballadores/as da Xunta de Galicia, que se pode esperar dun "partido" que fai apoloxia dos métodos anticonceptivos na política?. Como van poder governar usando métodos preventivos para que iso non aconteza? e que eu saiba facendo prevención ninguén empreña.

E para que vostedes poidan "vivir como dios", amortizan as prazas de pións, conductores, camareiras/os, limpadoras/es, etc. que quedan vacantes na Xunta, mentres en Galiza segue a medrar o paro, pero que lles importa a vostedes, se teñen soldos "miserábeis que non lles dan para vivir"?, que lles importa que famílias inteiras non teñan para comer, nen onde vivir cando vostedes non comen ("devoran" opiparamente) e viven en chabolas ou en barracas?

Crien emprego e déixense de cambiar os horários de traballo, sabendo como saben, que é inviábel que os Servicios da Xunta funcionen dese xeito. Pero claro trátase de facerlles ver aos/ás cidadáns e cidadanas que os servícios públicos non serven para poder privatizalos e darllela concesión aos/ás amigos/as de turno, aos/as parentes/as para poder facer da administración un negócio. Está demostrado, que as "empresas" privasdas que están traballando contratadas pola Xunta, o que mellor fan é nada, se exceptuamos o que cobran por facer iso mesmo, nada de nada.

Crien emprego e déixense de cambiar os horários de traballo, sabendo, como saben, que é inviábel que os Servicios da Xunta funcionen dese xeito.

É inaudito e inadmisíbel que nas Relacións de Postos de Traballo (RPT) da Xunta non aparezan prazas vacantes se exceptuamos/as das "estátuas" que vostedes sitúan no "Complexo Turístico de San Caetano". Mentres, o persoal ve como se xubilan compañeiros/as e esas vacantes non se cobren nen saen nas RPT.

Governar, e facelo ben, é algo que vostedes parecen non querer asumir, deixense de tanta "gaita" e "romaría" que pagamos tódos/as galegos/as. Se non se atopan capacitados, cousa máis que demostrada, lárguense pola única porta que o poden facer... pola de servicio.♦

XOSÉ LUIS FERNANDEZ VAZQUEZ
SECTOR DA ADMON. AUTONOMICA DA C.I.G. (PONTEVEDRA)

NON ESTÁ NO PENE

NANINA SANTOS

Un preso catalán (do que nen as iniciais coñecemos) solicitou ser castigado coa castración en pago das duas violacións cometidas (ou o que é o mesmo, pediu o indulto a cámbio de ser castrado voluntariamente pois logo de ter reflexionado pensa que é a mellor das solucións para el).

É unha petición sen precedentes no Estado español, porén de certa tradición nos EEUU, onde hai Estados nos que se oferece esta escolla aos violadores.

Se a violación fose un acto autónomo do falo igual tiña lóxica a castración, porén, coincidiremos nisto, non é o caso. Pódese violar castrado e sen castrar. Pódese violar co pene e sen el.

A raíz da violación non reside na capacidade dos varóns de excitarse sexualmente e que o seu falo o manifeste póndose erecto, do que se segue que solicitar a castración é tan barbaridade como o corte dunha man por un roubo ou que che tiren un ollo por fraude fiscal.

A raíz da violación está no cerebro (e ten a ver coa trasmisión verbal, escrita, xestual e iconográfica verbo das relacións entre as persoas —de xeito denotado entre homes e mulleres—, e cerca do sexo e do sexual) e a ninguén —polo de agora— se lle ocorre solicitar a anulación do cerebro ou da cabeza que o aloxa.♦

FE DE ERROS

No traballo de Oscar Losada publicado no número anterior (*No 96 estrearanse catro longametraxes*), **onde poñia** "Trinta foron os millóns que custará a segunda produción de Hector Carré", **deberia poñer** "trinta foron tamén os millóns de subvención que recibiu a segunda produción de Hector Carré". E **onde recollia unhas declaracións de Carlos Amil** como "A nosa película é orixinal non só polo que representa a história..." **debera dicer** "É orixinal non polo que representa a histór ria, senón porque o cine estatal non corre riscos e sempre matina no mesmo tipo de histórias. Fóra do cine de autor e de comédia, semella que non existen outros xéneros cinematográficos".♦

O botón de áncora fede a celulosa

A contaminación da ría de Pontevedra non termina. Non conformes con contaminar as súas aguas, agora están a emporcala moralmente. Disto láiase un grupo cidadán chamado "Ciudadanos preocupados por la Democracia y la Moral en Nuestras Instituciones. C.P.DE.MO.NI. (a colocación das siglas é miña). Este colectivo, segundo unha información saída na *Voz de Galicia*, denúncia a compra dos exames dos alumnos da Escola Naval de Marín. O aprobado e as calificacións eran concedidos por certos profesores a cámbio de favores sexuais. Outras veces a compra efectuábase en metálico: 10.000, 15.000 ou 25.000 eran as tarifas habituais para un aprobado, notábel ou sobresaliente. Este mercado produciu un recrudecemento da competéncia entre os alumnos (non hai constáncia de que se dera tamén o caso coas alumnas) rifando entre eles por gañarse as atencións dos superiores. Atopámonos ante un caso claro de acoso sexual e de prostitución, denunciado polos cidadáns preocupados pola democrácia, que culpabilizan do feito a un Alférez de Navío con nome e apelidos.

Resulta sorprendente e grato que estes casos de podredume nunha institución inmaculada e intocábel como a Mariña, saia dunha vez á lus. É moi posíbel que estes feitos nos sexan familiares polas películas ianquis, por leituras ou por milis que tivemos que compartir indirectamente, pero non é tan frecuente que estes casos acaben como deben, nos tribunais de xustiza. Por iso, produce satisfacción que familiares das próprias vítimas ousaran denunciar, cuestionándose a honorabilidade da Mariña da que tanto se discursea.

Desde un ponto de vista formal, imaxínense esta perversión en comparación con aquela imaxen anxelical dos gardamariñas de "Botón de Ancla", difundida polo cine pegañento dos 60 e vendida polo franquismo. Lembren aquel repoludo *Dúo Dinámico* cantando "15 años tiene mi amor"; aquel engominado Fernán Gómez, por certo, fachendoso simpatizante de esquerdas, cantando loas ao Franquismo, algo case tan erotizante como as parviñas caza-uniformes da película. Menudo fiasco para as chavalas dos sesenta, e dos 90, entrenadas, no seo da família, para a busca e captura do seu príncipe azul ou branco, segundo a tempada.

Analisando máis en profundidade o feito, cabería perguntarse por que tanta demora en denunciar os feitos, por qué tanto receo e sixilo. Por inconsciéncia, por impoténcia ou por complicidade das vítimas? Sen ánimo de ofender aos xa previamente ofendidos, é para cuestionarse se o mal non está arraigado na própria Institución que ampara o delito dun modo crónico. O novato ten que pagar as culpas se quer facerse home de pelo en peito. En definitiva, os próprios guardamariñas, en poucos anos, tamén serán mandos superiores e terán oportunidade de resarcirse destas vexacións cos de abaixo, cos que estean nunha situación de indefensión. Parece tratarse dunha opresión natural, inerente ao sistema militar.

Por iso, cando se denuncia un caso de *acoso sexual* e de corrupción, mentres en moita xente produce nada máis que un sentimento de noxo ou impotencia, ás feministas prodúcenos alivio, porque a sociedade xa detectou o delito, xa se sensibilizou do que é un abuso de autoridade, do que é a privación do dereito á libertade persoal e sexual, do que é unha imposición de unha relación sexual non desexada, do que é a obediencia inapelable ao superior por riba da dignidade persoal. Cando se lle da, en definitiva, un revolcón a un sistema de valores machista e se lle planta cara con valentía, desde unhas convicción feministas, hai que confiar en que a xustiza obre como corresponde, recordando que compre seguir "montando guarda".♦

As vexacións parecen tratarse dunha opresión natural, inerente ao sistema militar

MONICA BAR CENDON

VICTOR TIZÓN

ainda que señan matizados, mostran un escaso convencimento sobre a necesidade de **recuperar o idioma** e ábrenlle as portas ao periodismo *navarrero*. Ademais, que o galego non está normalizado xa se sabia. Para iso se criou a TVG. Culpando ao idioma dos males da televisión morden a man que lles dá de comer.

Escrebe desde Vilagarcia X.P.V. Ten 18 accións no Banco do Noroeste. "Custáronme 170 mil pesetas no ano 74", comenta. "Considérome unha vítima dese cara lavada de Ruiz Mateos", engade. O banco que era de Rumasa pasou ao Central-Hispano. As accións son agora invendíbeis, porque non cotizan. "O seu valor é cero", indica X.P.V., "pero séguenme a cobrar por **depósito de documento**". "Se non podo vendelas, porque me cobran?" Pergunta.

Tres grandes grupos reparten a tarta, a cada máis grande, da comunicación. Primeiro, o formado por Telefónica, BBV, Argentaria e La Caixa. Segundo, o que patrocina Endesa e o Central-Hispano, con posíbel accesión de Airtel. Terceiro, Retevisión. A Carta Magna consagra a **liberdade de expresión**. Os banqueiros poden ter autopistas da comunicación, estacións de televisión, prensa e revistas. E os cidadáns do común poden berrar empolingados nun bidón.

As privatizacións están de moda. Semanas atrás Carrascal loubaba no seu noticieiro o proxecto de cárcere privado implantado en New Jersey, a carón de New

A ALDEA GLOBAL

York. Aproveitando a proximidade do aeroporto internacional de Newark, xa lles servia para encerrar aos emigrantes ilegais —outrora orgullo da nación— que chegaban por via aérea. Agora o governo ven de descubrir que no **cárcere privado** "os reclusos eran torturados durante a noite, que as mulleres eran forzadas a utilizar como roupa interior calzoncillos masculinos cun signo de interrogación na parte dianteira". Tampouco habia ventilación e a comida era pésima. Iso que os encerrados non eran delincuentes, senón simples inmigrantes que creran na terra de promisión. Carrascal non dixo nada.

Un diário madrileño publica unha entrevista con Charles Bean, economista da *London School of Economics*. O xornalista pergunta: "Alguns expertos consideran os subsídios ao desemprego como os culpábeis do elevado número de parados?". Entusiasmado polas respostas de Bean, o xornalista lembra a proposta de que aos parados se lle entreguen "vales", en vez dunha paga mensual. Eses vales agrupados poderiallos oferecer o traballador a un posíbel novo empresário a cámbio de que o contratase. Máis adiante Bean descarta a proposta de reducir o salário mínimo, simplesmente porque traeria conflitos políticos e afirma: "Nunha democrácia, os perdedores, cando son moitos, intentan bloquear os cámbios". Velaí as propostas dos **expertos**: pagar para que che dean traballo, calificación de "perdedor" ao que non ten emprego e crítica implícita á democrácia. Nen Al Capone chegou nunca a tanto.♦

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

A maldita pista de atletismo

Non é normal o que esta a pasar na Cidade da Coruña. Existen actualmente na citada cidade uns sete (!) clubes de atletismo rexistados (sendo un deles o Atletismo Coruña, a quinta mellor equipa do Estado) cun número achegado de atletas federados de médio milleiro, o cal fai do atletismo, pésie a quen lle pese, un deporte de importáncia na cidade.

Deica aqui, todo ben, pero as cousas empézanse a tortar no momento en que un espectáculo, tal como se concebe hoxe o fútbol, alega necesitar máis aforo. Desde este momento as manobras políticas de acoso (incluída unha campaña de sinaturas para o levantamento das pistas de atletismo) e as argalladas que se verten sobre a mesma —"... non é regulamentária" chegouse a dicer— fan que se xere unha atmósfera adversa verbo da permanéncia das mesmas.

O tristeiro desenlace vai ser o linchamento dunhas pistas, de todo un símbolo que enxendrou atletas olímpicos que deron todo por Galiza, Coruña e o Deportivo.

Como alternativa disé que se van facer unhas novas, parece ser que nos Rosales, ainda que non existe pronunciamento oficial ao respeito, si por suposto existe sobre a remodelación do estádio, faltaba máis.

Con todo isto, o tema parece ben claro: van levantar as pistas denantes de se facer unhas novas, e mentres tanto...

Espero que todas as persoas que asinaron eses escritos a favor da ampliación dun xeito tan "ledo" se den conta do que nos está a acontecer e reflexionen, e por que non, actuen en seguimento xa que, lembro, asinaron por unha remodelación do estádio que incluía unha construción de pistas novas (talvez como xeito para ter a conciéncia acougada?; xa o saberemos) das cales ainda non sabemos nada.

O tristeiro desenlace de todo isto vai ser o linchamento, xa non dunhas pistas, senón de todo un símbolo que enxendrou atletas olímpicos que deron todo pola sua cidade, atletas que deixaron o nome de Galiza, Coruña e do Deportivo, paradoxicamente, como grande clube de atletismo que foi, ben alto (Gayoso, Hornillos, Barreiro, Martínez... por citar alguns).

Respeito e consideración, é tanto pedir?♦

Claudio Vazquez Baz
A Coruña

Sobre a manifestación da AMI

É de agradecer que polo menos em um meio de comunicaçom escrita saisse algumha referência —ainda que curta e afastada do centro de atençom do jornal— à manifestaçom da Assembleia da Mocidade Independentista (AMI); mais de agradecer que saisse justamente em *A Nossa Terra* antes que em qualquer outro,

Mas, à vista do publicado, e mália a sua brevidade, vejo várias precissons por fazer, que passo a enumerar:

Primeiro que o lema da faixa de cabeça nom era simplesmente "independência", como se di no artigo, senom "polo futuro da tua pátria, Independência" AMI.

Segundo, que discrepamos à hora de valorar a participaçom. 150 pessoas dim vocês? Sim, e outras 150 também; isso para sermos realistas, sem ánimo de engrossar as listas (em certo meio radiofónico falarom de 500). Meus, os números cantam. Mirem qualquer foto do evento, que se tirárom em quantidade, e contem. Já moi grande número nom fomos... e seica ANT nos divide por dous?

Terceiro e mais relevante ponto: o comentário sob a procedência ou ex militáncia (ex APU, di o artigo) dos/as participantes. Era precisso? Importa tanto a pre-militáncia? Ou importa mais o posiçonamento actual? Se o primeiro, também podemos dizer que havia gente ex BNG, por exemplo, mas, importa? As verdades, ainda que o sejam, podem nom dizer toda a verdade, ou dizé-la de forma tendenciosa, é cousa bem sabida no jornalismo. Houvo tendenciosidade na informaçom neste caso? Houvo intençom de vincular esta "mani" com um grupo determinado? Mirem, a gente que foi à convocatória AMI, fijo-o porque simpatizava com o que AMI ali propunha, e punto. O resto é ponher etiquetas ao pessoal, e isso nom está bem. E logo, havia só ex-APUs na manifestaçom? Nada di o artigo das ao menos oito associaçons VIVAS que estavam por ali (nom vou nomear) ou mesmo que apoiarom à organizaçom. A que vem falar só de umha, para isso já extinta? Se ANT nom sabe bem que é AMI e de onde nasce, que o pergunte, mas a quem nom sabe cómpre-lhe calar antes que fazer cábalas e botar ao vento conexons fáceis e para nada afortunadas.

O comentário sob a procedência ou ex militáncia dos/as participantes. Era precisso? Importa tanto a pre-militáncia? Ou importa mais o posiçonamento actual?

Sem mais, desejo-lhes a AMI e a ANT um tempo futuro de maior conhecemento mútuo de cara a que, desde posiçonamentos que tenhem mais de comun que de divergente, colavorem no possivel contra o verdadeiro perigo, contra aquelo que trata de dobregar à Galiza.♦

Irene Martinho Alonso

O nacionalismo galego

de Justo G. Beramendi e Xosé M. Nuñez Seixas

Dous novos volumes

Bispos e Monxes
Os habitantes das cidades

EDICIÓNS A NOSA TERRA

Que pasa polas ruas, irmáns?

Mano Negra encheu nos cinco concertos por toda Galiza

■ ARANTXA ESTEVEZ

Bandeiras nacionalistas, pancartas a prol da insubmisión, camisetas do exército zapatista. A xira de *Mano Negra* xuntou a máis de dez mil persoas nunha semana; dende punkis até progres, dende skins até folks bailaron sen freo a *patchanka*. A forza da convocatória foi tal que moitos repetiron e máis dun e dunha, foi visto nos cinco concertos.

"Eu repito e tripito", berraba unha moza ao remate do primeiro concerto. Esta vez, a visita non se pareceu á anterior, á que fixeron hai catro meses. Se daquela tocaron en pequenos locais con capacidade para uns centos de persoas, esta vez fixérono en pavillóns e grandes sás. Nos cinco concertos (Santiago, Ourense, Baiona, Chapela e Betanzos), superaron as duas mil entradas vendidas e, en dous deles, Santiago e Baiona, venderon perto de tres mil. Os carteis publicitários levaban pegados nas paredes só uns dias, pero as entradas non duraron máis que unhas poucas horas nas tendas. En Baiona, colapsaron a vila xa que a maioria do asistentes desprazáronse en automóbil. "Pero, entón, este grupo, quen ven sendo?", perguntaba unha moza que atendia un bar e non daba crédito á fieira quilométrica de coches.

"Habia que porlle unha bomba aí dentro aos *Mano Negra* eses. Unha cousa é que toquen e outra que fagan ruido. Mañán hai que ir traballar", comentáballe un home en idade de xubilación a outro, que asentia sen perder detalle da cantidade de mozas que pasaban para ir ao concerto. Foi a última aventura do *Villa Maria*, o local onde tocaron en Baiona, e a gota que colmou o vaso posto que un par de dias máis tarde o concello pechouno definitivamente. Xa tiñan claro o que ia pasar pero o negócio *Mano Negra* é moito negócio para deixalo escapar. As cinco barras do local estiveron ateigadas toda a noite mentres os viciños dos arredores queixábanse á policia municipal do barullo.

Os membros do grupo chegaron a Santiago o dia 25 de Xullo. Alguns deles foron á manifestación do Dia da Pátria pero a maioria chegaron polo serán, xusto para as probas de son no pavillón de Santa Isabel. De pouco valeron xa que o concerto non tivo a calidade acústica que se merecia un grupo daest entidade. Alí, en Compostela, estaba a família galega de Manu Chao observando ao seu parente liderar á masa de público que se entregou dende o comezo.

Ao berro de *o povo unido, xamais será vencido*, comezaron os concertos de *Mano Negra*. O que seguiu foi un revoltallo de xente que coreou as consignas: *qué pasa polas ruas?* . A contraseña foi non deixar pasar ao inimigo e o inimigo é todo aquel que ataque ás libertades fundamentais. *A min non me chinga bato, nin me fornica bartolo, a min non me asusta o gringo, o que me busca, acabouselle.*

ANT

As entradas non duraron máis que unhas poucas horas nas tendas.

Unha concepción diferente do grupo

"É un grupo folk ou un grupo rock?", perguntaba alguén á entrada dun concerto. Desde os tempos dos *Carayos*, "Puta´s fever" ata "Casa Babylon", os cámbios son evidentes tanto na música coma nos membros do grupo. A recollida de matérial en Latinoamérica serviu para gravar o último disco. "*Mano Negra* é unha evolución. Nesta xira, estabamos nerviosos pensando se a xente aceitaria o noso novo xeito de facer música. Xa non facemos os nosos temas de antes porque non seria xusto facerllos tocar a novos músicos. Estarian forzados", di Manu Chao.

Pero non houbo decepción para os que foron a ver a aqueles primeiros *Mano Negra*, que axeitaban o rock &roll ao carácter francés dos seus músicos. Alguns temian un grupo *pachangueiro*, pero atoparon un repertório variado e completo: ritmos tropicais, rock, ska, *reggae*. Novas versións de vellos temas e música popular acelerada. "Son os mellores", dicia un rapaz de Valença, que se desprazara a velos a Baiona, mentres bailaba o *boogie* da marihuana e liaba discretamente un canuto da erba máis preciada. "Legalícenna dunha vez", berraba o público.

Futbol, fascismo e música

Un dos membros da equipa que acompaña a *Mano Negra* buscaba unha tenda de "todo a vinte pesos". Queria mercar balóns de fútbol para a actuación. "Imos xogar un partido. *Mano Negra* contra Galiza", berra Gambite. Comeza o encontro cun patadón ao que o público resposta con outro. Nuns segundos, média ducia de pelotas voan por riba das cabezas mentres soa *Santa Maradona*. "Son un hincha do fútbol, para min é un pracer ir ver un encontro. Pero sei que o fútbol está a ter un efecto tremendo sobre a xente. Cando cheguei a Madrid para vivir ali, decateime que aqui a xente só fala de fútbol. Vou a un bar e as rapazas da mesa do lado falan do atractivo dos futbolistas. No estado español, o fútbol durme á xente, como acontece en Latinoamérica. Ainda que ali é unha paixón e aqui convértese no único tema de conversación. É un perigo", di Manu Chao, que vestiu a camiseta céltica na sua actuación de Chapela mentres berraba que el vira xogar a Maradona.

O antifascismo e o antirracismo son as bases sobre as que asentan a sua filosofia musical e vital. "Quizais sexa iso o que fai que conecten tan ben coa mocidade galega. Na Galiza non somos racistas, verdade?", comentaba Ana, unha rapaza que xa os vira en concerto na sua visita anterior. "Cando eu vivia en Paris, comezou o fenómeno dos cabezas rapadas de ultradereita e foron as xentes dos arrabaldos quen se encargaron de frearlles os pés. Agora, xa non é un movemento tan identificado pero Le Pen segue medrando. Hai uns anos a xente riase cando el aparecia en televisión. Poden seguir rindo pero cando os franceses cansen de Chirac como dos socialistas, Le Pen estará agardando. Lamentabelmente, a mocedade máis organizada é a de ultradereita. Van xuntos a todos os sítios. Os movementos de esquerda ou progresistas están moito máis dispersos. Madrid, agora mesmo, é un inferno e a nós, como grupo, téñennos moi localizados e saben de qué imos. Euskadi e Galiza son diferentes; a xente é máis tolerante", conta o líder de *Mano Negra*.♦

A rendabilidade das mensaxes

Estivo en todos. Cando o concerto cumpria unha hora, un mozo zafábase da seguridade do cenário e subia cunha bandeira galega cunha estrela negra. O público perguntábase se tiña algún significado especial. Mália os intentos dos servizos de protección, que se organizaban case militarmente para a ocasión, Manu Chao permitialle subir a bandeira e compartiaa con el. Era o intre no que Gambite berraba *Galiza, tropical. Aquí hai moito calor* .

A temperatura sube nos concertos do grupo francés. A maior parte da xente déixase arrastrar pola mensaxe musical. Hai quen se resiste, como na vila de Baiona, onde entrou moito despistado ao concerto pensando que era un grupo de radiofórmula. Algun, ao escoitar o berro de *Viva Zapata* , fuxiu espantado para a cantina. O líder do grupo recoñece que ser un grupo comercializábel distorsiona a imaxe da banda. "Saimos na tele porque somos económicamente rendábeis. Teño dereito á palabra porque aos medios lles interesa e a min tamén. O importante é poder "largar", a guerra de hoxe faise dese xeito. Por exemplo, en América Latina a xente non ten para dous *frijoles* pero todos teñen televisión", di.

Os membros do grupo son conscientes do importantes que son para a compañia multinacional Virgin. Con ela, asinan disco a disco para non comprometerse e impoñen as suas condicións. Cando lle perguntan a Manu Chao, como vai ser o próximo, di que será galego. Refírese ao que grabaron con Mercedes Peón e que sairá co potente selo da compañia británica. A próxima parada será Irlanda, onde queren recoller material musical e, despois, a vivir unha tempada en México. "Non temos presión para gravar outro disco; xa gañamos de abondo", conta Manu.

Mano Negra é unha máquina de facer cartos ainda sen querer. O seu éxito permítelles vivir como queren. Nengun artista da multinacional Virgin puido pasar pola televisión mexicana perante seis meses. *Mano Negra* marchouse do plató porque consideraba que a entrevista que lle estaban a facer era "un xeito de colaborar en parbadas". Os directivos de Virgin non lles teñen boa fé, pero hai moitos millóns polo médio.♦

7 DIAS

■ Amplia representación galega no Festival de Lorient

Numerosos grupos galegos participarán no Festival Intercéltico de Lorient, na Bretaña, que celebra este ano a sua vixésimo quinta edición. Formarán parte do festival este ano o grupo de danza *Xiradela*, de Arteixo, o grupo de gaitas do Concello de Cea, o grupo de música folk *Xeque Mate*, de Ourense, e Carlos Núñez e o seu grupo folk, de Vigo. Tamén viaxarán os gaiteiros Edelmiro Fernández Parada, Pablo Gómez Torneiro, Xosé Alvaro Novegil Dopazo e Anxo Lourenzo, que tomarán parte no trofeo Macallan para solistas deste instrumento.♦

■ Novo número de *Mocidade*, a revista de Galiza Nova

A organización xuvenil do BNG, *Galiza Nova*, ven de publicar o número oito da sua revista *Mocidade*, que se distribue entre as asociacións xuvenis, centros de emigración, institutos e demais xóvenes en xeral. No novo número desta publicación recóllese un artigo sobre a obra *O mariscal*, representada polo *Centro Dramático Galego* recentemente, e que desde o punto de vista de Galiza Nova supuxo unha manipulación do contido da obra escrita por Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte. Tamén inclúe un artigo sobre a situación do rock galego escrito por un integrante do grupo *Skornabois*, e outro de reflexión arredor do "Nacionalismo, mocidade e meios de comunicación". Neste número tamén ten cabida o antimilitarismo a través dunha carta escrita por Miguel Anxo Abraira, único insubmiso galego encadeado, desde a prisión da Coruña, asi como unha opinión das *Mulleres de negro* (organización de mulleres antimilitaristas). ♦

■ Catro curtametraxes conmemorarán o centenário do cine

Os catro guións gañadores do concurso de curtametraxes da Secretaría Xeral de Comunicación e a Escola de Imaxe e Son de Coruña serán estreados antes de fin de ano para conmemorar o centenário do cine. Ao concurso foron presentados un total de 36 traballos orixinais e inéditos, todos eles obras de xóvenes entre 18 e 35 anos de idade e destinados a se converter en curtametraxes de non máis de 10 minutos de duración. Os prémios consisten na realización en 16 ou 35 milímetros dos catro guións seleccionados polo xurado. Os gañadores foron Xosé Maria Gagino, autor do guión titulado *Afonía*, Xosé David Breixo Roca, autor de *Amenaza anónima*, Xosé Luís González Ducid, autor de *The end* e Anxo da Cruz Branco, autor de *Paranoia dixital*.♦

■ *Andaina* publica un novo número

Xa saiu á venda o número 12 da revista galega de pensamento feminista *Andaina*. Neste novo exemplar inclúese un dossier titulado *De sexo*, no que aparecen diferentes artigos que tratan aspectos variados como "A construcción da diferéncia entre os sexos como marco da cultura", "A SIDA con sexo de muller", "A transexualidade: un acicate para o pensamento feminista" ou "O sexo de papel". Ademais conta cunha reportaxe sobre o Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade de Santiago, un organismo creado como un servicio de atención á mocidade en todo o relacionado coa saude sexual e a reproductiva. Neste mesmo dossier inclúese un artigo titulado "Eu tamén crecín co Yesterday" no que se fala da "revolución sexual" da época *hippy*. A revista *Andaina* complétase coas súas seccións habituais: editorial, celebridades, denúncias e comentos... Non faltan as reportaxes, como a de "Linguaxe e sexismo", un artigo sobre a segregación na escola actual, outro titulado "O xenio das mulleres" e entrevistas, como a que lle fan a Remedios García, unha pensionista que vive no Fogar da Terceira Idade de Compostela. Tampouco faltan a axenda e o apartado literario, que neste número comenta *O mundo de Sofía*. Na sección *Perfís* fálase da Secretaria da Muller do Sindicato Labrego Galego.♦



■ Nova carta aberta pola defensa do património histórico-artístico de Pontevedra

A Asociación Amigos de Cultura de Pontevedra anunciou a apertura dunha campaña destinada á defensa do Património histórico-artístico e monumental de Pontevedra aberta a todas as persoas interesadas. A campaña consiste na edición dun manifesto e a posterior recollida de firmas, asi como tamén un ciclo de conferéncias, táboas redondas, etc, que xirarán en torno ao tema referido. Como ponto referencial desta campaña está a denúncia presentada o 6 de Xullo diante da Dirección Xeral do Património histórico e documental da Consellería de Cultura e na que se refiren os distintos problemas: a non aprobación do PERICA, as operacións urbanísticas en marcha para o derrubo dos edificios da Praza de España, Pazo de Sáenz Díez e maila Casa das Corralitas, a falla de controles arqueolóxicos dos tipos no antigo arrabaldo de A Moureira. Tamén se solicitou a Declaración de Ben de Interese Cultural de Galicia para a rúa de Xan Guillerme e se propuxo a rehabilitación dos edificios en perigo de derrubo. A Asociación Amigos da Cultura opina que se queren que a cidade se convirta en "cidade turística e de servicios" é condición inexcusábel manter o Património histórico e artístico ben coidado. ♦

■ Nélida Piñón gañadora do premio *Juan Rulfo*

A escritora galego-brasileira Nélida Piñón resultou gañadora do Premio de Literatura Latinoamericana e do Caribe *Juan Rulfo* 1995. O galardón está considerado como un dos máis importantes no ámbito das letras e está dotado con 100.000 dólares. Foille concedido a Nélida Piñón por ser unha das figuras que destacan con maior intensidade na literatura latinoamericana contemporánea.♦

Leituras

Intento meritório

Polas inmensas e alleas fortunas

Laura Caveiro (1967) publica a sua primeira obra literária adentrándose na novela de xénero. **Polas inmensas e alleas fortunas** é o titulo da novela desta nova autora, publicada na colección Negra de Edicións Xerais (94 páx.; 1.200 pta.).

Caveiro cria a figura de Tom Vas, detective privado con oficina-despacho na mesma rua do Príncipe. E unha secretária que non para de acosalo, e á que de vez en cando lle dá unha labazada para que o deixe tranquilo. Un dia recebe no despacho a visita de Victoria Ferreira, unha dona da alta sociedade viguesa, cuarentona pero ainda de bon ver (axiña se decatará o leitor que o tal Tom Vas é un misóxino de moito coidado, senón un violador en poténcia). Matáronlle o fillo, a policia considera que "que foron uns delincuentes, que o atracaron na procura de cartos" pero "apareceu co reloxo e mesmo o diñeiro enriba. Iso confunde á policía, que non sabe nin por onde anda" e "sen embargo dan como único móbil do crime o roubo". A policia non descobre nada e Victoria quer que Tom investigue. Ao que se adica coa velocidade da luz. Vai ver, primeiramente, a Maxi, membro do corpo de policia e ex compañeiro, xa que, como é de natural recibo, Tom pertenceu á policia, da que foi expulsado.

Pouco lle di Maxi. Logo vai ver á noiva do asasinado, Susana é unha minisaieira de moi bon ver. Van no coche dela, e descóbrelle que o morto (Óscar) era un "marica-llo", e que tiña un "querido" cincuentón. Ela aperta o acelerador e, nun momento dado, caen os dous —dentro do automóbil— ao mar.

Victoria convídao a unha cea na sua casa. Cea á que asistirán diversos personaxes: un deles, pensa Victoria ainda que non llo diga directamente a Tom, é o asasino. Son: un conselleiro e a sua dona. Un avogado, sócio de Victoria, que foi o responsábel de que Tom tivese que abandonar a policia. Un xardineiro de moi bon ver. A dona do conselleiro. Un banqueiro, e o amante de Victoria.

Despois da cea, nos dias seguintes, nunha longa conversa que acaba na cama, Victoria remata por lle contar a verdade a Tom. Este decátase de que nada poderá facer. Sabe toda a verdade, pero nunca o culpábel, o asasino, será castigado.

A novela de Caveiro é unha caricatura-paródia da novela negra americana. Un detective, ex policia, duro, sarcástico, irónico, descrido. As mulleres, todas fatais, ou case. O policia, corrupto. Os políticos, tamén. A escritora galega transplantou o esquema da novela negra clásica pondo, simplesmente, uns nomes galegos —ainda que moitos deles son neutros— aos personaxes, e situou a acción nunha cidade da Galiza, Vigo, ainda que esta non é omnipresente. O final é o clásico: saber a verdade, é o que interesa, non castigar ao culpábel —ainda que en verdade non se saben as causas do asasinato (pode ser unha chantaxe) nen os motivos tanto da vítima como do asasino.

Laura Caveiro.

Polas inmensas e alleas fortunas é unha obriña que se le dun tirón. A autora coñece perfeitamente a estrutura da novela negra, sabe aplicala, pero non a recria. Quer dicer, non profundiza nesa estrutura para intentar facer unha obra literária de maior altura, simplesmente transplanta esta estrutura e insufla un pouco de vida a un corpo que en primeiras instáncias reacciona positivamente, pero que ao final rexeita o transplante. Se Caveiro profundizase no lado paródico da sua novela, e mesmo na lado irónico, intentando fuxir do esquema clásico, a verosemellanza da novela gañaria. Mais dá a impresión de que a autora non intentou unha obra literária, senón que fixo un exercício que lle foi grato, e, se cadra, como tal haberá que tomar a presente novela. Como un exercício que demostra os coñecimentos da Laura Caveiro. Uns coñecimentos que, profundizados e realmente transplantados á nosa sociedade, poden facer a Laura Caveiro unha boa novelista policial, xa que domina tanto as técnicas narrativas do xénero como as verbais, ainda que ás veces incorra en erros técnicos (os dous capítulos narrados en terceira persoa, sobretodo o segundo, que é o último do libro, que nada engaden nen á investigación, nen ao que sabe ao leitor, nen, o que é máis prexudicial, á novela); e en erros verbais e tópicos nos que cai a autora levada pola sua própria facilidade. Orabén, se estes erros son facilmente correxíbeis —e asi o esperamos—, en futuras novelas a autora deberá ter máis en conta o "tempo" narrativo, e o ritmo, xa que ás veces pásase dun paroxismo frenético a unha tranquilidade case absoluta.

> Se Caveiro profundizase no lado paródico e irónico, intentando fuxir do esquema clásico, a verosemellanza da novela gañaria.

Contodo, Laura Caveiro non se guindou a facer unha novela policial fiándose do seu presunto "saber", senón estudando as estruturas desta e lendo moito aos clásicos. Agora só compre que dé o salto cara adiante.♦

XGG

UNIVERSITARIA

Textos e manuais para o coñecemento

NARRATIVA GALEGA: TEMPO DO REXURDIMENTO

Modesto Hermida desvela a narrativa galega do Rexurdimento

Este libro é froito dun delongado e teimudo traballo sobre os textos en prosa narrativa galega producidos e publicados nesa longa etapa histórica que podemos calificar como Tempo de Rexurdimento. Un libro imprescindible, que facilita un máis amplo coñecemento da historia da literatura galega.

NA MESMA COLECCIÓN



LITERATURA E SOCIEDADE EN GALICIA
Xoán González Millán



A LITERATURA GALEGA DURANTE A GUERRA CIVIL
Claudio Rodríguez Fer

NARRATIVA GALEGA:
TEMPO DE REXURDIMENTO
Modesto Hermida

XERAIS

conta de libros

Viños de Galicia



Xosé Luís Sesto García edita a **III Guía de los vinos de Galicia (1995-1996)**, a guía *Bonviño*. Conta con datos de 45 adegas reseñadas e de 80 viños comentados e calificados. Inclue tamén información sobre os viños galegos nas catas xerais e un vocabulario do viño.♦

Narrativa do Rexudimento

Edicións Xerais publica na sua colección Universitária o traballo de Modesto Hermida titulado **Narrativa galega: tempo do Rexurdimento**. Preténdese dar a coñecer a todas as persoas a existéncia dunha boa cantidade de textos en prosa narrativa galega, producidos e publicados na etapa histórica coñecida como Rexurdimento. Este libro é froito dun prolongado traballo que comezou nas hemerotecas nas que se poden atopar fondos do noso pasado cultural.♦

Novo número de *Grial*

Galaxia edita o número 126 da revista **Grial**, correspondente aos meses de Abril, Maio e Xuño de 1995. Baixo o temário xenérico de *Cultura e mercado* incúe unha série de textos de distinto autores: Luciana Stegagno Picchio, Xulio Ríos, Hernán Neira, M.C.Ríos Panisse, Itamar Even-Zohar, Enrique Gil Calvo e Raimundo Viejo Viñas.♦

Teatro de Dieste

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) publica a obra de Rafael Dieste **Viaxe e fin de don Frontán**. Ademais do texto íntegro da obra teatral, que dirixida por Antonio Simón se representa este verán en Santiago, inclúe unha explicación do reparto, da montaxe e a escenografia, dos signos icónicos e do contexto. Tamén introduce testemuñas epistolares sobre a obra e unha reflexión teórica da obra de Rafael Dieste a cargo de Xosé Luís Axeitos.♦

Vertebrados de Galicia

A Sociedade Galega de História Natural e o Consello da Cultura Galega publican en dous tomos do **Atlas de vertebrados de Galicia**, pertencente á colección do Patrimonio Ecolóxico.Trátase dunha aproximación á distribución dos vertebrados terrestres de Galicia durante o quinquenio 1980-85. O primeiro tomo está adicado aos peixes, anfibios, reptís e mamíferos, e o segundo ás aves. Incluen debuxos e gráficos explicativos por cada animal.♦



Leituras

Elevacións

No mesmo espacio de Rafa Villar
A primeira publicación individual das Edicións do Dragón permítenos recuperar o contacto cos versos de Rafa Villar. A mensaxe poética de *No mesmo espacio*(1) nace da ferida insubmisa. Non da pasividade na dor senón, como afirma o seu autor no epílogo, *"do que non pode ser raio suhmiso, do que non pode seguir mordendo mentres haca un anaco de papel en que consumir* abecedarios ".

O viaxeiro, magníficamente representado na portada do cartafol por Tokio, guianos na procura desa liña do horizonte sempre esquiva e difusa, sempre alongada. Pois, detrás del, no pasado, está o noso punto de chegada. As vivencias antigas revélanse como recordo emocionado, estremecido, que forza á búsqueda constante do rastro evanescente dunha amada, ser de auga.

Sabes a chuvia, a mar, a río.
Onda es e fervenza.
Caendo múltiple sobre a terra.
(...)
describe
na miña pel
o curso lento da auga fresca.

A búsqueda acentúa no eu poético un desexo ardente e ilimitado que se alimenta do recordo dos ollos e as mans, outrora habitantes dese espácio agora desolado. A angustia da esculca provoca estigmas e só hai unha forma de neutralizala: a chegada de ela *"como quen espera/ vibrando e repartindo escuma."* Só o feito de compartir un espacio permite trazar un novo horizonte, esa " *liña do ceo que nos agocha/ lonxe da infamia"*. Pois o amor confórmase en potencia rexeneradora capaz de modificar a natureza dunha terra que é, constantemente, abandonada na elevación paixonal e indefectibelmente reencontrada. Pero, sempre, a volta depáranos unha nova mutación na súa realidade, un cambio que contrasta coa permanencia das palabras:

As vivencias antigas revélanse como recordo emocionado, estremecido, que forza á búsqueda constante do rastro evanescente dunha amada, ser de auga.

Estas palabras que ves tan desgastadas
han de permanecer
máis ala do noso encontró.

A procura da amada esixe do eu poético unha constante elevación, a apropiación dun espacio ignoto e anónimo que lle resulta alteo obrigándoo a aprender a *"enumerar as estrelas e as galaxias"*. Pois só transformándose en cometa logrará descubrir á amada, agora ser celeste, escondida no seo das constelacións. E, desde este ámbito, só hai unha forma de regreso á terra: a chuvia. Ambos acaban por ser auga que se fragmenta e que ven fertilizar a terra e traer a ilusión da vida para os seres que a habitan desde a creación, para eles, dos ríos e as ribeiras.

Nas recaladas,
ao que o vento encalme,
habemos de dividirnos en fragmentos,
en pingas, en promesas,
e ti viras comigo pola terra
para invertarmos os ríos
e as ribeiras.

Esta potencia creadora vén permitida pola peculiar natureza dunha muller - "río/ *que vai dar de novo á montaña"* - que ten as súas orixes nun mar-líquido amniótico para rematar sempre no cumio da montaña desde a que subir ó ceo feita estrela. Esta forza ascendente arrastra ó eu poético desde a terra cara o ceo, rescátao dos escuros abismos cara o ceo, rescátao dos escuros abismos cara o territorio da luz. Por iso a caída é máis angustiosa para el que se ve abocado á triste realidade da terra e desposuído do poder rexenerador do mar.

Do último beixo ignoro
se tiña unha intención oculta,
se era eu o que se afundía
ou eras ti a que comezabas
unha nova e grata singradura
sen o meu mar inchando as túas
velas.
Eu tampouco non tiven azos
para che pedir o mapa da túa ausencia.

E así exclama: *"Tras a navegación/ unidamente nos queda escrutar o horizonte./ O lonxe que nos uniu."* Pero sempre, mentres vaga por unha terra que agora, despois da singradura sideral, lle resulta descoñecida e dura, ten consciencia da esperanza de volver reconstruir os mapas que marcan a xeografía feminina. Pois invariablemente sabe que ela é "o *destino irremediábel, a chegada,/ un imperceptíbel punto do cosmos/ sen o que eu/ vou extinguindo a miña luz."*

Sobre a terra quedan aínda camiños por explorar, rotas que conducen ó reencontro, á fin do horizonte onde mar e ceo se unen, onde ese ser de auga e luz está agardando a chegada dun eu poético consciente da súa fraxilidade -*"Son, quizais, un sopro,/ unha forza indolente/ que se ampara nas palabras/ para intentar fuxir un pouco."*- pero que afirma:

Sempre hai un credo profesado,
unha vivencia,
que parte do máis íntimo e resgardado
e fai camiño.
Sobre a terra.

A seguridade da volta imponse sobre a aceptación da derrota ligada a unha fe invariable -*"De verdade que creo en ti./ E admito a miña derrota"*- e, pese á incertidume, triunfa a certeza do regreso. Asi, na contraportada, sobre a impresión dunha man, elévase unha mensaxe de reencontro repetida en clave lírica nos versos:

Non sei como
pero hei volver.
Que me agarden as palabras e os combates,
que me agarde o son,
porque todo me recorda a ti,
mesmo o silencio.

E, mentres agardamos o retorno, só nos queda esculcar -desde a terra- a porta de entrada no ceo que se atopa nun resquicio escuro do horizonte onde este roza o mar. Á fin, todos son o mesmo e diferentes espacios para percorrer desde o amor compartido.♦

TERESA SEARA

(1) Edicións do Dragón, Galiza, 1995

Música

Doce Dulce

A brisa do coração

Dispóñome a escoitar coa atención que se merece o novo disco da Dulce Pontes, e cai nas miñas mans unha revista especializada, na que o crítico de turno comenta: "... sobre música só escreben os idiotas, que só a un que o seña se lle pode ocorrer definir unha canción".

E resulta que a Dulce canta nada menos que dezanove temas neste disco, gravado *ao vivo* no Coliseu do Porto a princípios do mes de Maio do ano en curso, poucos dias despois de que este informador tivese o pracer de entrevistala. Con este condicionante, apenas podo pouco máis que rendirme acriticamente ao canto da nova musa, xa que tampouco asumo a tarefa de ''definir'' canción nengunha, nen neste nen noutros casos. Por engadido, a Cantora reivindica —e de que forma!— a figura do ''Zeca'' Afonso —outra debilidade de quén isto asina.

Dulce Pontes é unha cantora inequivocamente lusa, continuadora da lendária Amália, ao tempo que réplica portuguesa da grande dama Barbra Streisand.

Pero á forza de observar polo miúdo canto disco é obxecto de reseña nestas páxinas, non podo por menos de divagar verbo da técnica vocal da ''Doce Dulce'' —terminoloxia do José Niza, nome histórico no contexto da ''Canção'' portuguesa—, e poderia afondar nos seus altos e baixos, na desmesura do seu canto, podo discrepar tmaén do excesivo despregue instrumental, pero aí están temas coma o ''Fado da Sina'', interpretados tan só con músicos de corda, que amosan o indiscutíbel: Dulce Pontes é unha cantora inequivocamente lusa, continuadora da lendária Amália, ao tempo que réplica portuguesa pa grande dama Barbra Streisand (outra idea do J. Niza). Escoitar o disco e ollar as fotos do concerto, inseridas na contracapa, é todo un, ou millor dito, comprobar a dobre faciana da música: visual e auditiva.

E teño para min que a nosa conviciña asumiu que ''A Brisa do Coração'' —tema que dá título ao disco— está localizada, efectivamente, no interior de cada quen, tal como suxire a letra da devandita canción, con música do mestre Ennio Morricone.

A Pontes —que axiña actua en Pontevedra— apenas dispón de tempo para traballar sobre repertório novo, mália telo disponíbel —quen se resiste a compor algo para tal musa?—, quizá por iso nesta nova entrega reincide en cancións xa gravadas no seu anterior disco, ''Lágrimas''. Pero nesta ocasión, a cantora móstrase máis desinibida e —por que non dicelo?— arrebatadora.

Por todo isto, opino que de música si se pode escreber —a fin de contas, a iso andamos—, pero non é doado definir unha canción. Por máis lúcido que fose o escrebinte de turno, sempre quedaria curto, cando menos no caso da ''Doce Dulce''.♦

XOAN M. ESTÉVEZ

Un guitarrista irlandés honesto

Non hai moito deixounos o excelente guitarrista Rory Gallagher á idade de 47 anos por mor dunha insuficiencia hepática. Nado en Ballyshannon, xa moi precozmente interesouse pola música, subindo a un cenário por primeira vez aos nove anos e tocando con doce en bandas ambulantes. En 1969 formou a banda *Taste* e máis tarde encetou unha carreira en solitário que tivo o seu ponto álxido na década dos 70, na que o músico foi considerado un dos mellores guitarristas do roxk mundial. A guitarra foi unha fidel compañeira e resulta difícil ollar a Gallagher sen ela nas suas mans nas fotos dos seus discos. Rory foi un fanático do blues-rock potente e soubo interpretalo con mestria. Coa formación de trio, que foi a que adoitou empregar co engadido dalgun músico invitado, envolveu os sons da sua guitarra na "tralla" dun blues-rock de enorme forteza, que ten un sitio reservado nas antoloxias da música rock e máis grande, por méritos própios, do que van ter outros que contan cun márketing propicio que os fai máis importante do que son.

Gallagher nunca se vendeu, era un home honesto que morreu tocando no que cria.

Gallagher nunca se vendeu, era un home honesto que morreu tocando no que cria. Tivo unha oportunidade nos 70, coa saida ao mercado do excelente "Top Priority", de se converter nun guitarrista vencellado ao hèavy que, daquela, daba bastantes máis cartos, pero o irlan´des refugou esa proposta de encauzar a sua música por ese camiño e continuou no seu, ao contrário do que fixeron outros que cairon na tentación do diñeiro doado realizando obras comerciais nos diferentes ámbetos do rock.

Esa honestidade e integridade é moi de louvar no de Ballyshannon, que deu unha leción de coeréncia cando habia moitos cartos de por meio. Quizais por iso na década dos 80 a sua figura ficou un tanto esquecida, ainda que seguiu sacando traballos moi apreciábeis.

Os que tivemos o pracer de o escoitalo en directo nun concerto que deu hai bastantes anos en Xixón, lembrarémonos das duas horas e meia que vivimos cun músico entregado que non defraudou para nadas as expectativas dos que ali estábamos. Ouvir a Gallagher en estado puro, que era ao vivo, pir iso ten tantos discos gravados en directo na sua andaina, serviu para reafirmar o grande conceito que tiñamos dun dos mellores rockeiros da história.

O meu querido Raúl Piñeiro cismaba en traelo a actuar a Galiza e xa non vai ser posíbel. Quedarei coas ganas de coñecelo e facerlle unha entrevista. Quedémonos cunha obra de enorme poderio e coa leción de non arredarse nunca do camiño escollido.♦

OSCAR LOSADA

conta de discos

Zenzar
Fascinados polo prohibido

O grupo de Meirama, *Zenzar*, editan o seu primeiro longa duración; oito cancións de rock galego forman "Fascinados polo prohibido". Despois dunha maqueta e de aportacións a discos compilatórios, esta formación, que se chamou *Mordor* ate hai dous anos, acada o resultado de vários anos de experiéncia musical. Sen querer etiquetarse dentro de nengun movemento, *Zenzar* herdan as influéncias do rock duro dos 80 no Estado mesturado con letras próprias, íntegramente en galego. A troula, a tortura irracional de animais e o antimilitarismo son alguns dos temas ao redor dos cales construen as cancións. "Fascinados polo prohibido" está distribuido por *Treboada* e o enderezo do grupo é Zenzar, Apartado 3065 da Coruña. **(A.E.)**

Marea Vermella

A compañia Xurelo Records ven de apresentar o seu primeiro disco recopilatório de maquetas de bandas de Vigo e a bisbarra, xusto uns dias antes de que se celebra na parróquia de Valladares o Revoltallo de Música Emerxente. Do total de maquetas inicialmente previstas chegouse a unha escolma de doce temas dos grupos ***Flor de Veneno, Los Contrarios, Polvos de Tocador, Buena. Fata Morgana, Los Ernestos, Lam, Emerson Phit&Phaldy, Éboli, Ritual, Brigada Lixeira*** e ***As rockas.*** Xurelo Roxo records ten o teléfono /fax (986) 48 20 65.

Labanda
No todo es seda

Pioneiros do *folk-rock* -non en balde titularon un disco seu, *Rockmería— Labanda* continuan reivindicando, após o éxito dos *Celtas Cortos*, a sua lexitimidade artística, e dan con este disco de corte celtoide, ritmo ás veces de *chispum*, algun que outro tema maino —desenvolto melodicamente— e várias cancións liviáns, algunha contestatária, con textos do máis tópico.

Labanda veñen de mostrar que alén da Galiza, en Madrid, tamén latexan os aires folclóricos do que se deu en considerar mundo "céltico". **(X.M.E)**

CANTAUTORES EN GALICIA

O CANTO E OS CANTORES

SUSO DE TORO

A voz dun país exprésase artisticamente de moitos xeitos, a literatura, o cine,... mais no canto, na voz das persoas, é onde mellor se ve o modo de ser desa xente.

E ao falar do canto hoxe hai que pensar como con calquera arte actual, que se pode morrer por dous lados. Dunha banda xa non é posíbel unha arte nova que sexa étnica, tribal, porque tan verdade é que existe unha cultura étnica como que existen individuos que son parte dun mundo actual complexo e diverso. Doutra banda, non se crea arte nova con forza se, sendo autores individuais e distintos, non nos sufincamos ao tempo na raíz da nosa xente. Se non o facemos seremos a penas herba que arrastra o vento de aquí para alá. Ao facer arte hoxe e sempre cómpre abrirmonos ao noso tempo desde o noso lugar, terra e tempo.

Cando se fala da canción en galego hoxe hai que pensar nestes dous ingredientes: autores orixinais que se atreven a seren eles mesmos, así serán orixinais, e a existencia dun canto tradicional que lle alimente, unha tradición coa que dialogar. Sen iso paréceme que a súa orixinalidade non terá peso e fondura bastante. Hai que enraizar o sentimento propio co da túa xente. Porque se non temos xente da cal vimos non temos nada, seremos imaxes creadas por un ordenador nunha pantalla, non persoas.

O cantautor Benedito.

'Hai que fregarse ben ata que a un se lle pega o ulido a suor de traballo, o acento, o modo, a palabra, o ton... e o sentimento'

Estase desde hai poucos anos a rescatar o canto do picho da fonte onde naceu e estase a descubrir o ton e o timbre do noso sentimento melancólico, rabudo, retranqueiro, patético,... Veño de pór no estante dos discos o de "Leilía" de par do de Faustino Santalices, meu vello. Fanos falta cantores que interpreten e manteñan o repertorio tradicional. Tamén nos fan falta autores que creen cancións propias para esas gorxas que aprenderon a cantar o noso canto. ¿Que había ser o flamenco sen aqueles vellos cantores, follalateiros, ferreiros, mineiros,... que chegan da noite dos tempos en vellas grabacións? ¿E que había ser del sen os novos intérpretes e compositores?

Naturalmente que as novas cancións han ser distintas, como que na vez de repetir estrofas fragmentadas e encadeadas, "rap" labrego, han apuntar máis ben á busca da secuencia e a unidade da canción europea tradicional, e a "pop". Naturalmente que os novos intérpretes han buscar un xeito propio, persoal. Así ten que ser, mais non terán convicción nin enerxía para facelo se non coñecen primeiro a tradición. Falo da nosa, claro. Naturalmente que a tradición do blues de Chigado e do Mississipi tamén lle convén, ¿e por que non o cante flamenco, o fado,... Bob Dylan foi alumno de Woody Guthrie e os Almanach Singers, Billie Holliday filla de Bessie Smith, Van Morrison fillo de John Lee Hooker e unha labrega irlandesa, Fabrizio de André de campesiños italianos, Leo Ferré de pousadeiros franceses...

Só hai que empaparse ben do canto e emborcallarse na xente, fregarse ben ata que a un selle pega o ulido a suor de traballo e algo de alento a viño, o acento, o modo, a palabra, o ton... e o sentimento. Asi teremos o cantor, a cantora. Logo só nos fallan as cancións, pero eu penso que iso non ha de ser tan difícil se un se pon de modo.♦

Os nomes dos lugares

Ortigueira; pouco ou nada a ver coas ortigas

O primeiro que se nos ocurre ao abordar o nome de Ortigueira, é naturalmente, pensar que se trata dun abundancial dun vexetal ben familiar para todos nós como é o das aguilloantes ortigas ou estrugas.

Iso deberon pensar os que deseñaron o escudo da villa onde campan tres pés que deben ser da citada planta ao mesmo tempo que tres pináculos que interpretariamos como os tres cons nos que ramta o cabo Ortegal.

Agora ben, na realidade o nome da vila non é Ortigueira, senón Santa Marta, e asi o expresan os nativos: vou a Santa Marta, veño de Santa Marta...

Co nome de Ortigueira desígnase máis ben o nome dunha contorna, dunha bisbarra; e isto xa ven desde moi antigo, pois era a designación do contado ou terra de Ortigueira, que tiña a súa capitalidade no lugar de Santa Marta.

É sempre convenente na toponímia estudar a orixe doutros lugares que gozan do mesmo nome, e velaí que localizamos dous lugares, un no concello de Barro, por terras de Pontevedra e outro na Vedra polas partes do Ulla e ainda na viciña Asturias repítese o nome de Ortigueira; no concello de Coaña nun contexto marítimo ben parecido ao da nosa vila galega de varís acantilados sobre o Cantábrico, xunto con outros de parecidos nomes como o Pico Ortigoso, o cume de Ortiguedón, o lugar de Ortigueiro en Cabrales, o Ortigal no concello de Piloña, ou na Gudiña.

É sempre convenente na toponímia estudar a orixe doutros lugares que gozan do mesmo nome

Todos estes lugares están definidos como puntos escarpados e elevados, quer na beira do mar que no interior do país.

Á vista desta coincidéncia na feitura orográfica de todos estes lugares de semellante nome lévanos a pensar que, do mesmo xeito que nestas mesmas páxinas propuñamos que o nome de Ortegal procedía da palabra latina *Vertical* en referencia á faciana do cabo como unha barranqueira sobre do mar, tamén pensamos que o nome de Ortigueira podería explicarse do mesmo xeito como desde unha *verticalaria* latina, ou sexa terra de barrancos ou caídas a pico á beira do mar.

Terras ígremes, ásperas e bravas como as do Ortegal non son precisamente as mellores para que a planta fose tan abondosa que lle dese nome á terra, senón que o seu común feitio de beiras do mar, en declive, ladeirentas e en talude merecerian unha designación común desde recuados tempos como Illa Verticalaria Terra que pasaría por vocalización da —V— a A Uerticaleira, A Vertigueira e, por fin, A Terra Ortigueira, que seria o mesmo que Terra en declive ou Barranqueira sobre do mar.

E aínda un argumento de tipo biolóxico para desbotar a teoria usual da orixe vexetal do nome; é ben sabido que a planta das ortigas non se dá precisamente nos lugares bravos e montuosos senón que é unha especie que acompaña os asentamentos humanos; o seu hábitat é, ali onde hai unha casa abandonada, un pardiñeiro, un lugar de botamento de entullo ou lixo, alí onde habitou ou criou estrume o ser humano e as súas explotacións agrícolas ou gandeiras.

Non obstante debemos ser prudentes e se o contexto xeográfico non acompañase ao nome, na liña que nós propomos, deberiamos pensar que poidese ser a abundáncia do vexetal o determinante do seu chamadeiro.

Estariamos faltando, se cadra, a presenza dalgún vello documento onde aparecese unha grafía parecida á que nós postulamos desde o latín que nos dese pé a confirmar a nosa teoría; infelizmente nos documentos que manexamos, sempre usan o nome de Ortygueira, onde está a palabra xa evoluída e tal como a usamos hoxe. Iso pode ser sinal de que a transformación da palabra xa se deu desde antiquísimos tempos.

E por fin chegamos á conclusión de que o significado do nome de Ortigueira estaba escondido no seu escudo municipal, como se dun xeroglífico se tratase ou como se os que deseñaron a insignia xa dubidaran entre as dúas posibilidades; resultando para nós que ten máis a ver, cos tres picachos, Os Aguillóns de Ortegal? que ali aparecen, que cos tres pés de vexetais, As ortigas? que tamén alí figuran.♦

CÉSAR VARELA

LECER

Os estilos musicais máis diversos no II Revoltallo de Valadares

Unha cita alternativa do 14 ao 21 de Agosto

■ ROSA Mª FOLGAR

O Centro Veciñal e Cultural de Valadares (Vigo) celebrará entre o 14 e o 21 de Agosto o II Revoltallo de música emerxente *O teu gozo no Monte dos pozos*. Durante esa semana terán lugar unha chea de actividades diversas: actuacións musicais, mostras de vídeos, cine ou concursos.

O máis destacábel deste "revoltallo" son as actuacións musicais, que comezarán o día 14 ás 22.00 horas con *5º Conexión*, *Sólo Dios lo sabe* (Ourense), *Lam*, *La Patrulla* (Salamanca), *Rock Parrulo* (Coruña), *Zenzar* (Coruña) e *La gran ramera y los corderos de Dios*.

O martes día 15 desde as oito da tarde actuarán *Os podridos*, *The feixons*, *Kaos* (Morrazo), *Oxtiax que te pariu*, *Reincidentes* (Sevilla), *Ruin Bois* (Bueu), *K.G.Ben* e *Skacha*. O día 16 ten lugar o festival de música tradicional desde as 23 horas, no que actuarán *Millaradas*, as pandereteiras *Cantigas e Agarimos* (Santiago), *Violia* e *Rumbadeira* (Coruña). O xoves 17 actuarán desde as dez da noite *Narcorip*, grupo que emplea sons industriais, *Luar II*, grupo de música electroacústica, *Prozac*, Fernando Collazo, *Musicadora* e *Doc. Manhattan*.

O concurso de música comezará o venres 18 ás dez da noite co concurso de músicas distintas, no que participarán *Magin Blanco* (Ourense), *Capo Ferro*, *Attedelm*, *Otro juego de té*, *Salterium* e *In nomine*. Estarán de invitados *Foggy mental breakdown* e *Sobrekarga* (Coruña). O día 19 ten lugar o concurso de música pop-rock a partir das nove da noite. Nel participan *Sunset Boulevard*, *Eboli*, *Mackadams*, *Mastines*, *Creepers*, *Los profetas*, *Los contrarios*, *Gloomy House*, *Favorite Shoes* e *No hay manera*. De invitados actuarán *Os Maruxa* (Coruña).

O día 20 finalizan os concursos co de música punk-metal, no que participarán *Trashnos*, *Declive*, *The feixons*, *Dismal*, *Absorved*, *The menciales*, *Os túzaros*, *Nabarraka*, *K.G.Ben* e *Skacha*. Neste ocasión estarán invitados *Unhallowed* e *Asfixia*.

Ao longo desta semana celebraranse outras actividades como a feira de música independente, unha mostra de vídeos na que se admiten vídeos creativos, e unha exibición de xogos de rol na que se admiten aprendices de xogadores. Tamén vai ter lugar un taller creativo de escrita no que se admiten cursillistas e un "revoltallo" de *mountain bike* ademais de outras actividades de tempo libre.

O gañador de cada concurso levará de prémio 25.000 pesetas e un compacto. O segundo clasificado receberá como prémio tamén un compacto.

As persoas que o desexen poderán acampar durante esta semana nun lugar habilitado especialmente prévio pago de 3.000 pesetas, tarifa mínima por tenda de catro prazas. As reservas faranse no próprio Centro viciñal e cultural de Valladares.♦

Música Folk na carballeira de Zas

O 5 de Agosto a música tradicional reúnese, un ano máis, na noite da Carballeira de Velar. Nestes doce anos a Asociación Cultural Castro Meda conseguiu que esta festa se convertira nun clásico das festas de verán en Galicia. A conxunción de música, danza e gastronomia popular farán pasar un día agradable en Zas. Este ano poderanse ver grupos de Galiza, Portugal, Navarra, Astúrias e Estados Unidos. Ademais durante a festa repartirase viño, empanada e queimada para todos os asistentes.

A partir das seis da tarde actuarán os grupos de baile da Asociación Cultural "Castro Meda" de Zas, o grupo *Cantigas e Agarimos*, de Santiago, e o grupo Aitzindari Euskal Dantza Taldea, de Navarra. A partir das nove da noite actuarán *Calimbornio*, de Ferrol, Pat Kilbride e John Whelan, de Estados Unidos, Brigada Víctor Jara, de Portugal, e Llan de Cubel, de Asturias.♦



Festa da Cultura en Melgaço

Do **9 ao 13 de Agosto** celébrase no Concello de Melgaço (Portugal) a XIII Festa da Cultura e a IV Feira de Mostras. O mércores 9 de Agosto celébrase o Día do Parque Nacional da Peneda Geres e do Parque Natural do Xurés e dará comezo a festa ás catro da tarde coa recepción ás entidades oficiais na Casa da Cultura e a actuación do grupo de gaiteiros de Lobios (Ourense). Ao longo do dia terá lugar un ciclo de cine no que se proxectarán as películas *Amor de perdição* de Lopes Ribeiro e *Documentário sobre Castro Laboreiro*. Tamén se vai representar unha obra de teatro, o *Auto das Cortes da Morte* a cargo da Compañía Angulo o *Mao*.

O dia 10 vaise celebrar o Día do Concello de Ponte da Barca cunha série de actos, entre os que se incluen debates como *A xestión de ríos*, dentro do programa do Ano Europeu da Conservación da natureza, un mini-maratón verde, demostracións de "horseball" con cabalos garranos e un concurso de productores de mel. Tamén se proxectará a película *Cruz de ferro* de Jorge Brun do canto. O venres 11 celébrase o Día do Concello de Montalegre comenzando ás dez da mañán cun concurso de bovinos das razas barrosa e cachena. Haberá tamén unha táboa redonda sobre feiras medievais, unha mostra gastronómica, xogos tradicionais, un concurso de viño Albariño e máis proxeccións de cine coas películas *María do Mar* e *Inés de Castro* de Leitao de Barros.

O sábado 12 celebrarase o Día do Concello de Arcos de Valdevez. Terá lugar un concurso canino, unha rota ecuestre luso-galaica e unha mostra gastronómica. As cinco e média da tarde vaise presentar o Sport Clube Melgaçense de fútbol e ás seis proxectarase *Serro dos enforcados*, de Fernando García. O domingo 13, último día de festa, vaise celebrar a feira medieval ás dez da mañán e ás once unha corrida de cabalos "Passo Travado", na Pista hípica de Paço en Roussas. Haberá unha mostra gastronómica á unha da tarde. As catro haberá un concerto de *A Roda* e ás cinco terá lugar o festival folclórico luso-galaico. Ás sete da tarde vaise facer o acto de clausura das festas e a entrega dos prémios.

Durante a Festa da Cultura os actos vanse celebrar ás once da noite os dias da semana e ás dez o sábado e domingo verbenas a cargo de grupos como *Tema*, *Quinta do Bil*, *Cantares de Salto* e *O fiadeiro*, entre outros.♦

Festas gastronómicas

—Festa do bonito en Cervo, Lugo. Primeira fin de semana de Agosto.

—Festa do longueirón en Fisterra. Primeiro domingo de Agosto.

—Festa do mexillón na Illa de Arousa. Primeiro domingo de Agosto.

—Festa do albariño en Cambados. Primeiro domingo de Agosto.

—Festa do pemento de Herbón, Padrón. Primeiro sábado de Agosto.

—Festa do viño do Condado en Salvaterra de Miño, Pontevedra. Primeiro domingo de Agosto.♦

Outras festas

—Romería Vikinga en Catoira o primeiro domingo de Agosto, en torno ás Torres do Oeste, do século XI.

—Festival de Pardiñas en Guitiriz, Lugo, os días 5 e 6 de Agosto. Inclúese na *Feira e festa da Música e da Arte*.

—Festas da Peregrina en Pontevedra, do 13 ao 20 de Agosto.

—Festas en Vigo, xa comezaron o día 30 e rematarán o domingo 13 de Agosto.

—Festas de San Cristobo en Mondoñedo, Lugo, durante a primeira quincena de Agosto.

—Festa de San Mamede en Cabeza de Manzaneda, Poboa de Trives (Ourense) o primeiro domingo de Agosto.

—Festas do Monte de Santa Tegra en A Guarda, durante a segunda semana de Agosto.♦

Dublin. Unha viaxe na noite
MARTIN CODAX,11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50
NARRATIVA
A rata
Andrzej Zaniewski

É especialista nas literaturas celtas

Ramón Sainero

'A fantasia das lendas e os mitos humanizaban a vida das xentes'

■ ÓSCAR LOSADA

Ramón Sainero é profesor universitário de literatura irlandesa e un profundo coñecedor das primitivas literaturas celtas. É autor, entre outras, das obras: "Leyendas celtas en la Literatura irlandesa", "La Huella Celta en España e Irlanda" y "Los grandes Mitos celtas y su influencia en la literatura irlandesa".



As lendas célticas tiveron grande influéncia na literatura europea, ainda que están pouco estudadas. A que cre que é debido esa influéncia e o escaso interese posto no seu estudo?

A temática celta tivo unha grande influéncia desde finais do Século XVIII e a princípios do XIX, conectando co romanticismo. Sabemos que esta idea de mistério, do medieval, dos amores imposíbeis, foi un tema clave no romanticismo. O escocés James McPherson dixo que traducira, ainda que logo se comprobou que non fora asi, a obra do ciclo ossiánico do gaélico primitivo e tivo unha enorme repercusión en todo o mundo. Até recebeu felicitacións do presidente dos USA. No que atinxe ao pouco interese, o problema da temática celta é de identidade cultural e, por outra banda, de identidade política. Os povos teñen medo a outras línguas e a outras culturas e o que tentan para que exista un país forte é uniformizar unha cultura cunha língua.

Cales son as influéncias célticas nas lendas galegas?

Irlanda e Galiza teñen "conexión". A língua celta desapareceu hai moitísimos séculos e asi as semellanzas só podemos rastrexalas moi dificultosamente ao través de escritos en latin, galego ou castelán. Das miñas investigacións si podo dicer que existe co povo céltico británico unha paisaxe, un clima e un xeito de caracter semellantes, que conecta ao ser humán cunha temática. Se vivisen no Sahara, a temática ía ser outra. O verde, a choiva, as brétemas, son un mundo "Mítico" que se presta a relacións, sobor de todo, na forma de ser. Non podemos esquecer os poemas de Pondal onde cita ao mítico heroi irlandés Cuchulainn e á verde Eirin.

Arredor do lume

No mundo celta, é no rural e entre os vellos o substrato onde subsisten os contos e as lendas?

Os anciáns narradores de relatos arredor do lume, rodeados dos seus fillos e netos, transmitian oralmente unha cultura, uns contos e unhas aventuras míticas. Estaban na obriga de facelo, posto que o seu povo atopábase analfabeto. As "leis penais", que se impoñen tras do triunfo de Guillermo sobre Xacobe II, fan que os irlandeses fiquen reducidos a unha semi-escravitude. Proíbeselles aos nenos católicos asistir ao coléxio e por esa causa eran un mundo de analfabetos onde os vellos transmitian xeración tras xeración a sua tradición cultural. Isto perviveu durante séculos, e foi un aspecto moi importante até o S. XVII. Posteriormente esvaeuse a sua trascendéncia, pero ainda estes relatos continuan a ser narrados polos pais aos seus fillos na actualidade.

Ten a lenda do Rei Arturo reminiscéncias célticas? Onde están realmente a sua tumba e o famoso Santo Grial?

É verdade que realmente existen os documentos históricos sobre o rei Arturo. No S. VI Gildas e no ano 800 Nennius, un galés, falaron de Arturo nos seus escritos en latin. A tumba non sabemos a ciéncia certa onde se atopa. En canto ao santo Grial, cando chegan os normandos a Inglaterra hai un trasvase de cultura de Gran Bretaña a Franza e aparece un gran narrador de romances chamado Chrétien de Troyes e por aí xa se orienta que o Santo Grial é unha invención que se basea nun relato primitivo vencellado a certas narracións dos Mabinogion galeses, nos que se puido inspirar De Troyes. Aí temos todo un mundo no que ainda non pescudamos ben, xa que bastante parte da temática gaélica primitiva fica sen traducir. A dificultade da língua gaélica primitiva é enorme (o galés é moito máis doado) e especialistas que se adicasen a iso non habia, posto que os irlandeses tiñan o problema do analfabetismo e os ingleses "pasaban" totalmente do escrito en língua celta.

> 'O mito produce unha grande ilusión cultural no ser humano'.

Ilusión cultural

Ainda que agora témolos noutros formatos, necesitan os povos da presenza na sua cultura de herois invecíbeis?

Posibelmente sexa asi e iso produce unha grande ilusión cultural. O ser humano vive primordialmente de ilusións. Cando as perde, que lle queda na vida?. Esta temática mítica é dunha enorme beleza e emociona aos receptores. Curiosamente, no S. XIX son os protestantes, non os católicos, os que se namoran da cultura celta primitiva e redescúbrenna e traducen os manuscritos. Mesmo moitos deles únense ao movimento revolucionário irlandés como William Butler Yeats e outros.

É o celta un povo eminentemente fabulador?

Coido que todos os povos antigos eran fabuladores e necesitaban mitos nos que crian totalmente. Hai 700 anos a meirande parte da xente cria en meigas e dragóns e tamén na conexión entre o sobrenatural e os humanos. Sair pola noite e atoparse ao heroi Cuchulainn ou a un dragón no meio do campo era unha opción factíbel para eles. Hoxe en dia, neste mundo no que nos estamos a desumanizar e no que nos adicamos a aprender moita matemática, cibernética, etc. e que a parte humana estámola deixando arredada, tendemos a converternos en máis máquinas que homes. Con este sistema de cultura e educativo do mundo occidental tendemos a ser uns humanoides dese xeito, moita xente vive depresiva porque lle falta esa ilusión de viver que, dalgunha maneira, tiñan os devanceiros. A temática de xestas axudáballes, en certo senso, a ter ilusións.

O papel da muller nesas xestas resulta pasivo, sempre esperando a ser resgatado polo heroi de turno...

Habia unhas leis que falaban perfeitamente dos dereitos e deberes da muller no matrimónio, na vida, na herdanza, etc. Centrándonos nas heroinas destas literaturas é curioso que o reino de Camelot afúndese polo adultério de Xenebra, que provoca unha guerra civil en Moordred. Cando Henrique II de Inglaterra invade Irlanda no século XII é porque un rei irlandés o chama por mor da fuxida do seu rival coa sua muller.

Aí temos como é mencionada a muller, que é capaz de provocar guerras civís. A muller oferece a idea de amor, da liberdade de eleicción, o que pasa é que esta liberdade leva á destrucción ó reino... ♦

ALFÓNDIGA
ASADOR
— TAPAS · XAMONERÍA —

Poderá degustar as nosas variadas tapas e deliciosos platos nun ambiente excepcional. O edificio onde se ubica (fundado no século XIV pola nobreza) está catalogado como patrimonio histórico-artístico nacional. Na fachada principal encontranse os escudos de Alfóndiga que viron pasar estos cincocentos anos pola vila de Redondela. Restauramos esta fermosa fachada para que vostede poida distrulalo en compaña da súa familia e amigos. Agardámolo

ISIDORO QUEIMALIÑOS 41 TELF. (986) 40 42 48 REDONDELA
(Detrás do surtidor da Gasolineira)

Presentando este cupón faríanselle un 10% de desconto.
agás sábados e domingos

axenda

Convocatórias

Concurso fotográfico *Camiños de ferro*

A *Fundación de los Ferrocarriles Españoles* convoca o seu décimo concurso fotográfico dotado cun primeiro prémio de 1.000.000 pta., un segundo de 300.000 pta., un prémio especial para xente nova da mesma cuantia, e 10 accesits de 50.000 pta. Tamén farán unha escolma doutras 95 fotografias que receberán 3.500 pta. Cada concursante pode apresentar un máximo de 3 fotos (inéditas e orixinais) dun tamaño que ande entre os 18x24 e os 40x60 cm., relacionadas co ferrocarril e o seu entorno. As obras han de chegar sen nengun soporte e cos dados persoais no dorso. No caso de optar ao prémio de autor xoven, hai que indicar a idade. Admiten envios até o 17 de Novembro na *Fundación de los Ferrocarriles Españoles*. Palacio de Fernán Núñez. Santa Isabel, 44. 28012 Madrid. Maior información no (91) 527 79 94.

Concurso de banda deseñada en Vigo

A Concellaria de Xuventude de Vigo organizou un concurso de banda deseñada co gallo da **Primeira Semana do Cómic de Vigo**, que vai celebrar do 29 de Setemebro ao 5 de Outubro na sala da Zona Franca no Porto de Bouzas. O concurso divídese en duas categorias: Infantil (reservada para menores de 15) e Xeral (de 15 a 30 anos). Admiten traballos inéditos, con técnica libre pero sempre en Branco e Negro e con formato DIN A4. A extensión obrigatória é de 2 páxinas para a categoria infantil e de 4 para a xeral. A entrega ten que ser baixo plica (incluir fotocópia do DNI) e lema, antes do **1 de Setembro** a: Concurso de Cómic da I Semana do Cómic de Vigo. Casa da Xuventude de Vigo. López Mora, 31. 36211 Vigo. Os prémios: na categoria infantil hai un prémio de 25.000 pta., dous de 15.000 pta., outros dous de 10.000 pta., e cinco accésits de 5.000 pta. Na categoria xeral estabelecen tres prémios (100.000, 50.000 e 25.000 pta). Tamén hai un prémio especial de 50.000 pta., para o mellor traballo que trate de Vigo. Maior información no (986) 29 48 06, fax (986) 29 49 34.

Xornadas do ensino

A **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega** xunta **Federación do Ensino da CIG**, teñen previsto realizar as *XIX Xornadas do Ensino* **do 19 ao 22 de Setembro** no Instituto Santo Tomé de Vigo. Para esta edición organizaron un total de dez obradoiros impartidos por **Luis Bará** (*Texto e imaxe da Língua*), **Luis Obelleiro, Bieito Alonso, Francisco Carballo e Pepe Carreiro** (os catro na *Aula de História de Galiza*), **Luis M. Pérez González** (*Obradoiro de actividades meioambientais*), **Xosefa Barreiro García** (*Teatro*), **Xosé Valterra Pérez** (*A etnografia como recurso na educación ambiental*), **Antonio Piñeiro Domínguez** (*Outro xeito de traballar en De. Física*), **Uxia Senlle** (*Música*), **Alfredo García Pinal** (*Audiovisuais*), **Fernando Pol Trigo** (*Informática*) e **Xurxo Pérez Pintos** (*paseos pedagóxicos*). A matrícula para as Xornadas de Vigo (5.000 pta., 3.000 pta. parados e estudantes, e 1.500 sócios da ASPG ou afiliados da CIG) pódese formalizar até o 15 de Setembro nos locais da CIG: Gregório Espino, 47-entrechán. (986) 37 17 00. Tamén hai escolas de vran no mes de Setembro en **Pontevedra** (do 11 ao 15, teléfono 986-85 29 50), **A Coruña** (do 11 ao 15, teléfono 981-27 82 59), **Santiago** (do 18 ao 22, 981-57 58 43), **Ferrol** (do 19 ao 23, 981-35 87 50), **Ourense** (do 18 ao 22, 988-23 31 34), **Ribeira** (do 25 ao 28, 981-87 36 54), **Burela** (do 27 ao 29, 982-58 18 61), **Verin** (25 ao 28, 982-41 10 13) e **Lugo** (do 11 ao 15, 982-22 58 12).

Prémio Vicente Risco

O **Concello de Castro Caldelas** e máis a **Fundación Sotelo Blanco** convocan o ***II Prémio Vicente Risco* de antropoloxia e ciéncias sociais,** dotado con 1.000.000 pta. Poden concorrer todos os que apresenten obras **sobre o ámbeto rural galego** desde o ponto de vista antropolóxico ou das ciéncias sociais (história, economia, socioloxía, etc). Os seus textos, inéditos e orixinais, han de estar en normativa oficial e ter unha extensión que ande entre as 150 e as 300 páxinas, en tamaño fólio a dobre espazo. Para participar hai que apresentar 6 cópias, baixo lema e plica, antes do **31 de Agosto de 1995** na fundación Sotelo Blanco: Apartado de Correos 2.096. 15780 Santiago. Maior información na Fundación: San Marcos s/n. 15820 Santiago. (981) 58 25 71. Ou no Concello de Castro Caldelas: rua do Concello, 1. 32760 Castro Caldelas. (988) 20 30 00/20 33 05.

Prémio de poesia Espiral Maior

Edicións Espiral Maior convoca a sexta edición do seu certame de poesia, cun único prémio sen contia económica que consiste na publicación da obra dentro da colección Espiral Maior de Poesia. Poden concursar autores e autoras menores de 35 anos, sempre que non teñan pubicado ningun libro a título individual. Os traballos terán un mínimo de 400 versos e apresentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica sen remite, e co título da obra acompañado dun lema identificativo. As obras deben de se enviar, **antes do 30 de Setembro**, a Edicións Espiral Maior: Apartado 192. 15080 A Coruña. Calquer dúbida ha ser atendida no (981) 22 85 80.

Votacións para *Prémios Ourense de banda deseñada*

A Casa da Xuventude de Ourense convoca os *Prémios de Banda Deseñada de 1995*, un para o mellor autor ou autora, e outro para a personalidade ou entidade máis relevante na banda deseñada galega. Para elexir este último peden aos afeizoados que envien un cupón con tres votos en orde de preferéncia. Ten que ser antes do 15 de Setembro na Casa da Xuventude: Celso Emílio Ferreiro, 27. 32004 Ourense.

Divulgación feminista

A Asociación de Estudios Históricos sobre a Muller da Universidade de Málaga convoca o **Premio Carmen Burgos** de divulgación no campo da temática feminista. Poden concorrer ao premio os artículos publicados durante o ano 1995 e cunha extensión non superior ás 5.000 palabras. O traballo debe remitirse por quintuplicado antes do **31 de Xaneiro**, en sobre pechado dirixido a "Premio Carmen Burgos" Asociación de Estudios Históricos sobre a Muller, Faculdade de Filosofía e Letras, Campus de Teatinos-29071 Málaga, incluindo dados persoais e curriculum. O premio é de 300.000 pesetas.

Prémio de narración xuvenil

A Fundación Caixa Galicia organiza o IX Premio de Narracións Xuvenís *Rúa Nova*. Poden participar todos os xóvenes que non teñan cumpridos os 18 anos o 1 de abril de 1996. A extensión mínima é de 25 folios mecanografados a doble espácio e a máxima de 125. Os traballos apreséntanse por quintuplicado e faranse constar todos os dados persoais. O prazo de apresentación remata o **1 de marzo de 1996.** Os traballos entréganse na Biblioteca *Nova 33*, Rua Nova nº33-2º, 15705 Santiago; no Apartado de Correos nº 637, 15780 Santiago; ou en calquer oficina de Obras Sociais de Caixa Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago. Para consultar chamar ao (981)58 44 36. O primeiro prémio é de 250.000 pesetas e a publicación do texto na colección Nova 33. Tamén hai un áccesit que conleva a publicación do texto na mesma colección.

Premios de xornalismo

A Xunta de Galicia vén de convocar a IX Edición de premios de xornalismo sobre drogodependencias nas modalidades de prensa escrita, radio e televisión. A data tope de entrega dos traballos é o 31 de Outubro. Pódense consultar as bases na Conselleria de Sanidade ou no teléfono (981) 54 54 00.♦

O trinque

Televisión

A série "La Transición" (Domingod ás 22 h. na TVE-2) revisa o pasado imediato. Con todas as eivas que se queira, amosa as limitacións da democrácia nacida en 1977 e demonstra a utilidade pedagóxica do médio.♦

Anúncios de balde

■ **Coido nenos, persoas maiores e enfermos polas mañás**. Teléfono (986) 29 52 79. Perguntar por Begoña. Vigo.

■ **Gralha nº7**: boletim cultural. Aumenta o número de páxinas. Notícias. *Negu Gorriak*. Seleiçom Galega. Timor Leste. Lexi cografando. Janela da língua... Envio gratuíto. Apartado 678. 32080 Ourense.

■ ***Estám tolos estes espanhois!!!***, dí Obelix, namentras os manda devolta, arrodeado das bandeiras dos paises celtas. Todo iso en camisolas a toda cór. Pedidos por xiro postal de 1.200 pta. a Viaxes Céltigas: Apartado 1.364. 15007 A Corunha.

■ **Véndese estanteria artesana** de 210x240 cm., con seis estantes inclinados e un liso. Ideal para expor cómics ou revistas en calquer quiosque ou libraria ampla. Prezo a negociar. Chamar en horas de oficina ao (986) 22 69 76.

■ **Grande oferta de discos e casetes**. Sr. Baños. (988) 21 05 85. Ourense.

■ ***A Levada*, casa de labranza na beira do Miño**, a 10 km. de Portugal. 45.000 m² de cultivo biolóxico e bosque mesto. Duas piscinas, cabalos e un amplo programa de actividades (corredoirismo, pesca, etc). Reservas e información no (986) 66 64 13 ou 66 63 33.

■ **Véndense canciños fox terrier de pelo duro,** con certificado sanitário. Teléfono (981)36 07 61. Chamar de 11.30 a 14.30, perguntar por Alité.

■ **Oferécese pintor para pisos, portais**, reixas, etc.Tamén limpo fincas. Chamar ao 47 17 03.

■ **Administrativo (Técnico Especialista en Xestión Informática de Empresa)**. Busco traballo na provincia de Pontevedra. Teléfonos 55 45 70 e 55 13 63, perguntar por Xoán Carlos.

■ **A Asociación Cultural Eira Vella agradece** o envío de pegatinas de calquer tema (política, sindical, ecoloxista, língua...) preferentemente relacionados coa Galiza. Apart. de Correos 107, Betanzos.

■ **Vendo *Peugeot 205*** sen intermediários. O bloque motor foi rectificado de a pouco. 160.000 pta. Chamar de 3,30 a 4,30 ao Telf. (986) 46 06 12.

■ **Busco unha persoa da zona de Compostela-Ordes-Coruña, que teña coñecimentos de história**, arte, arqueoloxia, heráldica... para asesorar, de forma altruista, un traballo sobre património rural. Traslado de balde. Perguntar por Manolo no (981)69 56 82.

■ Universitário oferécese para dar **clases de matemáticas ou física** a alumnos de BUP e COU de Compostela ou Coruña. Teléfono (981)20 47 13.

■ **Véndese maquinaria para bar** (cafeteira, botelleiro e lavavasos) en bon estado, xunto ou por separado. Consulte prezos sen compromiso.(986)32 08 37.

■ *Magoia*, **clases de linguaxe musical, gaita e piano** en Vigo. Titulada. (986) 36 05 97.

■ **Danse clases de galego** e fanse traducións ao portugués e ao galego. Diplomado en Língua Portuguesa e estudante de 5º de Filoloxía Galego-Portuguesa con experiéncia.Teléfono(981)25 75 14.

■ **Galiza-Bretaña povos irmáns**, o número 1 xa á venda. Interesados enviar xiro postal de 250 pesetas e máis enderezo a Galiza-Breizh, apartado postal 1176, A Coruña 15080.

■ **Gostas de Portugal?** Defendes a cultura galego-portuguesa? Escrevenos. Maria do Sameiro e António José apartado 228, Braga Codex (Portugal).

■ **Desempregado, 30 anos, oferece-se para camareiro ou similar, qualquer vila do país**. Nom tenho experiência. (981) 27 13 96. Suso.

■ ***Atreu*, a revista das *Juntas Galegas pola Amnistia***, informa pontoalmente sobre a situaçom dos presos e presas independentistas. Solicita informaçom no Apdo. de Correios 875 de Compostela.

■ **Véndese edificio no centro de Vigo, 5 plantas e baixo**. 105 m² por planta. Urxente por causas persoais. (986) 37 06 53.

■ **Vendo ou alugo chalet de 2 plantas máis garaxe, en Asados (Rianxo)**. 2550 m² de terreo. (923) 26 76 57.

■ **Se queres receber gratis o catálogo 94/95 da editorial basca Txalaparta de libros en español**, escrebe a: Manoel Bello Salvado. Rua da Igrexa, 10. 15685 Xanceda-Mesia. A Coruña.

■ **Oferécese rapaza cubana por horas (seráns) para coidar nenos**. Experiéncia e responsabilidade. Damara: (981) 35 02 67.

■ **Francés. Curso intensivo, aulas particulares e traducións. Profesora nativa**, licenciada en filoloxia con ampla experiéncia. Isabel, Casas Reais, 4-2º. Compostela. (981) 57 61 03.

■ **Espalhai a ideia: último disco de *Negu Gorriak*, Meendinho é o tradutor designado**, distribuímos as letras em Galego-Portugês. Envia o teu endereço e um selo de 100 pta. ao apartado 678 de Ourense.

■ **Mércanse cámaras, obxectivos e accesórios Nikon.** (981) 24 93 78.

■ **Alugo piso para o verán en Santiago**. Piso grande e económico a compartir no mes de Xullo e Agosto. Bairro de San Pedro. (981) 56 08 91.

■ **A Levada**, casa de labranza, estamos situados na beira do Miño, a 10 km. de Portugal. Temos unha extensión de 45.000 metros cadrados, adicada ao cultivo biolóxico e a bosque mesto autóctono. Posuimos duas piscinas, temos cabalos e un amplo programa de actividades (corredoirismo, pesca, etc). A Levada: Boa Vista, 15. Albeos-36429. Crecente.

■ **Alugo local de oficinas en Santiago**. Local e salón de reunións. Preferentemente entidades culturais. (981) 58 41 71.

■ **A Associaçom da Língua Artábria tem á venda bandeiras galegas** en teia (tamanho 115x85 cm) a 1.500 pta., e em feltro (15x10 cm) a 400 pta., junto com outro material recolhido num catálogo que podes solicitar ao Apartado 570 do Ferrol.

■ **Alúgase chalé perto da praia de Camposancos** (A Guarda) os meses de verán. (986) 62 70 40.♦

Relacións

■ **Chámome Idalmy Bello Valdés**, teño 28 anos e son licenciada en educación especial. Gosto da praia, ler, cartearme con amigos, escoitar música e do teatro. Desexo intercambiar correspondéncia: Apartado 3.110. zona Postal nº3. 10300 C. Habana. Cuba.♦

Portugal

Exposicións

No Porto:
Arte efémera na paisagem, mostra de espantallos no Parque de Serralves, até o 12 de outubro(07-351-2-617 51 24). **Limiares/Threshold**, dez escultores americanos, até o 20 de Agosto na Fundação Serralves(07-351-2-618 00 57).

En Lisboa:
Imagens e colónias, iconografia e propaganda colonial na África francesa de 1880 a 1962. Até o 21 de Agosto no Museu Nacional de Etnologia (07-351-1-301 52 64). **50 anos do final da Segunda Grande Guerra**, até o 31 de Agosto na Biblioteca Museu República Resistência (07-351-1-774 24 02). **Luis Barragán**, arquitectura até o 30 de Setembro no Centro Cultural Belém (07-351-1-301 96 06). **Trabalhadores de Lisboa**, o Arquivo Fotográfico Municipal expón unha escolma de 60 obras de Joshua Benoil (1878-1932), fotógrafo por libre en várias publicacións da época. Imaxes sociais, retratos de vida diária en Lisboa, ou incluso da monarquia e a instauración da República. O Museo nacional do traxe expón **batiks e cerámica de Maria Helena Pires, pinturas e tapices de Alves Dias e traxes míticos da cultura rexional portuguesa**. Até o **31 de decembro**. Horario de martes a domingo de 10 a 18 horas (07-351-1-759 03 18). **Santo António**, ou o Santo do Meninho Jesus en duas mostras conmemorativas do oitavo centenário. *Santo António, arte e história*, no Museu Nacional de Arte Antiga (07-351-1-396 41 51), e *Santo António, devoção e festa* no Museu de Arte Popular. O Museu Antoniano aproveita a ocasión para reabrir as mostras *O culto antoniano*, *Santo Antoninho*, e *Santo solistical*. E para rematar no Convento Palácio de Mafra expoñen *Santo António, tradição erudita e imaginário popular*. A **idade do bronze em Portugal**, até Decembro no Museu Nacional de Arqueologia (07-351-1-362 00 00). **Um gosto privado. Um olhar público**, doacións ao Museu Nacional de Arqueolgia, até Dezembro (07-351-1-362 00 00). **Do neolítico ao último imperador**. *A perspectiva dun coleccionador de Macau*. Até Setembro no Palácio Nacional de Queluz (07-351-1-435 00 39).

Imaxe do Museu Antoniano.

Teatro

En Lisboa:
Coelho Coelho, de Coline Serreau, encenificación de José Carretas, polo novo Grupo. De Martes a Sábado ás 9,30 da noite, domingos ás 16 h., no Teatro Aberto (07-351-1-797 09 69).♦

Exposicións

Mujeres con papaya, obra de Luis Castro Enjamio.

Memoria Yoruba

O pintor cubano **Luis Castro Enjamio**, expón no Pavillón Botánico *Viveiros e Xardins* (Avenida de Europa, 52. Vigo). Na contra de *Orishas* a denanterior e primeira mostra de Enjamio en Vigo (Agosto de 1993), con cadros pintados en Cuba, *Memoria Yoruba* só comprende pinturas criadas na Galiza. O autor segue a reservar a maior parte da obra a temas afrocubanos e ao ser humano, para o que bota man de várias técnicas. Acuarela, ceras, acrílicos e óleos, son os veículos utilizados. Alfonso Paz-Andrade explica as razóns da mostra "A decisión de invitar a Enjamio a traballar uns meses na terra dos seus devanceiros tomámola guiados por dous sentimentos: un refírese ao interes que despertou en nós o seu traballo; o outro apareceu cando unha espécie de acto de xustiza, ou débeda histórica, parecia exixir un encontro do artista coa terra dos seus ancestros -non esquezamos que Castro Enjamio é bisneto do músico José Castro Chané, autor dunha obra que forma parte do acervo cultural de Galiza-. O froito deste encontro resultou conmovedor: duas culturas en diálogo e tensión loitaron para expresar intensas histórias e evocacións misteriosas e lexendárias nas que albiscan dous universos, dous tempos, duas maneiras de entender o mundo".

Xeración, escola de canteiros

Até o 13 de Agosto na Casa do Coxo de Rianxo, expoñen esculturas de Francisco Lores, Francisco Vaamonde Núñez, Manuel Jesús Coya, Manuel Sancho, Gonzalo Miñán, Moisés Tacón, Xavier Touzeda, César Dapena, Fernando Nantes e Xosé Manuel Pérez.

Peter Scheneider

Fotografia na Sargadelos de Santiago. Até finais de Agosto.

Mestres da pintura galega contemporánea

A galeria Socel de Pontevedra escolleu obra de **Rafael Alonso**, **Barreiro**, **Lugris**, **Pousa**, **Solveira**, **Vidal Souto** e **Carmen Osorio**, para a mostra *Grandes mestres da pintura galega contemporánea*. Pecha o 31 de Agosto.

Novos valores 95

O Teatro Principal de Pontevedra está a expoñer as obras apresentadas ao certame da Deputación *Novos valores 95*.

Arpad Szenes nas colección portuguesas

Mostra aberta no Pazo Provincial de Pontevedra.

Signos e milagres

O Centro Galego da Arte Contemporánea de Santiago organiza até o 20 de Outubro a exposición *Signos e milagres*. A mostra é unha coproducción do CGAC e a Kunsthaus de Zurich e pretende confrontar a tradición representada por Niko Pirosmani, artista do século XIX, coa contemporaneidade a través da obra de 23 artistas internacionais e nacionais. O horario de visita ao CGAC é de martes a sábado de 11 da mañá a 8 da tarde, e os domingos e festivos até as 14 h.

O Traballo dos cesteiros

Ata o 15 de Agosto terá lugar a exposición *O traballo dos cesteiros* na aula de Etnografía de Saians, en Vigo. O horario é de luns, mércores e venres de 10.30 a 13.30 e de 16.30 a 19.30, e os sábados de 10.30 a 14 horas.

Alicia Alonso

No Concello da Guarda até o **5 de Agosto** exposición das obras de Alicia Alonso titulada *25 anos de cores e formas*.

León Rocafull

Pinturas na casa do Concello de Malpica. Até o 31 de Agosto.

Urbe, natura, cosmos

Arquitectos, escultores, fotógrafos e pintores. Dezaseis personalidades do panorama actual, mergullados na dinámica de diversas disciplinas plástico-visuais cun variado rexisto estético, conceptual e xeracional: Fernando Blanco, Manuel Gallego, Pedro de Llano, César Portela, Ignácio Basallo, Fernando Casás, Paco Pestana, Silvério Rivas, Vari Caramés, Xúlio Correa, Xoan Piñón, Manuel Vilariño, Berta Caccamo, Alberto Datas, Antón Lamazares e Xesus Vázquez na Casa da Parra de Santiago até o 13 de Agosto.

Fernando Quesada

Óleos, debuxos e caricaturas, desde as primeiras obras até traballos actuais. Pódese visitar na Aula de Cultura de Caixa Ourense (Ourense).

Artesania en vivo

O Castelo de Vimianzo acolle até Setembro, a mostra *Artesania en vivo* que trata encaixes de Camariñas, o proceso do liño e oleiria. Na exposición participan unha dúcia de artesáns do liño, 8 palilleiras e 3 oleiros de Buño, traballando diante do público de Martes a Domingo de 10,30 a 13 h., e de 16 a 20 h.

Experiéncias Cerámicas de Sargadelos

A Oficina de Turismo de Foz, garda os traballos realizados polos artistas galegos e extranxeiros que participaron nas Experiéncias Cerámicas de Sargadelos.

Do tardogótico ao manierismo

Aberta até o 10 de Setembro na Fundación Barrié de la Maza (A Coruña). Laborábeis de 11,30 a 14,30 e de 18 a 21,30 h., Sábados, Domingos e feirados só de mañá.

Fundos de escultura da Xunta

O Centro Galego de Arte Contemporánea expón obra escultórica pertencente á Xunta. Inclue obra de Paco Pestana, Luís Borrajo, Mon Vasco, Francisco Leiro, Xosé Manuel Castro, Jorge Barbi, Moncho Amigo, Silverio Rivas, Manolo Paz, Fernando Casas, Enrique Velasco, Camilo Otero, Ignacio Basallo e Xurxo Oro Claro. Até Setembro.

Colección Granell

A mellor colección de pintura surrealista da Galiza. Segue aberta até o 31 de Agosto no Museu do Povo Galego (Santiago). De 10 a 13 e de 16 a 19 h, pecha Domingos e festivos.♦

MANUEL SENDON

Música

Volta o revoltallo

O **Centro Veciñal e Cultural de Valadares** (Vigo) organiza por segundo ano consecutivo o **Revoltallo de música emerxente "O teu gozo no Monte dos Pozos"**. Será **do 14 ao 21 de Agosto** no Monte dos Pozos, con actuacións diárias e cunha série de actividades complementárias: feira de música, mostra de vídeos, cinema, cursos, etc. (Ver *Lecer*, neste número).

Festival de Zas

O Sábado 5 na carballeira de Zas. Actuan **Calimbornio**, o duo formado por **Pat Kilbride** e **John Whelan**, a **Brigada Víctor Jara** e **Llan de Cubel**.

Fia na roca

Concerto folk en Carballo, o Venres 11.

Concertos en Castrelos

O programa das Festas de Vigo, comprende unha série de actuacións :
O Xoves 3 ás 11 da noite, **Siniestro Total** (entrada 500 pta); o Venres 4 á mesma hora, **Joaquín Cortés** (entrada 1.000 pta); o Sábado 5, tamén ás 11, **El Consorcio** (entrada 1.000 pta); e o Luns 7 ás 10,30 da noite, tres concertos baixo o título *Soio elas*: **Luz Casal**, **Stupendams** e **Mercedes Ferrer** (entrada 500 pta).

Festival folk de Santo Estevo

O concello de Nogueira de Ramuin organiza os Domingos 13 e 20 de Agosto, un festival folk no Mosteiro de Santo Estebo de Ribas do Sil. O dia 13 actuan **Xeque Mate** (Ourense), **La Musgaña** (Vigo) e **Fol de Niu** (Vigo). Para o dia 20, contan con **Alecrin** (Ourense), **Dhais** (Santiago) e os escoceses **Tannahill Weavers**. O festival tamén oferece unha **mostra** de réplicas dos **instrumentos do Pórtico do Paraiso da Catedral de Ourense**, e **cursos de palletas e pallóns, zanfona, pandeireta, gaita, violin e percusión**. Para se inscreber hai que chamar ao departamento de cultura da Deputación de Ourense: (988) 38 51 00.

Festas de Pontevedra

Iste ano actuan **Rosario** (Martes 8), **Milladoiro** (Domingo 13) e **Mike Oldfield** (Domingo 24). O programa tamén inclue concertos de **Manuel Sirera**, **El Consorcio** e **Los Enemigos**.

Festival de Pardiñas

A Asociación Cultural *Xermolos* organiza en Guitiriz (Lugo) os dias **5 e 6 de Agosto** a Festa da Música e da Arte. O sábado 5 actuan ***Brende-Folk*** e ***Os Caruchos***, de Galicia, ***Txanbela***, de Euskadi, e ***Chekeré***, de Cuba. O domingo 6 de agosto haberá un festival con ***Chouteira*** e ***Yellow Pixoliñas***, de Galicia, ***Brigada Víctor Jara***, de Portugal, e ***Aitzindar***, de Navarra.

Los Planetas

Na Iguana de Vigo o dia 11 de Agosto ás 12 e meia da noite. As entradas son a 800 ptas. (venda anticipada) e a 1000 ptas se se recolle en taquilla.

Alecrin.

Tasmanian Devils

A Iguana de Vigo oferece todos os Mércores ás 12 da noite, un concerto dos Tasmanian Devils.

En Allariz

Os ***Killer Barbies*** de Vigo e ***Mitocondrias*** na Praza de Abastos o 4 de Agosto ás 24 horas.♦

Cinema

Cinema na rua en Pontevedra

A Asociación Topo Films organiza por décima vez sesións de cinema na rua. As proxeccións comezaron o Martes 1, pero ainda quedan no programa **Catro bodas e un funeral** (Xoves 3), **Rapa Nui** (Vernes 4) e **Forrest Gump** (Sábado 5). Todas ás 11 da noite na Praza do Teucro.

Máis cinema na rúa en Monforte e Quiroga

Tódos os Mércores de Agosto ás 23.00 horas na Praza de España de Monforte, e todos os Martes á mesma hora en Quiroga (Lugo).♦

Teatro

Festival do emigrante

O grupo **Arco da Vella** artella o unha série de actuacións de compañias de Malásia e Panamá, para o Sábado 5 de Agosto no campo de futbol de San Miguel de Reinante.

Os Quinquilláns

O 3 de Agosto (Xoves) ás 12 h. en Ribeira coa obra *Tacatá*. O dia 11, venres, ás 19 horas en Camariñas e o 15 de Agosto, Martes, ás 13 h. e 20,30 h. en Monforte de Lemos, porán *As viaxes Fantásticas*.♦

Páxinas coordenadas por
IAGO LUCA

O escudo de Galiza,
deseñado por Castelao,
en insígnia.

Solicita a cantidade
que desexes ao teléfono
(986) 43 38 30 ou ben ao apartado
1371 36200 de Vigo.

Envia o importe total en selos de correos

P.V. P. 200 PTA UNIDADE

Director: Alfonso Eiré López
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.
Impreso en papel reciclado *Greenrecy-50* de 60 g/m² de *Green and Paper.*

A NOSA TERRA

Rua do Príncipe, 22, planta baixa
Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XVIII • 3 DE AGOSTO • 1995

Nº 685

Caterine Elías, unha *dialéctica* de once anos

'Todos os nenos cubanos somos revolucionários e non imos rendirnos'

■ **GONZALO VILAS**

Chámase Caterine Elías, é cubana, da localidade de Frank Pais, na província de Holguin, e está na Galiza por mor dun intercámbio organizado polo consulado cubano e o concello de Compostela. É unha *dialéctica* de once anos que resposta a esta entrevista cunha mistura de inxenuidade e de convicción revolucionária onde a palabra solidariedade ten calado a fondo.

Como soubeches que ias vir á Galiza?

A notícia chegou a meados do curso; habia unha viaxe a España para o noso concello, para a mellor escola e para o aluno máis aventaxado. Os xuices foron tres profesores, que expuxeron a síntese biográfica de cada quen e sacaron aos alunos para o corredor para elixir a quen mellor representaba ao município, e sain eleita eu.

Sabias a que parte do Estado ias vir?

Non, en princípio dixeron que iamos a Astúrias, pero despois fumos á Habana e dixéronnos que víñamos á Galiza.

Explicáronvos cal é a razón da viaxe, se era unha iniciativa por solidariedade? Que idea tes ti da solidariedade?

Solidariedade: é unha axuda mútua entre Cuba e España; é dicer, que España axuda a Cuba, porque Cuba está a atravesar uns momentos ben difíceis e precisa apoio, e España estalle a dar o mellor posíbel e o mellor que pode.

E iso, aprendíchelo aqui ou alá?

Alá.

Como crias que seria o sítio onde ias viaxar?

Dixéronnos que viñamos para a capital da Galiza, que habia moitos monumentos, indicáronnos onde estaba a parte máis antiga, con construcións de antes, e asegurároннos que era a cidade máis bonita e que ali estaba concentrado todo, por algo era a capital. Entón xa eu me viña facendo unha idea ou algo asi do que era...

Pero, aparte da cidade, como imaxinabas que era o ambiente de aqui, como era a xente?

Pensaba que ia vir á casa de xente rica, non?, pero ao chegar atopeime cunhas persoas coma min, da mesma categoria, e pareceume algo fantástico.

Daquela pensabas que ian ser distintos a ti, con outra forma de pensar?

Si, que eran xentes burguesas, pero entón non...

Logo non hai burgueses en Cuba?

Non, en Cuba somos todos iguais...

Ao chegar que foi o que máis chamou a tua atención, algunha cousa que non coñecias, as tendas...?

A xente foi o que máis me chamou a atención, para eles éramos 'os nenos de Cuba...' e todo se volvia en ser solidários con nós.

Ao ir de paseo e ver cousas nas tendas e recibir regalos, que te pareceu, era algo novo para ti?

Era como imaxinaba, este é un país máis desenvolvido e daquela non ia ser como en Cuba.

E logo non te surprendeu moito?



GONZALO

Non, gostei de que me regalasen cousas bonitas, porque non as tiña, pero non... non lle atopo..., non sei como dicelo, non viñen co interese de que me regalaran nada, viñen co interese de coñecer cousas doutro país, ter relacións...

Imaxinabas á xente asi ou diferente?

Pensaba que ia ser diferente, pero é case igual a Cuba, todo o mundo se relaciona... polo menos conmigo..., e son boas persoas, amábeis. Si, pensei que serian máis secas, máis elevadas, pero son persoas que conversan, son normais. Desque cheguei aqui todo foi de maravilla!

Ao chegar á Galiza, sabias que era un país distinto ou te enteraches logo de que se fala outro idioma?

Falas do *galego*. Non sabia nada. Agora entendo o *galego*, pero non sei falalo. Sei dicer *ali*, *muller* e millóns de palabras!

Seica no Ferrol perguntaches quen estaba subido nun cabalo, nunha estátua, xa o sabes?

Si, Franco. Dixéronme que fora un ditador, un *desgrasiaado*... igual que todos os que pasaron por Cuba até o trunfo da revolución.

Logo ti es unha revolucionária, non si?

Eu, claro!

Igual que todos os nenos cubanos?

Todos.

E viches a Fidel en persoa ou pola tele?

Si, pola tele, cada vez que fala ali estou.

Góstache como fala ou o que di?

Encántame.

Pero escóitalo porque mandan teus pais ou alguén?

Non, escóitoo porque quero, porque gosto de oilo falar, as expresións que usa...

E, falando de política, que cres que vai pasar en Cuba, como serán cando medres, será como agora?

Si, coido que debe ser..., non creo que nengun de nós nos rindamos.

Sabes quen governa España, como é a política aqui?

Aqui hai algo distinto a Cuba... hai reis, e hai príncipes, asi que... é estraño, porque tamén hai presidente...

E que queres ser de maior?

Quero estudar Direito, encántame, góstame moito falar, explicar, discutir, darlle unha volta a todo. Porque hai que dicer moitas cousas, e iso é o que me gosta a min.

Gostaríache despois traballar ou estudar aqui, ainda que fodr por un tempo?

Ah si, un ano ou dous, pero non sei, porque á miña *mamá* non quero deixala.♦

TRES EN RAIA

Os comandos do castellano

■ **G. LUCA DE TENA**

De que está a falar Aznar cando aposta pola *primacia constitucional* do Español? De repintar a Carta do 78 para que volva a *Língua do Império.*

Como a operación de vestir o cabalo imperial con xaez democrático pode acabar con máis couces que unha rapa, o líder do PP fala de potenciar o castellano no ensino e na *proxección global.* O Império era sinónimo de infanteria de pica e alabarda e Aznar repinta a idea de Nebrija de *forza de intervención rápida de España.* A mesma concepción de *Force de Frappe,* coa que De Gaulle disimulou a desfeita do exército colonial francés, que Aznar admira en Mururoa.

Cal será a primeira intervención dos comandos lingüísticos de Aznar? En Latinoamérica a cooperacion cultural española consiste en venderlles armas aos netos de Somoza a prezo de ouro, mentres florecen as institucións de cultura italiana e francesa. Esta política vailles de vento en popa desde os tempos de Franco, ou sexa, de Fraga e de Aznar. Os comandos ultramarinos españois son de intervención lenta e segura e teñen pouco que ver coa cultura escrita.

Asi que a *forza de intervención* será para dentro, porque como recordaba Valle Inclán, aqui as fazañas bélicas sempre se gañaron contra os que non teñen para zapatos. *Primacia constitucional* quer dicer no dialecto aznariano que se procurará meter baixo o zapato a garantia de *especial respeito e protección* que a Lei fundamental promete para as outras culturas e para o pluralismo linguistico (artigos 3 e 20).

Clinton defendeu hai dias a campaña de *discriminación positiva* para compensar o bárbaro sometimento dos negros durante anos e achegalos á igualdade de oportunidades constitucional que o lastre histórico converte en utopia. Aznar, ou sexa, Fraga, anúncia a *forza de intervención* contra o galego, resistente a un maltrato secular e metido no saco das línguas de segunda no nome da *primacia constitucional* que ven.♦

VOLVER AO REGO

En menos dunha década, a Vigo fundíronlle os estaleiros, a conserva, os fletaneiros, o plano de saneamento urbano, a pesca do sahariano, a segunda circunvalación, os faros, os traballadores de Álvarez e as emisoras costeiras, entre outras. O recén chegado alcalde do PP levanta os brazos alporizado e di que o da rebaixa do Celta non é para tanto barullo.♦